

# Plan de Internacionalización 2024-2026

da Universidade  
de Santiago de Compostela



ALONSO III. DE FONSECA  
1534

# Índice

4

## 1

INTRODUCCIÓN

10

## 2

A INTERNACIONALIZACIÓN DAS UNIVERSIDADES: UNHA ESTRATEXIA NECESARIA, GLOBAL E TRANSVERSAL

14

## 3

DIAGNOSE DE SITUACIÓN DA INTERNACIONALIZACIÓN NA USC

3.1 A proxección e visibilización internacional 16

3.2 A mobilidade universitaria 20

3.3 A atracción de estudantado e PDI estranxeiro 32

3.4 A internacionalización da oferta docente 38

3.5 Os proxectos de investigación, innovación educativa e cooperación territorial 44

3.6 O desenvolvemento do modelo de internacionalización na casa 50

3.7 Análise DAFO 52

3.8 Conclusións 56

62

## 4

OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN 2024-2026

64

## 5

LIÑAS ESTRATÉXICAS DO PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN

1 Impulso á coordinación e consolidación de estruturas, recursos e procesos de xestión eficiente da internacionalización 68

2 Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade 82

3 Fomento da internacionalización da docencia e da investigación 102

4 Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual 126

5 Reforzo da internacionalización na casa 144

156

## 6

COORDINACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN 2024-2026

158

## 7

ANEXO I: COMPOSICIÓN DO GRUPO DE TRABALLO PARA A ELABORACIÓN DO BORRADOR DO PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN 2024-2026

162

## 9

ANEXO III: INDICADORES PARA A OBTENCIÓN DE FINANCIAMENTO ADICIONAL CONDICIONADO

160

## 8

ANEXO II: COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE INTERNACIONALIZACIÓN DELEGADA DO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

166

## 10

ANEXO IV: ÍNDICE DE TÁBOAS E GRÁFICAS

# 1 Introducción



**E**n concordancia coa súa vocación de universidade aberta ao mundo e coa finalidade de contribuír á mellora da calidade do seu ensino, investigación e servizos, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) formula o presente **Plan de Internacionalización 2024-2026**, como resultado dun proceso de elaboración conxunta no seo das súas estruturas de goberno e xestión e enriquecido cos comentarios e achegas de toda a comunidade universitaria a través da celebración de reunións sectoriais e dun proceso de información e consulta pública.

O borrador inicial deste Plan de Internacionalización 2024-2026 elaborouse durante o primeiro semestre de 2023 no marco dun Grupo de Traballo (ver composición en ANEXO I) no que se abordou a identificación e concreción dos obxectivos e das liñas estratéxicas do documento. Este primeiro borrador completouse coa contribución dos/as representantes da comunidade universitaria que integran a Comisión de Internacionalización delegada do Claustro da USC (ver composición en ANEXO II), constituída o 15 de xuño de 2023. En paralelo ao traballo realizado en colaboración con ambos os dous grupos, desde a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización mantivéronse reunións de presentación do Plan con distintos colectivos da comunidade universitaria (Colexio de Decanos/as e Directores/as de Centro, Consello do Estudantado, representantes do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) no Consello de Goberno, representantes

dos/as directores/as de departamento no Consello de Goberno, dirección da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) e dirección do Centro de Estudos Propios (CEP)). Así mesmo, solicitáronse achegas ás persoas que ocuparon as vicerreitorías con competencias en materia de internacionalización durante o período de implantación e execución do Plan de Internacionalización 2017-2020.

Tras esta etapa de elaboración conxunta do borrador de Plan de Internacionalización 2024-2026, o documento resultante someteuse a un período de información pública, permitindo así a aportación de achegas por parte de toda a comunidade universitaria.

Este Plan recolle na súa concepción a esencia do **Plan Estratéxico de Internacionalización da Universidade de Santiago de Compostela 2017-2020**, documento que estableceu as directrices para o impulso dunha estratexia internacional baseada nos piares da misión institucional e académica da Universidade. A súa execución, afectada pola irrupción da crise da Covid-19, formula o reto, asumido por este Plan de Internacionalización 2024-2026, de afondar nos fitos non acadados e aprehender e proxectar o avanzado desde a elaboración do plan predecesor, adaptando os obxectivos e accións ao contexto actual. Neste propósito, adquire especial importancia capitalizar a experiencia adquirida durante a pandemia e dar resposta a desafíos clave no horizonte de transformación ao que se enfrontan as

universidades. Entre estes desafíos están a crecente dixitalización da educación, a modernización dos procesos de ensino e aprendizaxe, a posta en valor da investigación e da mobilidade no proceso de formación de persoal e estudantado, a revalorización das alianzas estratégicas internacionais, a revisión de estruturas organizacionais e a redefinición de roles nun contexto de inevitable conversión das universidades en organizacións máis dinámicas e flexibles dentro dunha sociedade cada vez máis globalizada.

Ao cumprimento destes desafíos cómpre engadir a necesidade de dar continuidade e consolidar os logros e prioridades establecidos no seu momento na Unión Europea (UE) no marco do [Espazo Europeo de Educación Superior \(EEES\)](#) (Declaración de Bolonia de 1999), do [Espazo Europeo de Investigación \(EEI\)](#) (2000) e do [Espazo Europeo de Educación \(EEE\)](#) (2017), iniciativas interconectadas que buscan mellorar a cooperación interinstitucional e a calidade da educación superior, da investigación e da innovación en Europa, sentando as bases para unha axenda da educación e da formación converxente no ámbito europeo. Neste contexto, a iniciativa *Universidades Europeas*, na que a USC participa a través do consorcio EUniWell desde xaneiro de 2023 (ver detalle na acción 3.7 do presente Plan), convértese en eixo fundamental referendando o valor das universidades como impulsoras das prioridades definidas pola UE para os vindeiros anos.

Asumindo as premisas anteriores, este Plan reflicte no desenvolvemento das súas propostas os obxectivos que se establecen na [Programación Plurianual 2023-2026](#) (páxinas 29-34) aprobada polo Consello Social da Universidade o 29 de decembro de 2022. Secunda, así, a misión de fortalecer o posicionamento e visibilidade internacional da USC, de potenciar a internacionalización da docencia e da investigación, de reforzar a mobilidade e a internacionalización na casa e de apostar pola transversalidade como eixo fundamental do concepto de internacionalización da Universidade.

O Plan de Internacionalización da USC cumpre, así mesmo, coas principais **directrices** e liñas de evolución marcadas polas políticas **autónomas, estatais e europeas** relativas á educación superior, que se resumen a continuación:

- >> Os [Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela](#) (2014) establecen no seu Artigo 4 as funcións da Universidade, mencionando que, para o seu mellor desenvolvemento, "a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural. Atenderá dun xeito preferente ás que realicen o seu labor en países de cultura galego-portuguesa, hispano-americana e europea". As bases que sosteñen o establecemento de vínculos na contorna internacional recóllense, non obstante, en referencias diversas ao longo do texto normativo, nas que se prevé, entre outras, a posibilidade da Universidade de contratar persoal docente e investigador (PDI) estranxeiro (Arts. 12, 27 e 29), de contar con colaboracións externas (Disposición Adicional Primeira) ou de celebrar contratos (Art. 145) e de asinar convenios (Arts. 29, 81 e 85) con outras universidades e entidades públicas ou privadas. O Artigo 51 dos Estatutos recolle, así mesmo, entre as funcións das facultades e escolas da USC, a promoción dos programas de intercambio.
- >> A través dunha diagnose do Sistema Universitario de Galicia (SUG), o [Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026](#) (PGFU) afonda na situación da internacionalización das universidades galegas, ampliando a súa definición coa incorporación da dimensión internacional, non só en relación co estudantado, senón tamén no que concirne ao recrutamento de persoal, á xestión da investigación e aos procedementos administrativos. O PGFU analiza a importancia da "internacionalización e a mobilidade", argumentando que, mentres que a mobilidade xeográfica é un factor clave en cuestións como a mellora da inserción laboral, a internacionalización permítelles ás universidades mellorar a súa calidade docente e investigadora e converterse en referentes mundiais. A análise elaborada polo PGFU propón, entre as accións de mellora da internacionalización das universidades, incentivar a presenza de estudantado estranxeiro en grao e máster, o deseño de programas de captación de alumnado de grao, máster e doutoramento,

especialmente de América Latina, a actualización da oferta académica, o incremento da docencia en inglés, a contratación de profesorado estranxeiro e a participación na iniciativa *Universidades Europeas* da Comisión Europea.

- >> En decembro de 2022 o Consello da Xunta aprobou a [Estratexia Retorna 2023-2026](#) (ERG2026), que duplica en orzamento e medidas á súa predecesora, a Estratexia Retorna 2020. A ERG2026 ten como finalidade consolidar as políticas de retorno, abrindo novas posibilidades para potenciar o apoio ao emprendemento e ao autoemprego entre persoas retornadas. Esta Estratexia estrutura as medidas de apoio en diferentes áreas, entre elas a área educativa, na que se recollen obxectivos específicos con foco nos/as galegos/as con formación universitaria que residen no exterior. Entre as medidas propostas inclúense as seguintes: accións de información e orientación ás familias; axudas para a realización de estudos universitarios, por exemplo, as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME) para a realización de estudos de máster no SUG ou as axudas a persoas tituladas en situación de desemprego ou afectadas por circunstancias sobrevidas; actividades formativas e de capacitación, como a formación en lingua galega; e incentivos á captación de persoal investigador, a través de axudas predoutorais, ou á contratación de persoal altamente cualificado.
- >> A Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) aprobou na súa Asemblea Xeral do 26 de xaneiro de 2021 o documento [Universidade 2030](#), que abre unha reflexión sobre o modelo de universidade do que debe dotarse o Sistema Universitario Español (SUE) ante o Horizonte 2030. O documento aborda a importancia de apoiar a internacionalización dos campus, facilitando a incorporación de estudantes procedentes doutros países e sistemas universitarios e apostando por unha ampla mobilidade. Así mesmo, sinala a necesidade de incorporar a dimensión social á mobilidade mediante un réxime académico e económico suficiente e adecuado, promovendo ademais a cooperación e o voluntariado internacionais

como actividades de valor engadido. No mesmo documento, ponse de relevo que os consorcios con universidades de todo o mundo, incluídos os promovidos pola UE a través da súa iniciativa *Universidades Europeas*, xeran un entorno óptimo para a internacionalización da ciencia e da educación superior.

- >> A Coordinadora de Representantes de Estudiantes de Universidades Públicas (CREUP) aprobou na súa 72ª Asemblea Xeral, celebrada entre os días 24 e 26 de novembro de 2022, o documento [Posicionamento sobre a internacionalización e a mobilidade do Sistema de Educación Superior en España](#), que recolle unha breve análise do proceso de adaptación das universidades españolas ás directrices marcadas pola Declaración de Bolonia de 1999 e da súa integración no EEES. Desenvolve, a continuación, o posicionamento específico da CREUP ao redor daqueles elementos e fitos centrais nos procesos de internacionalización na actualidade, trasladando a importancia da participación do estudantado no proceso de deseño e implantación das estratexias de internacionalización. Do posicionamento da CREUP extráense unha serie de propostas argumentadas, tales como: a necesidade de promover unha cooperación baseada na multiculturalidade e o multilingüismo e unha internacionalización inclusiva con foco en colectivos vulnerables; o apoio á implantación de títulos europeos e de microcredenciais como elementos ao servizo de sistemas educativos máis accesibles e inclusivos centrados no estudantado; a posta en valor e o fomento da participación en programas de mobilidade apoiados nun financiamento adecuado e en mecanismos que a fagan accesible a todo o estudantado, reducindo a súa carga burocrática e administrativa; e a aposta pola mobilidade verde e a dixitalización como medidas de necesaria transición ecolóxica.
- >> A [Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario](#) (LOSU) dedica o seu Título VII á internacionalización do sistema universitario (Arts. 23-30), instando ás universidades ao fomento da internacionalización da docencia, da investigación, da transferencia e o inter-

cambio de coñecemento, da formación e dos seus plans de estudo, así como do seu persoal e todas as súas actividades. Inclúe como accións clave nas estratexias de internacionalización das universidades as seguintes: a creación e participación en alianzas interuniversitarias, a participación en proxectos internacionais, supranacionais ou eurorrexionais con foco na docencia e na investigación; a internacionalización da oferta académica mediante a creación de titulacións conxuntas e a incorporación do uso de linguas estranxeiras ás mesmas; o fomento da mobilidade de estudantado, de PDI e de PTXAS e a atracción de talento internacional. A LOSU determina que as universidades deben elaborar as súas propias estratexias ou plans de internacionalización, tomando en consideración os obxectivos que se establezan na Estratexia de Internacionalización do Sistema Universitario, que deberá ser consensuada e aprobada polo Goberno, as comunidades autónomas e as universidades. A implantación dos plans de internacionalización constituirá un criterio para o financiamento por obxectivos establecido no Artigo 56 da propia Lei.

>> Con data de 30 de setembro de 2020, a [Comisión Europea publicou unha Comunicación relativa á consecución do Espazo Europeo de Educación de aquí a 2025](#), na que se incide no dereito de toda a cidadanía a unha educación, formación e aprendizaxe permanentes, inclusivas e de calidade. A este respecto, destaca a importancia da cooperación na contorna internacional para o enriquecemento da calidade, da inclusión e da dimensión dixital e ecolóxica dos sistemas educativos dos estados membros da UE, reforzando así o EEES. No eido da internacionalización, o documento apela a unha cooperación entre institucións de ensino superior máis estreita e profunda, transnacional e transfronteiriza. Neste marco de cooperación cómpre seguir aprofundando no proceso de Boloña, propiciando o desenvolvemento de titulacións conxuntas e aproveitando as experiencias da iniciativa *Universidades Europeas* no proceso de internacionalización e de incremento do atractivo e competitividade mundial das universidades de Europa. Esta Comunicación recoñece o


valor engadido da mobilidade na consecución do EEES e pon de relevo o compromiso da UE coa ampliación da dimensión internacional do programa Erasmus+ 2021-2027.

>> Na mesma data do 30 de setembro de 2020, a Comisión Europea publicou outra Comunicación relativa á adopción dun [Plan de Acción de Educación Dixital 2021-2027](#) coa finalidade de apoiar unha adaptación sustentable e eficaz dos sistemas de educación e formación dos estados membros da UE á era dixital. Para acadar estes obxectivos, o Plan establece dous ámbitos prioritarios: o fomento do desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento e a mellora das competencias e capacidades dixitais para a transformación dixital. Educación dixital e internacionalización amósanse estreitamente relacionadas, téndose en conta neste Plan o potencial das iniciativas de educación dixital para fortalecer as relacións entre os estados membros da UE e destes con terceiros países. Xustifícase a importancia de contar cun ecosistema dixital educativo aberto e de alta calidade para poder atraer a excelencia e incrementar así a competitividade global das universidades a través do talento e a innovación.

>> O 18 de xaneiro de 2022, a Comisión Europea lanzou un novo paquete de iniciativas para a educación superior, incluída a [Estratexia Europea para as Universidades](#) e a [Recomendación relativa á construción de pontes para unha cooperación europea eficaz en materia de educación superior](#), que constitúen unha proposta aos estados membros sobre como fomentar a colaboración transnacional. Mentres que a Estratexia traslada unha visión xeral para a transformación do sector da educación superior en toda Europa, a Recomendación é un primeiro paso dun enfoque gradual para aprofundar na cooperación transnacional por medio de actividades, programas e titulacións conxuntas, incluíndo propostas específicas referidas á mobilidade. Os catro ámbitos prioritarios da estratexia son: o reforzo da dimensión europea da educación superior e a investigación; a consolidación das universidades como principais puntos de pro-

moción do “modo de vida europeo”; a capacitación das universidades como axentes clave do cambio nas transicións verde e dixital; e o impulso ás universidades como motores de transformación na UE e na contorna mundial. A Recomendación avoga, así mesmo, pola creación de campus interuniversitarios europeos, onde o estudantado e o PDI de toda Europa poida beneficiarse dunha mobilidade eficiente; a consecución dun estatuto xurídico para as alianzas de institucións de educación superior, que lles permita poñer en común os seus recursos; a implantación dun título europeo conxunto para recoñecer o valor das experiencias transnacionais nas cualificacións de educación e reducir a burocracia para a realización de programas conxuntos; e o impulso ao carné europeo de estudante, co fin de facilitar a mobilidade.

As recomendacións e directrices que emanan, entre outros, dos documentos citados nos parágrafos anteriores, xunto coa bagaxe adquirida pola USC ao longo da última década no ámbito da internacionalización constitúen a base das propostas que integran o presente Plan. ■



## 2

# A internacionalización das universidades: unha estratexia necesaria, global e transversal



Coa finalidade de entender o concepto de internacionalización aplicado ás institucións de educación superior e a súa evolución, cómpre remitirse ao ano 1994, cando a profesora canadense Jane Knight<sup>1</sup> define a internacionalización como “*the process of integrating an international dimension into the teaching/learning, research and service functions of a university or college. An international dimension means a perspective, activity or service which introduces or integrates an international/intercultural/global outlook into the major functions of an institution of higher education*” (1994: 3)<sup>2</sup>. Posteriormente, en 2003<sup>3</sup>, esta autora redefine a internacionalización a partir das suxestións de Hans de Wit<sup>4</sup> (2002) propoñendo un novo concepto enfocado ao proceso e aos cambios, no que a internacionalización vai máis alá da simple realización

de actividades no ámbito internacional. Segundo esta nova concepción, a internacionalización non é un conxunto de actividades illadas, senón que responde a un proceso dinámico de reacción ás realidades cambiantes que se identifican na contorna nacional, sectorial e institucional. Máis recentemente, Hans de Wit en 2019<sup>5</sup> achega unha definición actualizada do concepto de internacionalización, que apela a unha comprensión máis ampla da natureza e misión da internacionalización cun enfoque máis global e integrador: “*Internationalization needs to evolve into a more comprehensive, more intentional, and less elitist (for all students and staff) process, less focused on mobility and less economically driven, with the goal to enhance the quality of education and research and make a meaningful contribution to society*” (2019: 3)<sup>6</sup>.

<sup>1</sup> Knight, Jane (1994). *Internationalization: Elements and Checkpoints*. Ottawa: Canadian Bureau for International Education.

<sup>2</sup> [...] o proceso de integrar unha dimensión internacional nas funcións de ensino/aprendizaxe, investigación e servizo dunha universidade ou facultade. Unha dimensión internacional significa unha perspectiva, actividade ou servizo que introduce ou integra unha visión internacional/intercultural/global nas funcións principais dunha institución de educación superior.”

<sup>3</sup> Knight, Jane (2003). Updated Definition of Internationalization. *International Higher Education* 33: 2-3.

<sup>4</sup> de Wit, Hans (2002). *Internationalisation of Higher Education in the United States of America and Europe: A Historical, Comparative, and Conceptual Analysis*. Westport, CT: Greenwood Press.

<sup>5</sup> de Wit, Hans (2019). Internationalization in Higher Education, a Critical Review. *SFU Educational Review* 12(3): 9-17.

<sup>6</sup> “A internacionalización necesita evolucionar cara un proceso máis global, máis intencionado e menos elitista (para todo o estudiantado e persoal), menos centrado na mobilidade e menos condicionado economicamente, co obxectivo de mellorar a calidade da educación e da investigación e facer unha contribución significativa á sociedade”.

Actuar en clave internacional é compatible coa función e compromiso das universidades co desenvolvemento da súa contorna local e resulta necesario para potenciar o atractivo das institucións nun contexto global de competición pola atracción de talento docente, investigador e estudiantil. As universidades deben afrontar a dualidade local-global garantindo a confluencia e equilibrio do seu compromiso na contorna local coa súa función de busca de solucións aos grandes retos globais da sociedade. É preciso entender a internacionalización como un proceso que contribúe á mellora da educación e da aprendizaxe, impactando positivamente nas misións de formación, investigación, transferencia de coñecemento e responsabilidade social que deben cumprir as universidades. A internacionalización transcende así o concepto de mobilidade, tradicionalmente un dos piares das estratexias de proxección internacional, e afecta a todos os eidos de traballo e xeración de coñecemento das universidades: a docencia, a investigación e a administración. Na senda evolutiva da noción de internacionalización, cómpre considerar a relevancia do proceso de transformación dixital ao que se enfrontan as institucións de educación superior, non só como un reto, senón como un factor e unha ferramenta de impulso ás estratexias de internacionalización.

No contexto global actual, a internacionalización eríxese nun distintivo cada vez máis relevante para as universidades, converténdose en valor intanxible asociado á súa reputación e estándares de excelencia. Máis alá de impulsar a presenza nos principais ránkings de educación superior, a internacionalización tradúcese nun signo de identidade que reverte directamente na atracción de talento e recursos cara a propia institución. Na procura deste distintivo, as universidades deben concentrar esforzos en proxectar a súa oferta educativa cara ao exterior, ao mesmo tempo que asumen a misión de preparar o seu estudiantado para facer fronte aos desafíos

dunha sociedade cada vez máis complexa e globalizada, incrementando o seu potencial de empregabilidade e dotando de competencias internacionais e interculturais tanto ao seu estudiantado como ao seu PDI e PTXAS.

Este enfoque aglutinador do concepto de internacionalización esixe que as estratexias de internacionalización das institucións de educación superior non se limiten unicamente a acadar un mellor posicionamento no escenario internacional, senón que deben fixar como obxectivo prioritario a integración da dimensión internacional e intercultural na súa misión institucional, situando a internacionalización como eixo transversal de toda a actividade universitaria. A transversalidade da internacionalización debe abordarse en consonancia co compromiso da universidade na procura dun papel relevante e central no desenvolvemento da identidade e da comunidade local, en liña co concepto de 'Universidade Insignia' (*Flagship University*), proposto por John Aubrey Douglass (2014, 2016)<sup>7</sup>.


O Plan de Internacionalización 2024-2026 da USC adopta esta concepción ampla de internacionalización, destacando polo carácter transversal e integrador das súas propostas. As accións formuladas aspiran a incorporar a cultura da internacionalización á práctica institucional, elevando a dimensión internacional a elemento intrínseco da súa identidade. O Plan apóiase para iso no establecemento de accións interinstitucionais con potencial para favorecer a proxección exterior, así como na dinamización de relacións intrainstitucionais coas que se persegue impulsar a adhesión e compromiso de toda a comunidade universitaria coa xestión transversal da internacionalización. ■



<sup>7</sup> Douglass, John Aubrey (2014). *Profiling the Flagship University Model: An Exploratory Proposal for Changing the Paradigm from Ranking to Relevancy*. Berkeley, University of California: Center for Studies in Higher Education.  
Douglass, John Aubrey, ed. (2016). *Changing the Paradigm from Global Ranking to National Relevancy*. Palgrave, Macmillan.

## 3

# Diagnose de situación da internacionalización na USC



O Plan de Internacionalización 2024-2026 da USC parte dunha diagnose de situación da actividade de internacionalización da institución nos últimos anos, que permitiu deseñar unhas liñas estratéxicas orientadas a aproveitar os logros e resultados derivados da mesma, así como a prever oportunidades de mellora e crecemento internacional en base ao potencial de desenvolve-

mento identificados. A análise interna que sostén esta diagnose enmárcase no período 2018-2023, retrotraéndose aos dous anos previos á crise da pandemia da Covid-19, coa finalidade de contar, entre os parámetros de avaliación, co efecto da mesma nas actividades de internacionalización da Universidade. Esta diagnose vértébrase ao redor de seis ámbitos específicos:

- |  |  |  |  |
|--|--|--|--|
| <p>1</p>  | <p>A proxección e visibilización internacional</p>                                   | <p>2</p>  | <p>A mobilidade universitaria</p>                                  |
| <p>3</p>  | <p>A atracción do estudiantado e PDI estranxeiro</p>                                 | <p>4</p>  | <p>A internacionalización da oferta docente</p>                    |
| <p>5</p>  | <p>Os proxectos de investigación, innovación educativa e cooperación territorial</p> | <p>6</p>  | <p>O desenvolvemento do modelo de internacionalización na casa</p> |





## 1. A proxección e visibilización internacional

As universidades canalizan as súas estratexias de proxección e visibilización internacional a través dun conxunto diverso de instrumentos e accións, entre as que figuran o desenvolvemento de portais web internacionais, a asistencia a feiras e eventos, a participación en redes e asociacións de dimensión internacional e a difusión dos logros institucionais de carácter académico e científico. Todas estas accións contribúen a configurar o perfil internacional da institución e a mellorar a súa reputación e posicionamento na contorna mundial.

A existencia dun portal web internacional é un pilar fundamental para a proxección exterior das universidades. Aínda que a USC dispón na súa páxina web dun portal internacional, este carece da consistencia e formulación acorde cos requirimentos dunha xanela aberta ao exterior coa que promover axeitadamente a visibilidade da USC e favorecer o primeiro contacto co público internacional. A renovación en curso da páxina web da USC propicia o necesario impulso do portal internacional como ferramenta imprescindible na estratexia de internacionalización da institución.

O posicionamento da USC no escenario internacional nótrese, así mesmo, de xeito satisfactorio, da súa presenza nun bo número de asociacións e redes de ámbito internacional, entre as que figuran a Asociación Europea para a Educación Internacional (EAIE), a Asociación de Universidades Europea (EUA), o Grupo Compostela de Universidades (GCU), o Consorcio de Universidades Euromediterráneas (Rede Téthys), a Conferencia de Reitores das Universidades e Institutos Politécnicos do Suroeste Euro-

peo (Rede CRUSOE) ou a Asociación Universitaria Iberoamericana de Posgrao (AUIP), entre outras. O mapa de relacións da USC no que atinxe á súa participación en redes e asociacións internacionais, complétase con aqueles vínculos establecidos por parte do PDI, que contribúen a enriquecer as oportunidades de proxección exterior da Universidade. O impacto destes vínculos queda, non obstante, minimizado pola súa escasa visibilidade e posta en valor e, como consecuencia, polo limitado coñecemento e aproveitamento das posibilidades de colaboración que ofrecen á comunidade universitaria.

Ademais de no uso de ferramentas como a web ou prácticas como a incorporación a redes e asociacións, a estratexia de proxección exterior das universidades apóiase na promoción e posicionamento a través da participación en feiras e outros eventos promocionais, eido no que a USC conta cunha ampla e sólida traxectoria. Destácase nesta sección a experiencia de difusión canalizada a través da participación en feiras internacionais e eventos de *networking* (establecemento de redes de contactos), atendendo ao valor acadado nos últimos anos como instrumento para a atracción de estudantado, para a promoción da cultura e lingua propias, para a aproximación ás últimas tendencias e políticas na educación superior e para a estimulación do intercambio do coñecemento e o impulso á colaboración internacional con outros organismos e universidades. A participación da USC en feiras e eventos internacionais durante o período 2018-2023 resúmese na [Táboa 1](#):



	Evento	Data	Modalidade
2018	Asia-Pacific Association for International Education (APAIE) – (Singapur)	25-29 marzo	Presencial
	Begin Edu Fair – (Rusia)	20-22 marzo	Presencial
	Expo-Estudiante – (Colombia)	10-15 abril	Presencial
	European Higher Education Fair (EHEF) – (Xapón)	18-20 maio	Presencial
	Expo-Estudiante – (Ecuador e Perú)	9-23 setembro	Presencial
	European Association for International Education	11-14 setembro	Presencial
	European Education Fair Taiwan (EEFT)	12-14 outubro	Presencial
	European Higher Education Fair (EHEF) – (Indonesia)	8-13 novembro	Presencial
	Najah Expo – (Emiratos Árabes Unidos)	31 outubro-2 novembro	Presencial
	EuroPosgrados – (México)	10-12 novembro	Presencial
	ExpoPosgrados – (Colombia)	14-28 novembro	Presencial
	Education Abroad 2018 – (Ucraina)	15-17 novembro	Presencial
2019	Association of International Educators (NAFSA) – (EEUU)	27-31 maio	Presencial
	China Education Expo 2019	19-27 outubro	Presencial
	EuroPosgrados – (México)	5-9 novembro	Presencial
2020	IV Feria Estudiar en España – (Marrocos)	3-8 febreiro	Presencial
	ExpoPós – (Brasil)	4-13 marzo	Presencial
2021	Webinarios sobre oferta de estudos de doutoramento na USC	8-19 abril	Vírtual
2022	Webinarios sobre oferta de estudos de máster na USC	15-22 febreiro	Vírtual
	Latin America Postgraduate Virtual Fair 2022	27 abril	Vírtual
	Jornada educativa virtual Brasil y España	21-22 xuño	Vírtual
	The European Association for International Education (EAIE) – (España)	13-16 setembro	Presencial
	Jornada educativa virtual EEUU y España	21-22 setembro	Vírtual
	ExpoPosgrados – (Colombia)	1-2 outubro	Presencial
	Jornada educativa virtual Colombia y España	18-19 outubro	Vírtual
2023	Webinarios sobre oferta de estudos de máster na USC	25-26 xaneiro	Vírtual
	Jornada educativa virtual Perú y España	26-27 abril	Vírtual
	Jornadas de internacionalización coa Universidad Nacional de Colombia (UNAL)	27 abril	Vírtual
	The European Association for International Education (EAIE) – (Países Baixos)	26-29 setembro	Presencial
	Jornadas técnicas virtuales EDUESPAÑA con Brasil	21-22 novembro	Vírtual

**Táboa 1.** Participación da USC en feiras e eventos internacionais no período 2018-2023.

Tal e como se desprende da información recollida na [Táboa 1](#), a irrupción da crise da Covid-19 constituíu un elemento de freo á celebración de feiras internacionais presenciais, que foron substituídas pola organización de eventos en modalidade virtual, unha dinámica habitual na actualidade. Como se pode observar na táboa, entre os anos 2021 e 2023 a participación da USC en feiras canalizouse maioritariamente a través de eventos en liña, dirixidos fundamentalmente á atracción de estudantado internacional en América Latina e Brasil, zonas xeográficas prioritarias na estratexia de captación de alumnado foráneo da USC desde 2020. O emprego por parte da USC de plataformas dixitais de posicionamento SEO desde o curso 2021-2022 e a análise das consultas recibidas mediante estas ferramentas permiten a orientación da estratexia de proxección exterior ao proporcionar información crucial para a toma de decisións sobre os eventos, presenciais ou virtuais, nos que promocionar a Universidade e a súa oferta académica.

Por outra banda, a proxección exterior acadada pola USC nos últimos anos reflíctese nun satisfactorio posicionamento no marco dos principais ránkings de educación superior no ámbito internacional. Con todo, na última actualización do [Academic Ranking of World Universities \(ARWU\)](#), coñecido como ránking de Shanghai, experimentouse un descenso desde o segmento de posición de 401 a 500 ao rango de 601

a 700 entre as institucións de educación superior na contorna mundial, debido fundamentalmente ao proceso de renovación xeracional do cadro de persoal e á xubilación de perfís de longo percorrido, altamente citados e cunha intensa produción científica. Así mesmo, a USC sitúase na posición 513 do [Leiden Ranking](#) e no tramo 601 a 800 no listado publicado polo [Times Higher Education Ranking](#) no ano 2023. Por outra banda, unha representación de persoal investigador da USC aparece nos últimos anos entre os máis citados na lista [Highly Cited Researchers](#) para diferentes disciplinas como matemáticas, ciencias da saúde, xenómica ou historia, entre outras, e máis de 60 investigadores/as foron incluídos/as na actualización de 2022 do persoal científico máis citado no [September 2022 update of the World Top 2% Scientists](#).

Cómpre facer fincapé, non obstante, no feito de que estes indicadores reputacionais só inclúen resultados en parámetros de medición específicos, polo que non trasladan unha visión completa da actividade das institucións avaliadas. Porén, e a pesar de non constituír o motor nin o obxectivo central da actividade de internacionalización, resulta evidente o seu impacto na visibilidade internacional das institucións que encabezan as súas clasificacións, actuando como estímulo para o reforzo continuo da súa excelencia académica e a súa proxección exterior.





## 2. A mobilidade universitaria



A mobilidade universitaria constitúe un elemento clave das estratexias de internacionalización das institucións de educación superior, canalizada a través de programas, convenios, alianzas, redes e asociacións que proporcionan financiamento específico ou apoia en investimento da propia institución na promoción de accións de mobilidade dirixidas á comunidade universitaria. A mobilidade permite o intercambio de coñecementos, a adquisición de competencias interculturais, a superación das fronteiras físicas, a ampliación das opcións académicas e profesionais e o reforzo de valores como a integración, a tolerancia e o respecto. A promoción da mobilidade universitaria fomenta ademais a creación de redes de colaboración na contorna internacional, capacitando ás institucións para contribuír ao desenvolvemento da sociedade e así responder aos grandes retos globais.

A tendencia á alza da mobilidade universitaria rexistrada nas últimas décadas viuse truncada no curso académico 2020-2021 como consecuencia da pandemia da Covid-19. Durante o período pospandemia, produciuse unha recuperación paulatina da mobilidade, ata igualar e mesmo superar as cifras anteriores a 2020, especialmente entre o colectivo do estudiantado.

Durante o período da pandemia, a situación resultou especialmente complexa no caso dos fluxos de mobilidade con universidades non pertencentes ao EEES, nomeadamente as de países latinoamericanos, onde a crise sanitaria e a posterior recuperación se produciron máis tarde que en Europa. Neste contexto, recorreuse a iniciativas vencelladas á educación virtual para facer posible o funcionamento interno das

proprias institucións e a cooperación interuniversitaria. Parte destas estratexias normalizáronse despois como instrumentos habituais nas universidades. Así, durante o peche sanitario, a USC comezou a empregar a plataforma *Microsoft Teams* para a realización de actividades como a docencia, a defensa de teses de doutoramento en modalidades híbrida e virtual ou a implantación da administración electrónica en diversos trámites, como os relativos ao depósito e defensa de teses. No ámbito da cooperación interinstitucional, dixitalizáronse moitos trámites que antes requirían unha realización presencial, sobre todo no relativo á xestión dos programas de mobilidade, en liña coas directrices dadas pola UE no marco da iniciativa Erasmus sen papel (*Erasmus Without Paper*; EWP). Foi precisamente neste período cando comezaron a emitirse as primeiras certificacións académicas asinadas electronicamente ao estudiantado non ordinario da USC, contribuíndo non só á celeridade do proceso administrativo, senón tamén a un aforro de custos, especialmente elevados no caso das colaboracións intercontinentais.

Neste senso, o período de restricións impostas pola Covid-19 propiciou un pulo do uso das novas tecnoloxías coa aparición e consolidación de modalidades de mobilidade innovadoras ligadas ao concepto de educación virtual. A pandemia demostrou así a necesidade de dispor dun sistema educativo adaptado á era dixital para facer fronte aos novos retos de colaboración internacional, mesmo en situacións de normalidade. O uso de ferramentas dixitais aplicadas á educación constitúe unha prioridade no marco das estratexias de xestión das institucións de educación

superior. Se ben a USC recolle nas directrices da súa Programación Plurianual 2023-2026 o seu compromiso coa adaptación da universidade á era da transformación dixital, é necesario afondar neste proceso coa finalidade de impulsar a estratexia de internacionalización da USC, atendendo ás especificidades da cooperación interinstitucional na contorna internacional, especialmente no que atinxe á promoción da mobilidade. A este respecto, cómpre tomar como referencia o Plan de Acción de Educación Dixital 2021-2027 da UE (cfr. Capítulo 1 *supra*), no que se establecen as orientacións para o reforzo da cooperación e os intercambios en educación dixital, facendo fincapé na potenciación do impacto dixital do programa Erasmus+. Destácase neste documento a introdución da mobilidade combinada (*blended mobility*), na que un período de mobilidade física se complementa cunha compoñente virtual, así como o desenvolvemento de iniciativas para a simplificación da xestión da mobilidade mediante a conexión e dixitalización de procedementos de trámite das mobilidades entre as institucións europeas.

## Organización e evolución da mobilidade do estudiantado, do PDI e do PTXAS

A USC promove a mobilidade da comunidade universitaria tanto a través de programas xestionados directamente, ben con recursos procedentes de programas europeos, ben con financiamento propio, como a través de iniciativas de mobilidade enmarcadas en programas de organismos, redes ou asociacións dos que a USC forma parte. Os programas de mobilidade xestionados pola USC levan aparelada sempre a sinatura dun convenio previo entre institucións.

Preséntase a continuación a organización da mobilidade na USC segundo a súa natureza, programa e colectivo destinatario (Táboa 2) e por fluxo de mobilidade (Táboa 3).

Programas		Estudiantado	PDI	PTXAS
Programas xestionados pola USC	Erasmus+ KA131	✓	✓	✓
	Erasmus+ KA171	✓	✓	✓
	Estadías por convenio bilateral	✓		
	Programa xeral de mobilidade		✓	
Programas non xestionados pola USC	IACOBUS	✓	✓	✓
	Stella for Staff			✓

Táboa 2. Organización da mobilidade na USC por programa e colectivo destinatario.

Fluxo	Estudantado	PDI	PTXAS
<b>Mobilidade entrante</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Erasmus+ KA131</li> <li>• Erasmus+ KA171</li> <li>• Estadías por convenio bilateral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Erasmus+ KA131</li> <li>• Erasmus+ KA171</li> <li>• Estadías por convenio bilateral</li> <li>• Programa xeral de mobilidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Erasmus+ KA131</li> <li>• Erasmus+ KA171</li> </ul>
<b>Mobilidade saínte</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Erasmus+ KA131</li> <li>• Erasmus+ KA171</li> <li>• Estadías por convenio bilateral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Erasmus+ KA131</li> <li>• Erasmus+ KA171</li> <li>• Estadías por convenio bilateral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Erasmus+ KA131</li> <li>• Erasmus+ KA171</li> </ul>

Táboa 3. Estrutura da mobilidade na USC por fluxo e colectivo destinatario.

Resúmense, en adiante, as particularidades e a evolución da mobilidade nos últimos anos, tanto no marco dos programas xestionados pola USC como daqueles abertos á participación da comunidade universitaria a través de redes nas que se integra a Universidade.

### Erasmus+ KA131

A USC conta con arredor de 900 convenios subscritos baixo o programa Erasmus+ KA131 (antes KA103), cuxo ámbito de aplicación é o EEES. A sinatura destes convenios réxese pola normativa europea do programa e require unicamente a sinatura do coordinador institucional. Estes convenios acaban de renovarse empregando por primeira vez unha plataforma común para toda Europa, a mesma que se emprega para a sinatura dos acordos académicos, en liña coa iniciativa EWP esixida pola UE, de uso obrigatorio desde o ano 2021.

Esta acción do programa Erasmus+ ten en conta o apoio á mobilidade para estudos e para a realiza-

ción de prácticas por parte de alumnado de grao, máster e doutoramento. A mobilidade dos distintos colectivos universitarios límitase ao espazo xeográfico dos países do programa Erasmus+, integrados polo grupo de países pertencentes á UE e seis estados de fóra da UE: República de Macedonia do Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Serbia e Turquía.

A través do programa Erasmus+ KA131 e con financiamento procedente da Comisión Europea, a USC proporciona ás persoas beneficiarias de mobilidade saínte axudas para contribuír á cobertura dos gastos de viaxe, aloxamento e mantenza. A contía das axudas determínase en función do colectivo ao que se dirixen, do período de mobilidade, do país de destino e da distancia entre o lugar de orixe e o lugar de destino. Porén, a concesión dunha mobilidade Erasmus+ non implica automaticamente o dereito a unha axuda económica. En todo caso, a concesión da axuda económica de mobilidade dependerá do orzamento concedido polo *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) á USC.

Curso	Grao		Máster		Doutoramento	
	Entrante	Saínte	Entrante	Saínte	Entrante	Saínte
2018 - 2019	293	491	44	6	3	3
2019 - 2020	266	477	39	8	2	5
2020 - 2021	119	262	16	1	2	3
2021 - 2022	276	487	41	2	1	12
2022 - 2023	281	513	27	2	0	6

Táboa 4. Mobilidade Erasmus+ KA131 para estudos de grao, máster e doutoramento no período 2018-2023.

As Táboas 4 e 5 resumen a evolución da mobilidade Erasmus+ KA131 entre o curso 2018-2019 e o curso 2022-2023. Tal e como reflicten as cifras da Táboa 4, a pandemia alterou considerablemente a mobilidade entrante e saínte da USC, especialmente no curso 2020-2021. Non obstante, a mobilidade de grao e máster viuse xa afectada pola situación sanitaria durante o segundo semestre do curso 2019-2020, cando parte do estudantado que se atopaba realizando un período de mobilidade decidiu volver aos seus países de orixe antes do previsto. Neste contexto, a USC facilitou e flexibilizou as condicións académicas e administrativas, permitindo unha combinación de mobilidade presencial efectiva e de mobilidade en liña, esta última sen axuda económica. Esta modalidade de mobilidade combinada, concibida inicialmente para permitir a continuación dos estudos por parte do alumnado internacional, estendeu o seu uso entre as institucións de ensino superior a partir da pandemia. O curso académico 2021-2022 marcou, porén, un punto de inflexión na tendencia regresiva da mobilidade a raíz da pandemia, cunha notable recuperación da mobilidade neste programa.

No ámbito de estudos de grao, constátase durante o período analizado o tradicional desequilibrio entre o estudantado entrante e o saínte, debido fundamentalmente á competencia de destinos máis coñecidos (universidades situadas en grandes cidades, como Madrid, Barcelona, Valencia ou Sevilla) e a limitada oferta na USC de materias de grao en lingua inglesa en comparación con outras universidades do estado (cfr. apartado 4 deste capítulo).

Nas cifras globais de mobilidade de máster correspondentes ao período 2018-2023, destaca a case inexistente mobilidade saínte, derivada do feito de que a maioría de programas de mestrado da USC son de 60 ECTS. Isto limita as posibilidades de mobilidade, posto que a convocatoria Erasmus+ KA131 establece como requisito para acceder a unha praza de mobilidade no nivel de máster estar cursando un título de máis de 60 ECTS.

Pola súa banda, a mobilidade de doutoramento presenta cifras notablemente máis reducidas que as dos outros niveis de estudo, manténdose relativamente estable ao longo do período analizado, excepto a mobilidade saínte do curso 2021-2022, que experi-

mentou un apreciable ascenso. A limitada participación de doutorandos/as no programa Erasmus+ KA131 require o deseño e posta en marcha de iniciativas que permitan darlle un pulo a este programa no ámbito de doutoramento nos vindeiros anos.

No que atinxe á mobilidade de Erasmus+ prácticas e de PDI e PTXAS, a Táboa 5 reflicte unicamente as cifras de mobilidade saínte, posto que a xestión da mobilidade entrante non se centraliza desde a Oficina de Mobilidade, senón que é habitualmente o persoal docente dos propios centros ou o PTXAS o que xestiona a acollida deste tipo de mobilidades. No caso do persoal investigador, as mobilidades entrantes deben atermos ao establecido na Resolución reitoral do 8 de maio de 2017, pola que se modifica a [Resolución reitoral do 8 de xuño de 2015 pola que se establece a normativa pola que se regula o proceso para ordenar as estadías temporais de investigadores/as visitantes na Universidade de Santiago de Compostela](#). O Rexistro de Investigadores/as Visitantes da USC é o instrumento que se emprega para rexistrar a todo o persoal investigador visitante que se incorpora á USC para a realización dunha estadía. Así e todo, o procedemento de extracción da información do Rexistro non permite identificar aquelas estadías que se efectúan no marco do programa Erasmus+, polo que é imposible contar con cifras individualizadas para estes efectos. Con todo, as cifras de persoal investigador visitante, recollidas a través do Rexistro, proporciónanse na sección 3 deste capítulo (Atracción de estudantado e PDI estranxeiro).

Curso	Prácticas	PDI	PTXAS
2018-2019	30	25	2
2019-2020	29	15	2
2020-2021	11	17	3
2021-2022	30	17	4
2022-2023	24	30	5

Táboa 5. Mobilidade saínte Erasmus+ KA131 de prácticas, PDI e PTXAS no período 2018-2023.

Centrándose así nas cifras amosadas na Táboa 5, a modalidade de mobilidade en prácticas saínte é a que mantén unha maior regularidade ao longo do período analizado, experimentando un movemento á baixa unicamente no ano da pandemia. Con respecto á mobilidade saínte de PDI e de PTXAS, as cifras amosan unha relativa estabilidade con mínimas fluctuacións. Cómpre, porén, ter en conta que se inclúen na táboa varias mobilidades virtuais de PDI nos cursos 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 e de PTXAS no curso 2019-2020, que minimizan o impacto da pandemia.

No relativo á mobilidade de PTXAS, resulta salientable, tanto no programa Erasmus+ KA131 como no Erasmus+ KA171 que se describe a continuación, o feito de que a maioría das solicitudes proceden de persoal directamente vinculado ás áreas de xestión da mobilidade internacional e de xestión de proxectos da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e da Vicerreitoría de Política Científica, respectivamente. As cifras suxiren a necesidade de propiciar a participación e adhesión de todo o persoal ás accións de mobilidade, tanto presencial como virtual, que se desenvolvan.

### Erasmus+ KA171

O Erasmus+ KA171 (anteriormente nomeado Erasmus+ KA107) ofrece oportunidades de intercambio para estudantado de grao, máster e doutoramento e de formación e docencia para PDI e PTXAS cara e desde as institucións socias de fóra da UE. A través deste programa, a USC ofrece axudas ás persoas beneficiarias para contribuír á cobertura dos gastos de viaxe, aloxamento e mantenza en función do colectivo ao que se

dirixen, do período de mobilidade e do lugar de orixe e de destino das persoas beneficiarias das mobilidades.

A USC posúe actualmente máis de 70 convenios Erasmus+ KA171 con universidades de arredor de 30 países. Desde a implantación deste programa na nosa Universidade en 2016, as áreas xeográficas e institucións coas que se estableceron convenios foron variando. Así, no período inicial de 2016 a 2019, o ámbito xeográfico no que se enmarcou a mobilidade centrouse en Asia (China e India), Oriente Medio (Líbano, Palestina e Xordania) e países do Magreb (Alxeria, Marrocos e Tunisia). A partir de 2019 a colaboración internacional ábrese a outras áreas como a África subsahariana (Cabo Verde, Angola, Senegal, Níxer, Malí), Cáucaso (Armenia, Xeorxia, Moldavia e Ucraína), Balcáns (Bosnia & Herzegovina e Kosovo), América Latina (Ecuador, Colombia, Guatemala), Asia Central (Uzbekistán, Kazakhstán e Rusia<sup>8</sup>) e consolídanse as zonas anteriores engadindo novos países en todas elas (tales como Indonesia, Xapón, Siria ou Exipto). Desde 2020 ata a actualidade, optouse por unha estratexia fundamentalmente continuísta, apostando así mesmo polo impulso á colaboración cos países da lusofonía (engádense Mozambique e San Tomé e Príncipe) e novos países en áreas máis afastadas, como Nova Zelandia e Malaisia. Recentemente acaba de asinarse un proxecto (KA171-HED - *Mobility of higher education students and staff supported by external policy funds*) que inclúe a Brasil, Guinea Bissau e Guinea Ecuatorial, onde o portugués e o español son linguas cooficiais.

A Táboa 6 ofrece as cifras de mobilidade Erasmus+ KA171 desde o curso académico 2018-2019 ata o curso 2022-2023:

Curso	Estudiantado		PDI		PTXAS	
	Entrante	Saínte	Entrante	Saínte	Entrante	Saínte
2018 - 2019	63	1	35	12	23	3
2019 - 2020	66	3	18	4	38	2
2020 - 2021	30	4	17	2	0	3
2021 - 2022	85	14	79	35	9	7
2022 - 2023	57	4	35	9	5	2

Táboa 6. Mobilidade Erasmus+ KA171 no período 2018-2023.

<sup>8</sup> A cooperación con Rusia foi cancelada en 2022 por mor da invasión a Ucraína.

Os datos recollidos nesta táboa para o período 2018-2023 mostran o desequilibrio que caracteriza a este programa entre a mobilidade entrante e a saínte, nomeadamente no caso do estudantado. Esta disparidade deriva fundamentalmente da limitada oferta de prazas para as estadías de alumnado de grao e da inexistencia de mobilidade no ámbito de máster. O impacto da pandemia reflíctese nas cifras correspondentes ao curso 2020-2021, tanto para a mobilidade entrante como para a saínte. Cómpre salientar o elevado número de mobilidades entrantes e saíntes realizadas durante o curso 2021-2022, unha vez que se flexibilizaron as restricións para o movemento de persoas na contorna mundial. A situación identificada na USC nese curso está en consonancia co rexurdimento global da mobilidade estudantil.

Coa aposta pola colaboración con países da lusofonía, plasmada nas últimas propostas solicitadas ao abeiro do programa Erasmus+ KA171, estanse a minimizar as barreiras lingüísticas que se atopan na colaboración con outras áreas xeográficas. No caso do fluxo de estudantado entrante, este ten que acreditar un nivel B1 de español ou galego, o que non supón un problema para o estudantado procedente de países de fala portuguesa, para o cal a adaptación lingüística é moi rápida, ao contrario do que ocorre co estudantado pertencente a outros países, especialmente aqueles que non contan con linguas romances como lingua oficial ou cooficial. O estudantado de Erasmus+ KA171 chega normalmente cun bo coñecemento de inglés, pero as deficiencias no dominio do galego/español supoñen unha barreira académica importante, impedindo un aproveitamento óptimo nas aulas, especialmente no caso das titulacións de grao. Esta mesma barreira lingüística é a que xustifica en boa parte as baixas cifras de estudantado saínte que se rexistran neste programa. Na Táboa 6 destaca unicamente a cifra de mobilidade de estudantado saínte no curso académico 2021-2022, como resultado da execución de mobilidades pendentes do período da pandemia.

No caso do PDI, cómpre sinalar as fluctuacións á alza nas cifras de mobilidade do período pospandemia,

que obedecen á realización de estadías previstas e pendentes de execución da etapa previa á crise sanitaria. Nos cursos 2019-2020 e 2020-2021 recorreuse á realización dalgunhas mobilidades virtuais, en concreto catro mobilidades entrantes e dúas saíntes.

En relación ás cifras de mobilidade de PTXAS, cómpre mencionar que en novembro de 2018 a USC organizou unha *staff week*, unha semana na que se concentra a recepción de PTXAS que realiza unha mobilidade, cun resultado moi satisfactorio, non só polo que se refire ao número de participantes, senón tamén polo efecto activador que xerou na mobilidade entrante de PTXAS do curso 2019-2020. Os efectos da pandemia fixéronse notar, non obstante, no curso académico posterior, 2020-2021, onde non se rexistrou mobilidade entrante.


### Estadías por convenio bilateral

O programa da USC de estadías por convenio bilateral ofrece prazas de mobilidade de grao e máster de máis de 60 ECTS para a realización de estudos en diversas universidades de países extracomunitarios (países de América Latina, Asia, Australia, Canadá, Estados Unidos, Europa do Leste e Suíza) coas que a USC ten formalizado un convenio de intercambio bilateral de estudantado, PDI e/ou PTXAS.

A USC ten asinados na actualidade arredor de 600 convenios<sup>9</sup> con máis de 400 institucións pertencentes a máis de 70 países extracomunitarios que posibilitan a organización de fluxos de mobilidade entrante e saínte. Segundo o [Regulamento para a xestión de convenios e protocolos xerais de actuación da USC](#) (publicado por Resolución do 19 de maio de 2021 no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 31 de maio), os convenios deberán ter unha duración determinada que non poderá ser superior a catro anos, se ben será posible acordar expresamente a súa prórroga, que non poderá exceder catro anos adicionais. A diferenza dos acordos Erasmus+, os convenios bilaterais precisan de aprobación por parte do Consello de Goberno para a súa sinatura por parte do reitor.

<sup>9</sup> A complexidade do proceso de establecemento de novos acordos e de renovación dos convenios existentes, unha parte deles en trámite, dificulta a provisión de cifras exactas.

Detállanse a continuación as cifras de mobilidade desde o curso académico 2018-2019 á actualidade (Gráfica 1):



Gráfica 1. Mobilidade de estudiantado por convenio bilateral no período 2018-2023.

Durante o período obxecto de análise, este programa na USC non levou apareladas axudas específicas á mobilidade, polo que o estudiantado tivo que recorrer á solicitude de bolsas por parte de organismos externos á institución ou ben a recursos propios, o que constituíu en moitos casos un elemento disuasorio da demanda. Como consecuencia diso, rexístranse unhas baixas cifras de mobilidade saínte en comparación cos fluxos de grao e máster de programas como o Erasmus+ KA131. O impacto da pandemia foi ademais máis acusado neste programa que acolle mobilidade entrante intercontinental. Se ben con anterioridade a 2020 realizaban unha estadía por convenio bilateral na USC unha media de 400 estudantes estranxeiros/as, as cifras sitúanse na actualidade en arredor de 200. Aos problemas directamente derivados da crise sanitaria, sumáronse posteriormente a consecuente crise económica e o incremento da inflación en diversos países, así como as restricións á concesión de visados. No caso do estudiantado saínte, as cifras tampouco chegaron a recuperarse tras


a pandemia, situándose por debaixo da metade das cifras anteriores á crise da Covid-19. Cómpre salientar, porén, que a USC consignou na convocatoria deste programa para o curso 2023-2024 un total de 40 axudas de mobilidade financiadas cos fondos de Política Interior (KA131-HED). Estas axudas, que inclúen unha dotación específica para mantenza e unha axuda para o desprazamento, supoñen un incentivo co que se pretende dinamizar o programa e contribuír á recuperación das cifras de mobilidade prepandemia.

### Programa xeral de mobilidade

Trátase dun programa propio da USC destinado a subvencionar estadías de PDI procedente de institucións socias co fin de impartir docencia, preparar proxectos conxuntos de investigación e/ou cooperación, realizar actividades de cooperación ou investigación conxunta e efectuar calquera outra actividade académica de relevancia. No marco deste programa só se

concede bolsas ao PDI que proveña de universidades coas que a USC ten un convenio bilateral vixente para intercambio de PDI. As persoas candidatas requiren a invitación de profesorado da USC para optar a estas axudas, que inclúen unha asignación diaria para mantenza e aloxamento no Sistema Universitario de Residencias durante un período máximo de trinta días.

O Programa xeral de mobilidade rexistra cifras regulares de participación, a excepción do descenso que se produciu nos anos 2020 e 2021, tal como se reflicte na Gráfica 2.



Gráfica 2. Mobilidade de PDI entrante do Programa xeral de mobilidade da USC no período 2018-2023.

### IACOBUS

O programa IACOBUS é un programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica que xorde coa intención de dar un paso máis cara a configuración dun auténtico espazo de integración interrexional entre as universidades e outras institucións de ensino superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. IACOBUS, que conta co apoio da UE a través do programa de cooperación transfronteiriza Interreg, está xestionado pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal (GNP - AECT) e promove, no marco das súas actuacións, o intercambio de recursos humanos entre as institucións de ensino superior que asinaron en Vigo o día 11 de abril de 2014 o [Protocolo de Cooperación Cultural, Científica e Pedagóxica entre as Universidades e as Institucións de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal](#). Por outra parte, os centros tecnolóxicos subscribiron a súa

inclusión neste Protocolo na addenda asinada o día 14 de setembro de 2018 en Porto.

A USC participa neste programa a través da mobilidade do PDI, do persoal investigador (pre- e posdoutoral) e do PTXAS. As mobilidades realizadas no marco deste programa, dunha duración máxima dunha semana no caso do PTXAS, de dúas semanas no caso do persoal docente e de ata tres meses no caso do persoal investigador, contan cunha axuda económica consistente nunha dotación fixa para a cobertura dos gastos de desprazamento, aloxamento e manutención en función do colectivo beneficiario.

Tal e como se reflicte na [Táboa 7](#), neste programa a mobilidade saínte é notablemente superior ao fluxo de mobilidade entrante, percibíndose o impacto da pandemia particularmente no caso dos intercambios de PTXAS.

Curso	PDI		Persoal investigador pre-e posdoutoral		PTXAS	
	Entrante	Saínte	Entrante	Saínte	Entrante	Saínte
2018 - 2019	5	14	8	14	3	4
2019 - 2020	8	10	10	17	2	5
2020 - 2021	3	11	6	20	0	3
2021 - 2022	3	12	3	11	0	3
2022 - 2023	7	10	3	12	1	3

Táboa 7. Mobilidade do programa IACOBUS no período 2018-2023.

### Stella for Staff

O *Stella for Staff* é un programa de mobilidade promovido polo Grupo Compostela de Universidades (CGU), no que a USC participa como institución socia desde a súa creación en 1994. O programa ten como obxectivo facilitar a mobilidade do PTXAS a través de intercambios intercontinentais entre persoas das institucións que integran o CGU e o Consorcio para a Colaboración da Educación Superior en América do Norte (CONAHEC).


As mobilidades de *Stella for Staff* desenvólvense a través de estadías curtas de entre 7 e 15 días de duración, no marco dunha única convocatoria anual. Durante o período analizado, este programa rexistrou tan só seis mobilidades entrantes entre os anos 2018 e 2019 e dúas mobilidades saíntes no ano 2019. Estas baixas cifras responden a diversos factores. En ambos os dous fluxos de mobilidade, entrante e saínte, o número de mobilidades, a duración da estadía, o perfil curricular das persoas candidatas e a axuda complementaria que en cada caso se estableza (ademais da dotación fixa como apoio á mobilidade que ofrece o programa) son definidas libremente polas universidades participantes. Non se configura, polo tanto, como un programa cunhas mobilidades de patrón predefinido, o que pode ir en detrimento do seu coñecemento e consolidación.

### Mobilidade no marco da formación predoutoral

Á marxe da mobilidade estudantil a través de programas propios ou en colaboración con outras institucións, merece mención aparte a mobilidade efectuada polo estudantado de doutoramento no marco da súa formación predoutoral, realizada ben co apoio de axudas específicas, de contratos ou con recursos propios. Tal e como establece o Regulamento de estudos de doutoramento da USC no seu artigo 48.2 h), é un dereito dos/as doutorandos/as participar en programas e convocatorias de axudas para a formación investigadora e para a mobilidade nacional e internacional. Este Regulamento describe a mobilidade, no seu artigo 32, como o desenvolvemento dunha estadía de investigación realizada durante os estudos de doutoramento nunha institución externa respecto daquela na que estea matriculado o estudantado, co fin de completar algunha das fases do desenvolvemento da tese. Considerada como requisito para a realización das teses en réxime de cotutela, así como para a obtención do título de doutor/a con Mención de Doutoramento Internacional (ver sección 4 deste capítulo de diagnose), a mobilidade de doutorandos/as constitúe, en xeral, unha compoñente esencial da súa formación investigadora, contribuíndo ao establecemento de vínculos académicos e investigadores, ao desenvolvemento de competencias interculturais e profesionais e á adquisición e transmisión de coñecemento, novas ideas e metodoloxías científicas. Achégase na Gráfica 3 e na

Gráfica 4 un resumo da mobilidade vencellada a estadías de doutoramento entrantes e saíntes durante


o período comprendido entre os cursos académicos 2018-2019 e 2022-2023.



Gráfica 3. Estadías de estudantado internacional de doutoramento entrante na USC no período 2018-2023. Fonte: EDIUS.

As estadías de estudantado de doutoramento entrante no período analizado (292) representan arredor dun 2% sobre o total da matrícula ordinaria do estudantado de doutoramento (13.486). A porcentaxe incrementase ata o 4% no curso académico 2021-2022. Este incremento coincide, ademais de coa fase de relanzamento da mobilidade pospandemia, coa chegada á USC de 10 estudantes de doutoramento procedentes de Ucraína, nacionalidade non rexistrada en cursos anteriores, como consecuencia do estalido do conflito bélico nese país en febreiro de

2022. Como principais países de procedencia do estudantado chegado nos cursos analizados, sitúanse á cabeza Brasil, seguido de Ucraína, Alxeria, Senegal, Irán e Líbano. Rexístrase tamén a presenza doutras nacionalidades de África, Asia, América Latina e Europa (fundamentalmente Italia e Portugal). En canto á distribución por áreas de estudo, o 34% do estudantado realizou estadías na área de Ciencias da Saúde e o 24% na área de Ciencias Sociais e Xurídicas, cunha representación menor, se ben bastante equilibrada, no resto das áreas.



Gráfica 4. Estadías de estudantado de doutoramento saínte na USC no período 2018-2023. Fonte: EDIUS

As estadías de estudiantado de doutoramento saínte no período analizado (un total de 1.041) representan unha media dun 8% sobre o total da matrícula ordinaria do alumnado de doutoramento (13.486), cun incremento notable no curso académico 2021-2022, coincidindo así coa dinámica de impulso xeral da mobilidade tras o período da pandemia. Portugal sitúase como o primeiro país de destino deste fluxo de mobilidade, seguido en Europa de Reino Unido, Francia, Italia e Alemaña. Fóra do continente europeo, Estados Unidos e Brasil eríxense como principais países receptores das estadías de doutoramento saínte. As estadías de estudiantado pertencente ao ámbito das Ciencias da Saúde, seguidas das do alumnado de Ciencias, encabezan as cifras de mobilidade de doutoramento saínte.







### 3. A atracción de estudantado e PDI estranxeiro



#### Estudantado

Os datos referidos ao curso académico 2018-2019 recollidos no PGFU 2022-2026 (cfr. Capítulo 1 *supra*) sinalan que a USC é a universidade do SUG con maior atractivo para o estudantado internacional con matrícula ordinaria: 3,49%, fronte ao 2,39% da Universidade de Vigo e ao 1,54% da Universidade da Coruña. A porcentaxe deste tipo de estudantes na USC é moi semellante á rexistrada para o conxunto do SUE (3,65%) e experimentou un incremento con respecto ao primeiro curso analizado no PGFU, o curso 2015-2016 (2,56%). De acordo coa valoración do PGFU, "aínda que as cifras de estudantes estranxeiros no SUG presentan unha tendencia á alza, é obvio que aínda teñen unha representación moi discreta na totalidade do alumnado das nosas universidades, o que reflicte a necesidade de captación deste tipo de estudantado para incrementar os niveis de internacionalización do sistema" (páx. 141).

A captación de estudantado internacional, en particular, aquel procedente de países de fóra do EEES, adquire especial relevancia no proceso de internacionalización da USC. As peculiaridades do alumnado de países extracomunitarios obrigan a unha convocatoria de matrícula anticipada nos niveis de máster e doutoramento, a fin de que poidan dispoñer dunha admisión que lles permita realizar con tempo os seus trámites administrativos (nomeadamente a solicitude de visados). A xestión da matrícula realízase polo Servizo de Xestión Académica e cando existen consultas extra-académicas estas son derivadas á Oficina de

Captación Internacional, que asumiu as funcións do anterior Centro de Benvida Internacional (CBI). Se ben o CBI, creado en 2017, naceu como unha xanela única de información para calquera estudante estranxeiro/a, de mobilidade ou non, ata o momento a Oficina de Captación Internacional ocupouse unicamente do estudantado extracomunitario e do pertencente á UE que vén realizar estudos de grao ou mestrado na USC e non está vinculado a ningún programa específico de mobilidade. O estudantado de doutoramento, por outra banda, vén sendo atendido polo persoal da EDIUS. Esta diferenza entre a atención do alumnado entrante de grao e mestrado e o estudantado de doutoramento resulta pouco operativa e esixe, por tanto, a reformulación das funcións das estruturas que a día de hoxe se encargan das xestións administrativas nos procesos de captación e de incorporación do estudantado estranxeiro con matrícula ordinaria na USC.

No período académico comprendido entre os cursos 2018-2019 e 2022-2023 a presenza de estudantado estranxeiro amosa as cifras recollidas na **Táboa 8**. Como se pode ver, a media de estudantado estranxeiro matriculado na USC durante o período analizado sitúase arredor do 8,4%. Clasificando este estudantado segundo a súa modalidade de matrícula, a porcentaxe media de estudantado estranxeiro que se matricula na USC coa finalidade de realizar estudos completos (o que se coñece como *Degree Mobility*) é dun 5,9% sobre o total de estudantado matriculado, superior á media do estudantado que chega a través de pro-

Curso	Estudantado total matriculado na USC	Estudantado internacional matriculado na USC					
		Total		No marco de programas de mobilidade		Con matrícula ordinaria <sup>10</sup>	
		Nº	%	(Credit Mobility)		(Degree Mobility)	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	
2018 - 2019	23.824	2.209	9,27%	822	3,45%	1.387	5,82%
2019 - 2020	23.800	2.204	9,26%	748	3,14%	1.456	6,12%
2020 - 2021	24.551	1.571	6,40%	198	0,81%	1.373	5,59%
2021 - 2022	24.095	1.929	8,01%	508	2,11%	1.421	5,90%
2022 - 2023	25.139	2.128	8,46%	559	2,22%	1.569	6,24%

**Táboa 8.** Estudantado estranxeiro matriculado na USC no período 2018-2023

gramas de mobilidade (modalidade coñecida como *Credit Mobility*), que se sitúa nun 2,3%. O impacto da pandemia da Covid-19 resulta particularmente visible no caso do estudantado chegado no marco de programas de mobilidade, onde as cifras se reduciron drasticamente no curso 2020-2021 con respecto ao anterior, pasando dun 3,14% de representatividade sobre o total de estudantado matriculado a un 0,81% (cfr. apartado 2 deste capítulo para datos precisos por programa de mobilidade). O descenso foi menos acusado no caso do estudantado estranxeiro con ma-

trícula ordinaria, que presentou, así mesmo, unha mellor recuperación nos cursos posteriores, superando incluso as cifras anteriores á pandemia, mentres que o estudantado de programas de mobilidade non acadou aínda os limiares previos.

A publicación en abril 2023 do informe [El reto de la internacionalización de la universidad española. Análisis comparado y propuestas](#) (elaborado pola Fundación Conocimiento y Desarrollo, a Conferencia de Consejos Sociales e a Cámara de Comercio de Es-

<sup>10</sup> Datos extraídos segundo a nacionalidade coa que o estudantado efectuou a súa matrícula.

paña), no que se ofrecen estatísticas de mobilidade do SUE referidas aos cursos 2019-2020 e 2020-2021, permite realizar unha comparativa parcial da situación da USC en relación co resto das universidades do estado. Así, cunha cifra total de matrícula de estudantado estranxeiro dun 9,5% no curso 2019-2020 e do 6,6% no 2020-2021, as cifras do SUE reflicten un apreciable paralelismo coas rexistradas na USC no mesmo período (9,2% e 6,4%, respectivamente). No que atinxe ao estudantado entrante no marco de programas de mobilidade, o SUE rexistrou un 4% no curso 2019-2020 e un 1,4% no 2020-2021, porcentaxes lixeiramente superiores ás da USC (3,4% e 0,8%, respectivamente), o que sitúa á USC dentro da tendencia de impacto e evolución xeral que caracterizou a todo o SUE no período da crise sanitaria.

### Estudiantado estranxeiro con matrícula ordinaria en estudos completos

A **Táboa 9** presenta unha visión xeral sobre o estudantado estranxeiro que efectúa matrícula en estudos completos na USC no período 2018-2023.

Curso	Nível Académico		
	Grao	Máster	Doutoramento
2018 - 2019	517	183	687
2019 - 2020	489	242	725
2020 - 2021	487	181	705
2021 - 2022	481	214	726
2022 - 2023	541	278	750

**Táboa 9.** Estudiantado estranxeiro matriculado na USC por nivel académico no período 2018-2023.

Tal e como se reflicte na táboa, a metade do estudantado internacional que se matriculou en estudos completos na USC entre os cursos 2018-2019 e 2022-2023 pertence ao nivel de estudos de doutoramento, seguido do nivel de grao (35%) e do de máster (15%). Aínda que en liñas xerais se mantén unha regularidade nas cifras anuais, evidénciase a necesidade de incrementar a captación de estudantado de máster, en liña coa recomendación que emite o PGFU segundo a análise realizada para o período 2015-2019.

### Estudiantado de grao

Portugal é o país de procedencia máis frecuente entre o estudantado de grao, seguido de China. Cómpre destacar, porén, que se produciu nos últimos anos un descenso notable do alumnado chinés que chega á nosa Universidade debido fundamentalmente a dúas razóns: por unha banda, o establecemento do requisito de idioma esixido pola USC (B1 de español ou galego), que contribuíu a unha mellora da calidade da educación impartida nas aulas e a un maior aproveitamento académico por parte deste estudantado; por outra banda, a diminución do esforzo institucional pola captación nese país, en liña coas tendencias do SEPIE.

A Portugal e China séguenlle en emisión de estudantado de grao cara á USC Marrocos e países de América Latina, como Venezuela, Brasil, Colombia, Perú ou México. As nacionalidades europeas con maior presenza son Italia, Romanía e Francia. Con respecto ás titulacións solicitadas, sitúanse en primeiro lugar as vencelladas á área de Ciencias da Saúde, seguidas das pertencentes á área de Ciencias Sociais e Xurídicas. Cómpre salientar a existencia de acordos con determinados países, como é o caso de Marrocos, que facilitan vantaxes de tipo administrativo e económico a aquelas persoas que decidan cursar estudos en España.

### Estudiantado de máster

Entre os principais países emisores de estudantado de máster á USC sitúanse China e Colombia, seguidos doutros países de América Latina. Recentemente, asinou un convenio co goberno de Colombia, orientado a eliminar as trabas administrativas e de homologación para o alumnado dese país que escolla España como destino dos seus estudos de grao e máster, e que mudou en positivo as cifras de estudantado colombiano entrante no curso académico 2023-2024, no que se rexistraron un total de 56 matrículas, fronte ás 25 do curso anterior. A nacionalidade europea con maior representación entre o estudantado de máster é a italiana e as titulacións máis demandadas son as pertencentes á área de Ciencias Sociais e Xurídicas.

Entre os principais países emisores de estudantado de grao cara á USC sitúanse China e Colombia, seguidos doutros países de América Latina. Recentemente, asinou un convenio co goberno de Colombia, orientado a eliminar as trabas administrativas e de homologación para o alumnado dese país que escolla España como destino dos seus estudos de grao e máster, e que mudou en positivo as cifras de estudantado colombiano entrante no curso académico 2023-2024, no que se rexistraron un total de 56 matrículas, fronte ás 25 do curso anterior. A nacionalidade europea con maior representación entre o estudantado de máster é a italiana e as titulacións máis demandadas son as pertencentes á área de Ciencias Sociais e Xurídicas.

Cómpre mencionar neste apartado o influxo das bolsas BEME, ofertadas pola Xunta de Galicia a galegos/as ou descendentes de galegos/as que residan no exterior para cursar na nosa Comunidade Autónoma os seus estudos de máster (cfr. Capítulo 1 *supra*). Na convocatoria 2023, un total de 88 persoas resultaron beneficiarias dunha destas bolsas para cursar estudos na USC. Unha boa parte deste estudantado procede de Arxentina (29), seguida de Uruguai (15), Brasil (8) e Venezuela (7) como principais países de procedencia.

### Estudiantado de doutoramento

A nacionalidade máis representada entre o estudantado de doutoramento estranxeiro matriculado en estudos completos na USC é a portuguesa (149), seguida de países de América Latina como Ecuador (64), Brasil (53), Colombia (41) e México (37). Destaca, así mesmo, a presenza de estudantes de países asiáticos, como Xordania (24), China (22) e Paquistán (22), xunto con estudantes procedentes de Suíza (23). Respecto dos programas de doutoramento máis demandados, sobresaen os pertencentes á área de Ciencias Sociais e Xurídicas.


### Programa de estudantes visitantes (free movers)

Á marxe da matrícula ordinaria e da realización de estudos en réxime de intercambio, entre as posibilidades ás que se pode acoller o estudantado estranxeiro para cursar estudos na USC atópase a modalidade de 'estudiante visitante' (*free mover*). Trátase

de alumnado admitido para cursar estudos parciais, sen efectos académicos, nas titulacións de grao e máster universitario e que non acceden polos procedementos oficiais establecidos. O programa presenta condicións máis flexibles e está aberto durante todo o curso académico. A USC acolle arredor dunha vintena de estudantes anuais baixo esta figura desde o ano 2018, coa excepción do curso 2020-2021, que se viu afectado pola pandemia.


## Persoal docente e investigador

A captación de PDI estranxeiro constitúe unha pedra angular nas estratexias de internacionalización das universidades, contribuíndo ao enriquecemento da diversidade, da calidade e da innovación académica. A USC progresa na senda da internacionalización cunha traxectoria regular na contratación de PDI estranxeiro ao abeiro de programas competitivos de captación de talento con financiamento estatal e europeo. Non obstante, esta contratación está supevitada en moitos casos á temporalidade dos programas e dos distintos proxectos que neles se enmarcan. Tomando como referencia as cifras do Ministerio de Universidades dispoñibles ata o curso académico 2021-2022, neste último período o PDI estranxeiro contratado nas universidades públicas do SUE alcanza un 2,7%, lixeiramente superior á cifra media de PDI contratado na USC, que se sitúa nun 2,2%. Como se pode apreciar na **Gráfica 5** para as anualidades referidas ao período 2018-2023, producíronse un total de 259 incorporacións de PDI estranxeiro á USC.



**Gráfica 5.** PDI estranxeiro incorporado á USC no período 2018-2023.

A maioría do PDI contratado estranxeiro procede de Europa, principalmente de Italia, Portugal e Reino Unido. Como se reflicte na **Gráfica 6**, os dez primeiros países de orixe achegan o 61% do PDI estranxeiro contratado na USC entre 2018 e 2023.




**Gráfica 6.** Principais países de procedencia de PDI estranxeiro na USC no período 2018-2023.

Á marxe dos países incluídos na gráfica anterior, a contratación de PDI estranxeiro nutriuse nun 39% restante de persoas de arredor de 60 países de América, Asia e África.

Ademais da vía da contratación, a USC acolle a persoal investigador estranxeiro para estadias de investigación de distinta duración. Segundo a normativa que regula a súa incorporación á USC<sup>11</sup>, enténdese por persoal investigador visitante aquel que realiza unha estadia de calquera duración co fin de desenvolver tarefas de investigación, formación investigadora, colaboración en másteres, conferencias ou participacións en seminarios de investigación

baixo a tutela ou en colaboración con PDI da USC. Inclúense na consideración de persoal investigador visitante, os/as doutores/as, académicos/as, tecnólogos/as, técnicos/as de investigación, estudiantado de grao e de máster en estadia de investigación e persoal investigador predoutoral. Todo este persoal debe figurar incorporado ao Rexistro de Investigadores/as Visitantes da USC, de onde se extraen os datos que se amosan na **Gráfica 7**.



**Gráfica 7.** Persoal investigador estranxeiro visitante no período 2018-2023. Fonte: Rexistro de Investigadores/as Visitantes da USC.

En liña coa tendencia xeral marcada pola pandemia da Covid-19 no eido da internacionalización, as visitas de persoal investigador á USC experimentaron un acusado descenso no ano 2020. Porén, este tipo de estadias recuperáronse progresivamente desde o ano 2021, situándose en 2023 en cifras similares ás rexistradas antes da pandemia. Tomando en consideración a nacionalidade, o 41% do persoal investigador visitante incorporado á USC no período analizado procede de países de América Latina, un terzo dos cales proveñen de Brasil, seguido de México, Chile, Colombia e Arxentina. Por outra banda, un 33% ten nacionalidade dalgún país membro da UE, con Portugal como principal país emisor de persoal

investigador visitante cara á USC, seguido de Italia, Francia, Alemaña e Polonia. O restante persoal investigador recibido na USC (26%) presenta procedencia diversa, de países do resto de Europa, Asia, África e Norteamérica. Entre eles, destaca a presenza de persoal investigador de Reino Unido, Alxeria, Tunisia, Estados Unidos, Irán e a India.


No que respecta ao centro ou facultade de destino, un 38% do persoal visitante realiza as súas estadias nos centros singulares e institutos de investigación da USC, mentres que o demais persoal desenvolve a súa mobilidade no resto de centros e facultades, vencelladas en maior número á área de Ciencias Sociais e Xurídicas, seguida da de Ciencias.

A recepción de persoal investigador estranxeiro na USC conta co soporte do Centro Galego Euraxess, situado na Oficina de Captación Internacional da USC. Desde hai máis de quince anos, o Centro Galego Euraxess actúa como instrumento de apoio na xestión e realización de trámites administrativos e legais vencellados á mobilidade de persoal investigador contratado pola USC. Este Centro intégrase na **Rede Europea Euraxess**, creada pola Comisión Europea en 2003 coa denominación de ERAMORE, que ten como obxectivo facilitar a mobilidade xeográfica do persoal investigador, proporcionándolle asesoramento e soporte na realización de trámites

de visados, obtención de permisos de traballo, xestión de homologación de estudos etc.

As estatísticas de atención a persoal investigador do Centro Galego Euraxess no período comprendido entre os anos 2018 e 2023 (ver **Gráfica 8**) amosan unha tendencia progresiva no incremento de consultas atendidas e expedientes tramitados, particularmente acusada nos anos 2021 e 2022. Estas consultas conclúen, non obstante, cunha tramitación anual de expedientes bastante regular, cun leve incremento nos últimos dous anos. A disparidade entre o notable aumento de consultas atendidas en 2021 e 2022 e o número de expedientes concluídos ten a súa explicación na complexidade dos trámites de visado no período pospandemia, que multiplicou o número de consultas recibidas.

Non é posible establecer un paralelismo entre o persoal investigador na USC e o número de consultas atendidas e trámites efectuados no Centro Galego Euraxess, na medida en que non todo o persoal investigador que chega á USC o fai a través do Centro Galego Euraxess. Por outra banda, o Centro non só presta soporte ao persoal investigador, senón que tamén colabora na xestión, tramitación e renovación de expedientes dos familiares que acompañan a este persoal, o que incrementa notablemente o número de trámites en relación ao número de persoal investigador incorporado.



**Gráfica 8.** Consultas atendidas e expedientes tramitados no Centro Galego Euraxess no período 2018-2023.

<sup>11</sup> Resolución reitoral do 8 de maio de 2017, pola que se modifica a Resolución reitoral do 8 de xuño do 2015 pola que se establece a normativa pola que se regula o proceso para ordenar as estadias temporais de investigadores/as visitantes na Universidade de Santiago de Compostela.




## 4. A Internacionalización da oferta docente

### Uso de linguas estranxeiras na docencia

A internacionalización da oferta docente preséntase como requisito esencial na estratexia de internacionalización da Universidade dada a súa relevancia para a captación de estudantado estranxeiro, xa sexa co propósito de que este efectúe na USC estudos completos, de que realice estadias no marco de programas de mobilidade ou que visite a USC como *free mover*. A oferta académica en lingua estranxeira resulta, así mesmo, necesaria para responder á demanda de estudantado procedente de sistemas de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato nos que se rexistra un aumento da presenza dos estudos en lingua estranxeira, tanto en número de horas como de materias impartidas, así como do alumnado da modalidade de bacharelato bilingüe, cada vez máis habitual en Galicia.

Neste contexto, a USC vén impartindo unha pequena proporción de materias e programas de estudo en lingua estranxeira, fundamentalmente en inglés. Con todo, esta oferta académica resulta insuficiente para atraer e cumprir as expectativas de estudantado de programas de intercambio e, máis aínda, de aquel que amosa interese por cursar aquí estudos completos de grao ou de posgrao. Tomando como referencia o curso académico 2022-2023, a presenza de docencia en lingua estranxeira nos estudos de grao e máster é moi baixa: tan só se rexistrou un

2,3% da docencia en inglés, un 0,4% en portugués e un 1,3% noutras linguas, mentres que o 71,6% da docencia se impartiu en castelán e o 24,4% en galego (ver Gráfica 9).



**Gráfica 9.** Usos lingüísticos na docencia da USC (curso 2022-2023). Datos extraídos dos Plans de Ordenación Docente. Fonte: Servizo de Normalización Lingüística da USC.



No que atinxe aos usos lingüísticos por tipo de estudo, no caso dos estudos de grao (ver Táboa 10), o único programa impartido completamente en lingua inglesa é o Grao en Lingua e Literatura Inglesas. Pola súa banda, a presenza do inglés no Grao en Química representa un 12,80% sobre o total de horas de docencia, se ben o centro ten dende hai anos grupos específicos de docencia en lingua inglesa para a metade dos créditos do título. A docencia en lingua inglesa nas restantes titulacións de grao é moi limitada ou practicamente inexistente.

Grao en Lingua e Literatura Inglesas	100,00%
Grao en Química	12,80%
Grao en Enxeñaría Química	9,50%
Grao en Empresa e Tecnoloxía	7,00%
Grao en Mestre de Educación Primaria (Lugo)	4,70%
Grao en Mestre de Educación Primaria (Santiago)	4,40%
Grao en Mestre de Educación Infantil (Santiago)	3,20%
Grao en Mestre de Educación Infantil (Lugo)	2,90%
Grao en Criminoloxía	2,70%
Grao en Filosofía	1,20%
Grao en Odontoloxía	0,90%
Grao en Dereito	0,70%
Grao en Veterinaria	0,20%

**Táboa 10.** Porcentaxe de uso da lingua inglesa sobre horas de docencia nas titulacións de grao (curso 2022-2023). Fonte: Servizo de Normalización Lingüística da USC a partir dos datos extraídos dos Plans de Ordenación Docente.

Como se pode apreciar na [Táboa 11](#), no que respecta aos estudos de máster, só tres programas de máster se imparten integramente en lingua inglesa: o Máster Universitario en Química na Fronteira coa Bioloxía e a Ciencia de Materiais, o Máster Universitario en

Visión por Computador e o Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións. O Máster Universitario en Intelixencia Artificial acadou unha docencia en lingua inglesa do 94%.

Máster Universitario en Química na Fronteira coa Bioloxía e a Ciencia de Materiais	100,00%
Máster Universitario en Visión por Computador	100,00%
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	100,00%
Máster Universitario en Intelixencia Artificial	94,00%
Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional	87,50%
Máster Universitario Erasmus Mundus en Lexicografía	75,50%
Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións	47,90%
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas (Campus de Lugo)	11,40%
Máster Universitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía	10,20%
Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Ed. Infantil e Pr.	4,90%
Máster Universitario en Dirección de Empresas (Campus de Lugo)	3,40%
Máster Universitario en Psicoloxía	3,10%
Máster Universitario en Servizos Culturais	3,10%
Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	2,10%
Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas (Campus de Santiago)	2,00%
Máster Universitario en Investigación Química e Química Industrial	0,70%

**Táboa 11.** Porcentaxe de uso da lingua inglesa sobre horas de docencia nas titulacións de máster (curso 2022-2023).  
Fonte: Servizo de Normalización Lingüística da USC a partir dos datos extraídos dos Plans de Ordenación Docente.

## Titulacións conxuntas e dobres titulacións internacionais

No marco das estratexias de internacionalización das universidades cómpre, así mesmo, poñer en valor as titulacións conxuntas e as dobres titulacións internacionais como ferramenta de especial relevancia a varios niveis. Por un lado, contribúen a reforzar a visibilidade das institucións de educación superior que as ofertan, incrementando a súa capacidade de atracción de estudiantado internacional. Por outra banda, a colaboración entre institucións de distintos países na impartición de titulacións conxuntas e de dobres titulacións internacionais favorece a mellora da calidade do ensino e da investigación das universidades colaboradoras. O estudiantado atopa nestes programas unha oportunidade de estudar en diferentes institucións educativas

e obter recoñecemento académico en máis dun país. Fomentase, así mesmo, a mobilidade internacional, promovendo a diversidade cultural e o intercambio de coñecementos entre estudiantado de diferentes nacionalidades, que recibe unha educación máis ampla e diversa, enriquecida con distintos enfoques académicos e culturais e con metodoloxías de ensino variadas e innovadoras. As titulacións conxuntas e as dobres titulacións internacionais constitúen, ademais, unha vía idónea para a adquisición de habilidades lingüísticas e o desenvolvemento da adaptabilidade e do pensamento crítico do estudiantado, mellorando as súas posibilidades de empregabilidade nun mercado laboral cada vez máis globalizado.

A traxectoria da USC neste eido reflicte o seu compromiso coa posta en marcha de iniciativas de colaboración internacional tanto ao nivel de titulacións conxuntas como de dobres titulacións. Trátase dunha senda pola que a USC debe apostar, recollida como modalidade de organización do ensino no artigo 6 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e promovida no seo das políticas e programas de financiamento europeo para a educación superior. Detállase a continuación a experiencia específica da USC no establecemento de titulacións conxuntas e dobres titulacións internacionais, diferenciando, no caso das titulacións conxuntas, entre aquelas que se desenvolveron ao abeiro de liñas de financiamento europeo e as que se puxeron en marcha a partir da sinatura de convenios específicos.

### Titulacións conxuntas

No que atinxe a proxectos de titulacións conxuntas financiados a través da acción Erasmus Mundus, as iniciativas de máster e de doutoramento desenvolvidas na USC nos últimos anos foron as seguintes:

- Erasmus Mundus Doutoramento en Nanomedicina e Innovación Farmacéutica – NanoFar (2012-2018).
- Erasmus Mundus Máster en Encrucilladas nas Humanidades Europeas (2008-2012) / Encrucilladas nas Narrativas Culturais (2012-2018; 2018-2023).
- Erasmus Mundus Máster en Lexicografía (2015-2020; 2018-2024; 2024-2030, neste último período como institución coordinadora).

Ademais das oportunidades xeradas polo programa Erasmus Mundus, a experiencia da USC na posta en marcha de titulacións conxuntas remite, así mesmo, á colaboración internacional ao abeiro do Programa Interreg de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP), no marco do cal se executou, entre o 1 de xullo de 2017 e o 31 de decembro de 2022, o proxecto *Universidade sem Fronteiras* (UNISF). Este proxecto, liderado pola Universidade do Minho, e cun consorcio integrado polas seis universidades públicas da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, entre as que figura a USC, posibilitou o lanzamento de catro titulacións conxuntas, que comezaron a súa impartición no curso 2022-2023:

- Doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento.
- Doutoramento en Matemáticas e Aplicacións.
- Máster en Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais.
- Máster en Desafíos das Cidades.

Ás iniciativas anteriores, engádese a traxectoria desenvolvida pola USC a través do programa Horizonte 2020, no marco da acción Marie Skłodowska-Curie (MSCA), en concreto, das Redes de Formación Innovadoras (ITN), que permitiu a posta en marcha do programa de doutoramento europeo conxunto Inhibición de Receptores de Adhesión Plaquetaria en Trombose – TAPAS, implantado en 2018.

Fóra dos programas de financiamento e, neste caso, mediante a sinatura de convenios, a USC ten en vigor os seguintes títulos conxuntos:

- Programa de Doutoramento en Agricultura e Medioambiente para o Desenvolvemento, pola Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade San Carlos de Guatemala.
- Programa de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión (Ciencias do Mar) pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a Universidade de Aveiro, a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro e a Universidade do Minho.
- Programa de Doutoramento en Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe pola Universidade de Santiago de Compostela e a Université Rennes 2 (Francia).
- Máster Universitario en Visión por Computador, pola Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a Universidade do Porto.

### Dobres titulacións internacionais

A normativa da USC establece distintos sistemas de dobres titulacións, entre os que se atopan os programas interuniversitarios con universidades estranxeiras. Estes programas establécense mediante convenio e permiten cursar simultaneamente dúas titulacións obtendo, ao final, os dous títulos. Ditos convenios, recollen, entre outros aspectos, o itinerario

que debe seguir o alumnado para acadar as dúas titulacións. Na actualidade, a USC participa nos seguintes programas de dobres titulacións internacionais:

- Dobre titulación de Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos pola Universidade de Santiago de Compostela e Licenciatura en Ciencias da Enxeñaría/título profesional de Enxeñaría Civil Química pola Universidade de Concepción (Chile).
- Dobre titulación de Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos pola Universidade de Santiago de Compostela e Enxeñaría Civil Bioquímica pola Pontificia Universidade Católica de Valparaíso (Chile).
- Dobre titulación de Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións / High Performance Computing pola Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e Diploma en Enxeñaría Matemática (*Diplôme d'Ingénieur en Génie Mathématique*) polo Cergy Paris Université (anteriormente École Internationale des Sciences du Traitement de l'Information) (Francia).


## Teses de doutoramento en cotutela

O Regulamento de estudos de doutoramento da USC desenvolve no seu artigo 40 a normativa aplicable ás teses en cotutela. As teses en cotutela, que requiren

a supervisión por parte de doutores ou doutoras de dúas ou máis universidades, das cales unha deberá ser española e o resto estranxeiras, desempeñan un papel importante nas estratexias de internacionalización das universidades, na medida en que impulsan, a través da sinatura dun convenio, a colaboración entre institucións académicas de distintos países e lle permiten ao estudiantado obter un título recoñecido nas universidades de orixe e de destino. Esta modalidade de tese fomenta o intercambio académico, a colaboración científica e a transferencia de coñecementos, así como a participación en redes de coñecemento e investigación máis amplas, a inmersión en novas metodoloxías investigadoras e a difusión dos resultados da investigación en contextos xeográficos de maior alcance, fortalecendo deste xeito a calidade da investigación e aumentando a visibilidade internacional da produción científica e da institución que a xera.

A **Gráfica 10** resume os datos sobre os acordos de teses en cotutela asinados durante o período comprendido entre 2018 e 2023.

En liña coa tendencia xeral de desaceleración da actividade institucional, o ano 2020 marcou un descenso na cifra de convenios de cotutela asinados, desprazando a actividade ao ano 2021, onde se aprecia un incremento no número de convenios. O ano 2023 pechou cun total de 10 convenios asinados e estanse tramitando outros sete.




**Gráfica 10.** Acordos de teses en cotutela asinados no período 2018-2023.

## Teses con Mención de Doutoramento Internacional

A modalidade de tese con Mención de Doutoramento Internacional, desenvolvida no artigo 38 do Regulamento de estudos de doutoramento da USC, establece para o doutorando ou doutoranda unha serie de requirimentos: a necesidade de realización dunha estancia mínima de tres meses fóra de España nalguna(s) institución(s) de educación superior ou centro(s) de investigación de prestixio; a redacción e presentación de, polo menos, o 25% da extensión da tese nunha das linguas habituais para a comunicación científica, distinta das oficiais ou cooficiais en España; a emisión dun mínimo de dous informes favorables sobre a tese de dúas persoas expertas doutoras pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación de fóra de España; e a participación como membro do tribunal avaliador da tese de, polo menos, unha persoa experta pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación non español, co título de doutora ou doutor e distinta da persoa responsable da titorización da estadía no estranxeiro.

O valor da modalidade de tese con Mención de Doutoramento Internacional reside fundamentalmente na dimensión internacional que caracteriza a investigación que se vai realizar, na que o estudiantado ten a posibilidade de acceder a enfoques metodolóxicos e recursos diversos, enriquecendo a súa formación, mellorando a calidade da súa investigación e preparándose para traballar en contornas profesionais cada vez máis interconectadas e globalizadas. As teses con Mención de Doutoramento Internacional amplían, así mesmo, os lazos de colaboración con institucións académicas doutros países, facilitando a difusión e o avance do coñecemento en áreas de estudo de relevancia global. A realización de teses nesta modalidade contribúe, así mesmo, a fortalecer a reputación internacional das universidades que a promoven. Os datos correspondentes ao período 2018-2023 amosan unha regularidade anual en canto á porcentaxe de teses con Mención de Doutoramento Internacional sobre o total de teses defendidas na USC, que se sitúa por riba do 30%, tal e como se reflicte na **Gráfica 11**.



**Gráfica 11.** Teses con Mención de Doutoramento Internacional defendidas no período 2018-2023.



## 5. Os proxectos de investigación, innovación educativa e cooperación territorial



### Horizonte 2020 e Horizonte Europa

A internacionalización da investigación resulta cada vez máis relevante no contexto dunha sociedade do coñecemento completamente globalizada. A colaboración internacional no ámbito da investigación propicia o intercambio de coñecementos e o progresivo avance na súa especialización, contribúe a mellorar a reputación e visibilidade das universidades facéndolas máis atractivas para o estudantado e PDI de todo o mundo, impulsa o recoñecemento e a reputación das institucións a escala mundial e fomenta o desenvolvemento dunha perspectiva integradora na abordaxe, comprensión e resolución dos problemas mundiais. A USC acredita unha longa experiencia de participación no programa marco de investigación e innovación (I+I) da UE, o instrumento fundamental que, desde o ano 1984, a UE definiu para levar a cabo as súas políticas de I+D+i e cuxo financiamento está garantido dentro de períodos concretos no denominado Marco Financeiro Plurianual.

A análise do presente diagnóstico abrangue os últimos anos do oitavo programa marco, denominado

Horizonte 2020, desenvolvido no período 2014-2020, e a primeira etapa de execución do noveno programa marco, Horizonte Europa, para o período 2021-2027. Tanto Horizonte 2020 como Horizonte Europa teñen como obxectivo fomentar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico, a demostración e a innovación en réxime de colaboración transnacional entre empresas e institucións de investigación pertencentes tanto a países da UE como a países asociados ao programa ou terceiros países.

O programa marco, en concreto Horizonte 2020 e Horizonte Europa, proxéctase a través dunha estrutura baseada en tres piares no período 2021-2027:

- **Ciencia Excelente:** apoia a investigación nas fronteiras do coñecemento e as ideas científicas de vangarda, reunindo ao mellor persoal investigador e dotándoo de capacidades e infraestruturas de investigación de nivel mundial. Neste pilar, adquiren especial relevancia as accións do Consello Europeo de Investigación (ERC)<sup>12</sup>, que promoven a investigación de

vangarda impulsada polo propio persoal investigador, así como a formación do persoal investigador mediante as accións *Marie Skłodowska-Curie* (MSCA), xa sexa a través da creación de redes predoutorais (moi asociadas ao desenvolvemento de doutoramentos conxuntos; cfr. apartado 4 neste capítulo) ou mediante axudas posdoutorais, sumándose a isto unha parte dedicada á mobilidade e ao intercambio.

- **Desafíos mundiais e competitividade industrial:** investigación coa finalidade de adoptar solucións innovadoras na industria europea, en especial nas PEMES, e na sociedade, para facer fronte aos grandes retos mundiais. Estes proxectos requiren, en xeral, o establecemento de consorcios de entidades públicas ou privadas, nas que o papel da entidade coordinadora está ligado ao liderado internacional ou europeo.

- **Europa innovadora:** abrangue o desenvolvemento de proxectos de vangarda que abren novas liñas de investigación e de negocio e promoven tecnoloxías innovadoras, así como outros proxectos encamiña-

dos a apoiar a viabilidade e a futura explotación de resultados de investigación.

Desde o comezo de 2018, tomando como referencia a data de inicio dos proxectos, a USC rexistra un total de 111 iniciativas aprobadas, 69 delas ao abeiro de Horizonte 2020 e 42 financiadas polo programa Horizonte Europa (cfr. [Táboa 12](#)). Entre estas iniciativas destacan cuantitativamente os proxectos conxuntos logrados na categoría de Accións de Investigación e Innovación, destinadas a establecer novos coñecementos e/ou explorar a viabilidade dunha tecnoloxía, produto, proceso, servizo ou solución. Acádanse, así mesmo, resultados relevantes no que atinxe ao desenvolvemento profesional e á formación do persoal investigador a través das actividades de mobilidade internacionais e intersectoriais do programa MSCA. Cómpre resaltar ademais a captación de 12 proxectos ao abeiro do financiamento proporcionado polo ERC nas modalidades de *Starting Grants* (StG), *Consolidator Grants* (CoG), *Advanced Grants* (AdG) e *Synergy Grants* (SyG) no marco de Horizonte 2020.

<sup>12</sup>As modalidades de axudas do ERC apoian proxectos de cinco anos de duración que permiten a creación de equipos de investigación excelentes coas seguintes características:

- *Starting Grants* (StG): experiencia investigadora de dous a sete anos desde a finalización do doutoramento e financiamento de 1,5 millóns de euros por subvención.
- *Consolidator Grants* (CoG): experiencia investigadora de sete a doce anos desde a finalización do doutoramento cunha prometedora traxectoria profesional científica e financiamento de 2 millóns de euros por subvención.
- *Advanced Grants* (AdG): directores/as de investigación recoñecidos como excepcionais que realicen proxectos pioneiros de alto risco e financiamento de 2,5 millóns de euros por subvención.
- *Synergy Grants* (SyG): grupos de dous a catro investigadores/as principais para os/as que non se prevén criterios de elixibilidade específicos en canto a formación académica. As propostas avalíanse en base ao criterio de excelencia científica, con axudas de ata un máximo de 10 millóns de euros.



Horizonte 2020 e Horizonte Europa 2014-2020 e 2021-2017		2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	Total
Horizonte 2020	Accións individuais do ERC		4	2	5	1			12
	Accións individuais de formación posdoutoral (MSCA)	2	1	3	4				10
	Redes de formación predoutorais (MSCA)	1	4	2	1				8
	Proxectos conxuntos	3	16	9	10	1			39
Horizonte Europa	Accións individuais do ERC						2		2
	Accións individuais de formación posdoutoral (MSCA)					3	5	3	11
	Redes de formación predoutorais (MSCA)						6	1	7
	Proxectos conxuntos					8	8	6	22
<b>Total</b>		<b>6</b>	<b>25</b>	<b>16</b>	<b>20</b>	<b>13</b>	<b>21</b>	<b>10</b>	<b>111</b>

**Táboa 12.** Proxectos Horizonte 2020 e Horizonte Europa correspondentes aos períodos de programación 2014-2020 e 2021-2027 iniciados a partir do ano 2018.

Do total de proxectos postos en marcha desde 2018, a USC figura como institución coordinadora en 41 das propostas aprobadas, das que 21 constitúen accións individuais posdoutorais ao abeiro das axudas MSCA e 12 son accións do ERC. A estas cifras cómpre engadir un total de 8 proxectos conxuntos coordinados, dos que 3 constitúen redes de formación predoutorais (MSCA). Nas axudas proporcionadas polo ERC, a USC ocupa o décimo posto na captación deste tipo de proxectos, dun total de 102 institucións e organismos de investigación en España que acadaron nalgún momento financiamento a través desta liña. A USC ocupa, así mesmo, o terceiro lugar na captación de *Synergy Grants*, as iniciativas investigadoras de maior envergadura entre as axudas concedidas polo ERC. As propostas Horizonte 2020 e Horizonte Europa aquí mencionadas achegan á USC no período identificado un financiamento total de 50.751.986,43€.

### ERASMUS+

A actividade de cooperación da USC no seo de iniciativas internacionais non se limita á investigación, senón que a Universidade posúe, así mesmo, unha longa e próspera traxectoria na coordinación e participación en proxectos de cooperación internacional no eido da innovación educativa a través do programa Erasmus+. A experiencia en Erasmus+ permitiulle á USC estable-

cer sólidos lazos de cooperación cun amplo número de rexións do mundo, colaborando con países europeos de dentro e fóra da UE, así como con países de Oriente Medio, Asia Central e sueste asiático, América Latina e o Caribe, e a África mediterránea e lusófona. No período comprendido entre 2018 e 2023, a USC acadou un total de 51 propostas Erasmus+ (liderando como institución coordinadora 13 destes proxectos), que proporcionaron á Universidade un financiamento total de 5,1 millóns de euros.

Os proxectos desenvolvidos enmárcanse principalmente nunha das accións específicas do programa Erasmus+, a Acción clave 2, vencellada á cooperación entre organizacións e institucións no ámbito internacional. Pola contra, as iniciativas relacionadas coa Acción clave 3, orientada ao desenvolvemento e reforma de políticas na contorna da UE, suscitaron tradicionalmente un menor interese por parte dos membros da comunidade da USC, dada a súa temática.

Dentro da Acción clave 2 destaca a presenza da USC nas seguintes tipoloxías de proxectos:

- **Asociacións Estratéxicas (Asociacións de Cooperación** no período 2021-2027), que teñen por obxecto apoiar o desenvolvemento, a transferencia e a aplicación de prácticas innovadoras e a mellora da calidade das actividades das institucións e orga-

nizacións de educación superior a escala europea, reforzando ademais a súa capacidade para operar en redes transnacionais. A metade das propostas coordinadas pola USC no período analizado pertencen a esta tipoloxía de proxectos.

- Proxectos orientados ao desenvolvemento de capacidades en institucións de educación superior (**Capacity Building**), nos que a USC adquire un papel relevante no eido da transferencia de coñecemento, co obxectivo de impulsar a modernización dos sistemas de educación e formación de terceiros países, facilitando a súa adecuación aos requirimentos e necesidades do mercado laboral. A USC figura como coordinadora de catro proxectos de desenvolvemento de capacidades entre os anos 2018 e 2023.

O período de programación de 2021-2027 propiciou a participación da USC en novas modalidades de proxectos no marco da Acción clave 2, en concreto nas seguintes:

- **Alianzas para a Innovación**, que pretenden reforzar a capacidade de innovación de Europa a través da cooperación e o fluxo de coñecementos, impulsando a colaboración entre as institucións de educación superior, a empresa e as institucións provedoras de educación e formación profesional.

- **Medidas de Deseño Erasmus Mundus**, que abren a posibilidade a pequenos proxectos preparatorios de accións de másteres conxuntos Erasmus Mundus, modalidade na que a USC puxo en marcha no ano 2022 unha proposta en calidade de institución coordinadora, dando así continuidade á experiencia adquirida coa implantación previa de dous másteres conxuntos Erasmus Mundus: Máster Erasmus Mundus en Encrucilladas nas Narrativas Culturais e Máster Erasmus Mundus en Lexicografía (cfr. apartado 4 *supra*).

- **Academias de Profesores Erasmus+**, que teñen por finalidade contribuír á mellora das políticas e ao reforzo da dimensión europea e a internacionalización do profesorado en Europa, fomentando para iso a cooperación entre institucións e organizacións provedoras de formación inicial e de formación continua do profesorado.

Tal e como se amosa na **Táboa 13**, os anos 2019 e 2020 reflicten as cifras máis elevadas de captación de recursos a través dos proxectos de cooperación internacional no ámbito educativo do programa Erasmus+, rexistrándose a partir do 2021 un descenso no número de proxectos acadados. A pandemia marcou aquí un período de inflexión que impactou na captación de proxectos, recuperándose e reactivándose notablemente a actividade institucional no ano 2023.

Erasmus+ 2014-2020 e 2021-2017		2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	TOTAL
Acción clave 2	Desenvolvemento de capacidades no eido da educación superior	1	5	4	1		5		16
	Asociacións de Cooperación				1	2	3		6
	Medidas de Deseño Erasmus Mundus					1			1
	Másteres conxuntos Erasmus Mundus	2						1	3
	Alianzas para o Coñecemento	1	1						2
	Asociacións Estratéxicas no campo da educación, a formación e a xuventude	3	2	9	4				18
	Alianzas para a Innovación						2		2
	Academias de Profesores Erasmus+						1		1
Acción clave 3	Apoio á reforma de políticas da UE		2						2
<b>Total</b>		<b>7</b>	<b>10</b>	<b>13</b>	<b>6</b>	<b>3</b>	<b>11</b>	<b>1</b>	<b>51</b>

**Táboa 13.** Proxectos Erasmus+ correspondentes aos períodos de programación 2014-2020 e 2021-2027 iniciados a partir do ano 2018.



## INTERREG

No marco de desenvolvemento de proxectos internacionais, resulta así mesmo destacable a experiencia da USC na participación e coordinación de propostas de cooperación territorial europea ao abeiro do programa Interreg. Este instrumento de financiamento ten como finalidade impulsar o desenvolvemento rexional a través da cooperación entre rexións europeas a diferentes niveis. Interreg artéllase en tres eixos de cooperación: transfronteiriza (Interreg A), transnacional (Interreg B) e interrexional (Interreg C). Dentro desta liña de financiamento, puxéronse en marcha no período comprendido entre 2018 e 2023 un total de 37 proxectos, prevéndose o inicio de tres máis en 2024. Deles, 19 son iniciativas de cooperación transnacional desenvolvidas no contexto das iniciativas comunitarias SUDOE (7), que apoia o desenvolvemento

rexional no suroeste europeo, e ATLANTIC AREA (12), que promove a cooperación entre rexións atlánticas de catro países europeos – España, Francia, Irlanda e Portugal. Un total de 21 proxectos enmárcanse no programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP). A USC figura como institución coordinadora de seis deles, en particular, os aprobados no marco das convocatorias máis recentes. As propostas Interreg mencionadas reportaron á USC un financiamento total de 9.031.823,46€. As cifras que se amosan na **Táboa 14** non marcan unha liña evolutiva na captación de proxectos, senón que reflicten o resultado da participación en diversas convocatorias do programa Interreg (dos períodos de programación 2014-2020 e 2021-2027), cuxa publicación non responde ao patrón de convocatorias anuais.

INTERREG		2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	TOTAL
INTERREG A	POCTEP	2	8			2	9		21
	SUDOE	2		2				3	7
INTERREG B	ATLANTIC AREA		7				5		12
<b>Total</b>		<b>4</b>	<b>15</b>	<b>2</b>		<b>2</b>	<b>14</b>	<b>3</b>	<b>40</b>

**Táboa 14.** Proxectos Interreg correspondentes ao período de programación 2014-2020 e 2021-2027 iniciados a partir do ano 2018.





## 6. O desenvolvemento do modelo de internacionalización na casa

Aínda que acuñado a finais da década dos 90, o concepto de 'Internacionalización na casa' (*Internationalization at Home; IaH*) adquire nos últimos anos un notable impulso e protagonismo nas políticas e estratexias educativas das institucións de educación superior. A expresión 'Internacionalización na casa' enténdese como un proceso de enfoque transversal, por medio do cal se integran competencias de carácter internacional e intercultural nos currículos formal e informal, así como nas situacións de aprendizaxe que afronta o estudantado e todo o persoal da institución.

En relación directa con esta dimensión da internacionalización na casa, a USC organiza puntual ou periodicamente unha serie de actividades dirixidas a favorecer o desenvolvemento do coñecemento, as habilidades interculturais e o entendemento internacional por parte de todos os colectivos que integran a comunidade universitaria. Non obstante, son aquelas que fomentan a interacción entre o estudantado local e o estranxeiro as que espertan un maior interese e participación, deixando marxe para a actuación institucional de mellora da internacionalización na casa a outros niveis que permitan estender os beneficios da internacionalización a toda a comunidade. Entre as actuacións no eido da internacionalización na casa que a USC vén desenvolvendo nos últimos anos, destacan as seguintes:

- Anualmente, nas primeiras semanas do curso académico, celébrase en Santiago de Compostela un acto institucional de acollida para estudantes internacionais, o *International Welcome Day* ('Día de benvida

internacional'), que propicia o encontro entre a comunidade universitaria internacional e local.

- O Centro de Linguas Modernas da USC (CLM) promove o intercambio lingüístico a través do denominado 'Café de linguas do CLM'. Esta actividade inclúe sesións de conversa que fomentan o contacto entre persoas de diferentes nacionalidades e culturas que comparten o interese por mellorar a súa competencia oral en diversas linguas e compartir experiencias e coñecementos multiculturais a través de encontros e xogos.

- O CLM ofrece, así mesmo, a posibilidade de participación en tándems lingüísticos que promoven a interacción entre estudantado local e estranxeiro a través dunha modalidade interactiva e de colaboración recíproca para a aprendizaxe de linguas. O tándem é un método de aprendizaxe aberto que se basea no principio de colaboración voluntaria e regular entre dúas persoas que estudian cada unha a lingua materna da outra.

- Entre as actividades do CLM figuran tamén as 'Andainas lingüísticas', realizadas en colaboración co Servizo de Deportes da USC, a Fundación USC, Voluntariado da USC e estudantes en prácticas. Esta actividade persegue fomentar o contacto entre persoas que poden pertencer a nacionalidades e culturas distintas mais que, porén, sempre posúen algo en común: o seu interese no coñecemento dunha lingua estranxeira, na mellora das destrezas orais nesa lingua e o seu desexo de compartir experien-



cias e de aprender dos demais. Ao mesmo tempo, estes encontros fóra de aula teñen o obxectivo de exercer unha actividade saudable mediante excursións curtas a pé para coñecer lugares de interese da contorna.

- Distintos departamentos da Universidade, como a Área de Deportes, poñen as súas instalacións e actividades ao servizo da integración e da interculturalidade. A modo de exemplo, do 24 ao 26 de marzo de 2023 a asociación estudiantil *Erasmus Student Network-Santiago* (ESN) organizou os *National Erasmus Games* (NES), en colaboración coa USC.






## 7. Análise DAFO

A diagnose realizada e plasmada ao longo das seccións anteriores deste capítulo permitiu a identificación das principais debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que xorden como elementos determinantes da estratexia de internacionalización da USC, e que se recollen na análise DAFO (Táboa 15) inserida a continuación.

DEBILIDADES		AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>» Débil arraigo da transversalidade na xestión de internacionalización.</li> <li>» Ausencia de canais de comunicación internos específicos no eido da internacionalización.</li> <li>» Dificultade de aproveitamento da información, recursos e capacidades da internacionalización debido á súa dispersión.</li> <li>» Escasa proxección internacional a través da web (escaso foco na internacionalización e falta de contidos en lingua inglesa).</li> <li>» Limitada actividade no marco de redes académicas internacionais das que a USC forma parte.</li> <li>» Reducida visibilidade da actividade de internacionalización entre a comunidade universitaria.</li> <li>» Escasa oferta académica en lingua estranxeira.</li> <li>» Dificultade de captación de profesorado formado no estranxeiro por limitacións normativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>» Falta de proxección das estruturas de apoio ao persoal investigador estranxeiro.</li> <li>» Necesidade de reforzo de capacidades técnicas, lingüísticas e interculturais no eido da internacionalización.</li> <li>» Baixas cifras de mobilidade de doutoramento Erasmus+ KA131.</li> <li>» Débiles cifras de mobilidade de PTXAS, concentrada ademais no persoal ligado ás áreas de internacionalización.</li> <li>» Dispersión dos datos de mobilidade en prácticas, de PDI, PTXAS e mobilidade investigadora.</li> <li>» Escasa mobilidade de estudantado propio cara a países de fóra do EEES debido á inexistencia de programas de financiamento específico.</li> <li>» Insuficiente estímulo para a participación en actividades de internacionalización na casa debido, en parte, á falta de dominio lingüístico ou á ausencia de recoñecemento académico/profesional delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>» Dificultades para a implantación da virtualidade nas relacións de xestión universitaria no ámbito internacional.</li> <li>» Limitacións dos recursos para a internacionalización.</li> <li>» Crecente competencia na captación de estudantado, talento investigador e recursos de financiamento entre as universidades no ámbito internacional.</li> <li>» Preferencia por parte do estudantado de universidades con oferta máis competitiva en lingua inglesa.</li> <li>» Posibilidade de fuga de talento académico e investigador no marco das colaboracións internacionais con outras universidades.</li> <li>» Existencia de modelos universitarios diverxentes que dificultan a mobilidade.</li> <li>» Ausencia de percepción da internacionalización na casa como obxectivo curricular ou profesional.</li> </ul>

FORTALEZAS		OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>» Recoñecida bagaxe na xestión da internacionalización.</li> <li>» Aliñamento coas directrices europeas, estatais e autonómicas en materia de internacionalización.</li> <li>» Capacidade adquirida no uso e aproveitamento das tecnoloxías dixitais ao servizo da xestión institucional.</li> <li>» Incorporación á alianza de <i>Universidades Europeas</i> EUniWell.</li> <li>» Asentada experiencia no eido da promoción a través de feiras internacionais.</li> <li>» Rede estable e consolidada de vínculos institucionais a través de convenios internacionais.</li> <li>» Bo posicionamento da USC en indicadores de reputación internacionais.</li> <li>» Dilatada experiencia na execución e captación de fondos a través de proxectos internacionais no eido educativo, da investigación e da cooperación territorial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>» Experiencia na implantación de titulacións conxuntas no ámbito internacional.</li> <li>» Contrastada capacidade de atracción investigadora.</li> <li>» Sólida traxectoria de participación da USC en programas internacionais de mobilidade.</li> <li>» Fluxo estable e consolidado de mobilidade estudantil.</li> <li>» Ampla cobertura xeográfica no marco da mobilidade por programas internacionais.</li> <li>» Cifras de mobilidade á altura da media do SUE.</li> <li>» Capacidade de atracción da USC como destino académico de longa tradición e destino xeográfico de interese cultural, lingüístico e patrimonial.</li> <li>» Compromiso institucional coa potenciación da internacionalización na casa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>» Existencia de ferramentas dixitais ao servizo da captación de estudantado.</li> <li>» Óptimo escenario de transformación dixital iniciada a raíz da pandemia da Covid-19.</li> <li>» Estímulo da competencia con outras universidades.</li> <li>» Existencia de numerosos vínculos xeográficos estratéxicos.</li> <li>» Participación en redes e asociacións internacionais.</li> <li>» Aposta do financiamento europeo polo impulso a titulacións conxuntas.</li> <li>» Auxe de medidas europeas de apoio ao reforzo do Espazo Europeo de Investigación.</li> <li>» Oportunidades de captación de alumnado estranxeiro en países con afinidade lingüística e cultural en Latinoamérica e a África lusófona.</li> <li>» Evolución cara a transversalidade da internacionalización, co conseguinte fomento da adhesión da comunidade universitaria.</li> </ul>

Táboa 15. Análise DAFO



## 8. Conclusións

A análise efectuada, resumida nas seccións anteriores deste capítulo, conduce á formulación de conclusións que cimentan as prioridades que rexerán a estratexia integral e multidimensional coa que dar continuidade e reforzar a actividade de internacionalización da nosa Universidade.

A traxectoria de internacionalización da USC, notablemente frutífera baseada nunha consolidada experiencia e en resultados amplamente satisfactorios no que atinxe ao posicionamento internacional da institución, require dun impulso que aborde as deficiencias identificadas, partindo da articulación de mecanismos de xestión e coordinación que propicien a posta en valor no ámbito interno e externo dos beneficios da internacionalización.

Transversalidade e valorización de recursos xorden como elementos clave dunha estratexia na que a USC debe aproveitar e facilitar o uso coordinado dos recursos dispoñibles, en aras dunha optimización da súa presenza no escenario internacional, en confluencia co seu papel de referente na contorna local, autonómica e estatal.

A bagaxe adquirida ao longo dos anos convértese en activo esencial a partir do cal progresar na estratexia de internacionalización, mellorando e enriquecendo as prácticas vixentes nos diversos ámbitos analizados na diagnose recollida nas seccións anteriores deste capítulo.

### A proxección e visibilización internacional

No relativo á proxección e ao posicionamento internacional da USC, a diagnose realizada suxire a necesidade de acometer melloras na proxección exterior da institución a través dunha remodelación do portal web internacional, dotándoo da configuración, estrutura e contidos pertinentes para actuar como reclamo para a atracción e captación dun público internacional.

A identificación, difusión e posta en coñecemento da comunidade universitaria do tecido de redes e asociacións que avalan a USC como institución con sólida presenza internacional constitúe, así mesmo, unha acción de necesaria execución no marco da estratexia de proxección internacional. Esta medida resulta clave para dinamizar a participación e aproveitamento por parte de todos os colectivos que conforman a comunidade universitaria das oportunidades de colaboración internacional, formación, mobilidade e intercambio de coñecementos factibles a través destas relacións institucionais.

Con respecto á promoción internacional da universidade canalizada a través da asistencia a feiras e eventos de *networking*, a consolidación da modalidade de feiras virtuais a partir da pandemia da Covid-19 expandiu as posibilidades de representación da USC neste tipo de eventos internacionais. A redución de custos e a flexibilidade de participación constitúen

as principais vantaxes das feiras virtuais, que se converten, en función da súa configuración e obxectivos, en alternativa ou complemento ás feiras presenciais, con resultados positivos na traxectoria da USC nos últimos anos. A modalidade virtual resulta apropiada para a organización de xornadas e webinarios para a difusión da oferta académica das universidades, mentres que as feiras presenciais constitúen un foro de encontro e contacto entre institucións e entre estas e o potencial estudiantado. Ambas as dúas modalidades conflúen nun escenario pospandemia como ferramentas esenciais para a captación de alumnado estranxeiro. Seguindo as directrices do PGFU 2022-2026, deben aumentarse os esforzos de captación de alumnado iberoamericano. Neste senso, a valoración da participación en feiras virtuais ou presenciais debe atermarse a criterios de oportunidade que teñan en conta a importancia estratéxica das institucións e países anfitrións, os vínculos e relacións vixentes ou potenciais coa USC, o impacto esperado da asistencia a elas en termos de matrícula de estudiantado e a referencia de resultados de experiencias previas. A este respecto, adquire especial relevancia a implantación e optimización do uso de ferramentas dixitais que permitan visibilizar e efectuar un seguimento do impacto das feiras, así como contribuír ao posicionamento da USC no escenario educativo internacional.

A adhesión da comunidade universitaria á estratexia de posicionamento internacional da USC resulta, así mesmo, clave para garantir a eficacia das accións de proxección cara ao exterior, polo que a comunicación interna na contorna académica e institucional emerxe como aliada necesaria no desenvolvemento das accións que sosteñen o Plan.

### A mobilidade universitaria

A experiencia acumulada pola nosa Universidade nas últimas décadas no ámbito dos intercambios interinstitucionais e a existencia de máis de 900 convenios Erasmus+ e arredor de 600 convenios bilaterais con máis de 400 institucións extracomunitarias pertencentes a máis de 70 países representan unha garantía para o desenvolvemento de accións de mobilidade dos distintos colectivos que conforman a comunidade universitaria. O aproveitamento desta conxuntura

depende en boa medida dun impulso á xestión da colaboración internacional, actuando sobre as debilidades identificadas e salvando os escollos detectados no escenario actual. A progresión no establecemento da oferta de prazas de mobilidade entrante e saínte ten que basearse nunha actualización e racionalización dos convenios que obedeza, ademais de a un mutuo interese institucional, a unha distribución ordenada e compensada por centros e facultades.

A dinamización do fluxo de mobilidade saínte, considerablemente inferior á mobilidade entrante en todos os programas de intercambio agás o Erasmus+ KA131, convértese nun obxectivo a abordar a través de medidas de difusión axeitadas, da potenciación da formación lingüística e do estímulo á participación de estudiantado, apoiando a superación de desafíos de tipo económico e de descoñecemento de posibilidades e beneficios da internacionalización. O fomento da mobilidade no marco das oportunidades de intercambio proporcionadas por asociacións e redes das que a USC forma parte engade posibilidades de aproveitamento para todos os colectivos da comunidade universitaria, especialmente para os de PDI e PTXAS.

A mellora das cifras de mobilidade saínte require, así mesmo, dun impulso á adhesión da comunidade universitaria á estratexia de internacionalización. O estímulo á participación dos distintos colectivos nas accións de internacionalización esixe un reforzo da actividade de difusión, así como unha posta en valor dos resultados da súa implicación en termos de desenvolvemento académico ou profesional e de beneficios e visibilidade da experiencia adquirida. Os avances a este nivel contribuirían a readaptar fluxos de mobilidade saínte con respecto á mobilidade entrante e a paliar desequilibrios naquelas convocatorias como as de PDI e PTXAS ás que concorre maioritariamente persoal ligado ás áreas e unidades de internacionalización ou implicado na execución de proxectos internacionais.

No marco da organización da mobilidade saínte vencellada a programas europeos con financiamento distribuído por áreas xeográficas, como é o caso do Erasmus+ KA171, a experiencia da USC reflicte unha tendencia evolutiva dinámica e cambiante no que atinxe á cobertura da mobilidade por zonas xeográficas no ámbito internacional. A progresión nesta

liña require a adopción de decisións baseadas en criterios estratéxicos como os seguintes: a garantía de presenza da USC en áreas xeográficas de interese emerxente no marco das prioridades establecidas nas políticas europeas, estatais e autonómicas; a procura de destinos con afinidade cultural e lingüística facilitadora dun maior aproveitamento académico das mobilidades realizadas e reclamo para quen renuncia a unha experiencia de mobilidade por mor das barreiras lingüísticas; e unha planificación na que as expectativas se traduzan nun beneficio académico e profesional susceptible de alentar a continuidade da colaboración internacional.

Sen renunciar á exploración de novas áreas xeográficas no establecemento de relacións institucionais que propicien a mobilidade, emerxe a necesidade de reforzar os lazos existentes con países de América Latina, tal e como se recolle no PGFU 2022-2026, así como cos países da lusofonía, área identificada como prioritaria na Programación Plurianual da USC 2023-2026.

A acollida de estudantado e persoal estranxeiro na USC sufriu un impacto considerable á baixa nos cursos académicos 2019-2020 e 2020-2021, pero experimentou a partir do curso 2021-2022 unha destacable recuperación ata números previos á pandemia. As cifras xerais de estudantado estranxeiro na USC nestes últimos cursos sitúanse en valores moi próximos á media do SUE, marcando unha tendencia positiva na dinámica de recuperación.

O estímulo á mobilidade entrante require de accións a diferentes niveis que conflúen na necesidade de incrementar o atractivo da Universidade no escenario educativo internacional. Este propósito ten que abordarse con actuacións de fomento de proxección e visibilidade de cara ao exterior, completadas con accións no ámbito interno vencelladas á promoción dunha oferta académica competitiva na contorna internacional, a un sistema de xestión das mobilidades estruturado e coordinado e a unha adecuada política de incorporación á USC do estudantado e persoal estranxeiro.

Requírese, así mesmo, unha actualización da normativa afectada e o reforzo dos protocolos vixentes, garantindo unha coordinación eficaz entre os axentes

de internacionalización e unidades da USC involucradas na acollida e rexistro de estudantado e persoal entrante, solucionando así a dispersión da información e as dificultades identificadas na extracción de datos para algunhas categorías de mobilidade.

Tanto no que atinxe á mobilidade saínte como á mobilidade entrante, a experiencia adquirida durante o período da pandemia no uso e aplicación das tecnoloxías dixitais reforza as posibilidades da mobilidade virtual como complemento á tradicional mobilidade presencial. O esforzo de dixitalización das universidades como consecuencia da crise da Covid-19 ofrece unha boa oportunidade para afondar no uso das novas tecnoloxías como recurso para a mellora da colaboración no ámbito internacional, así como para unha optimización dos procesos de xestión da mobilidade.

### A atracción de estudantado e PDI estranxeiro

Á marxe das estadías de mobilidade, o PGFU 2022-2026 evidencia a necesidade das universidades do SUG de reforzar a captación de estudantado de fóra do EEES que veña realizar estudos completos nas universidades públicas galegas. Aínda que as cifras da USC se situaron nos últimos anos en valores moi similares aos do SUE, a presenza deste tipo de estudantado resulta de interese prioritario, tendo en conta a súa achega á Universidade en termos de diversidade, prestixio e recoñecemento no marco da comunidade académica mundial.

A estratexia de captación de estudantado internacional coa finalidade de efectuar titulacións completas debe poñer o foco nas accións de promoción a través de feiras, eventos e redes, entre outros, coa conseguinte análise do seu impacto e efectividade. Esta promoción debe vir avalada pola existencia dunha oferta académica atractiva a todos os niveis e pola disposición de ferramentas e recursos comunicativos e de xestión que propicien a elección da USC como universidade de destino para a realización dun ciclo de estudos completo.

A presenza de PDI estranxeiro na USC, aínda que próxima en cifras á do SUE, require, así mesmo, un

impulso. Este, supeditado á normativa de contratación vixente, debe sustentarse nun reforzo e mellora das oportunidades no campo da investigación, así como nun aproveitamento das relacións de cooperación internacionais para a promoción da colaboración docente nas modalidades presencial, híbrida e virtual. A potenciación das oportunidades de mobilidade entrante e saínte de PDI constitúe un primeiro acicate para o establecemento de colaboracións internacionais de continuidade que se materialicen na incorporación de PDI estranxeiro á USC. Con todo, cómpre ter en conta o valor engadido e o papel relevante que desempeña a actividade de apoio á incorporación e acollida de PDI nas institucións universitarias. Na USC, este soporte proporciónoa na actualidade o Centro Galego Euraxess, ademais do propio PDI anfitrión e o persoal xestor dos centros de investigación, que acollen a preto do 20% do persoal que chega á USC na modalidade de investigador visitante. A ausencia dun procedemento coordinado de apoio á incorporación de PDI estranxeiro constitúe un escollo de necesaria abordaxe de cara á optimización de recursos e á mellora da imaxe da USC ante a comunidade investigadora estranxeira.

### A internacionalización da oferta docente

Un dos reclamos da Universidade para a comunidade estranxeira é a súa oferta académica, tanto no relativo ás opcións que proporciona no eido da mobilidade como para a realización de estudos completos. O uso de linguas estranxeiras na docencia convértese nun elemento indispensable para a atracción de estudantado e PDI estranxeiro. Non obstante, a escasa presenza de docencia en linguas diferentes ao galego e ao castelán nos programas de estudo (arredor do 4%) supón para a USC un obstáculo no marco da súa estratexia de internacionalización, dificultando a captación de estudantado internacional e o establecemento dos convenios necesarios para a promoción da mobilidade. No caso dos convenios existentes, favorece o desequilibrio entre a mobilidade saínte e entrante nas relacións con países con ampla oferta de programas de estudo impartidos en lingua inglesa. A ausencia de oferta académica en lingua estranxeira, con presenza íntegra só no Grao en Lingua e Literatura Inglesas e en tres programas

de máster, entraña, máis que unha dificultade, un reto que require de medidas que estimulen a participación do profesorado, incentiven a súa capacitación en linguas estranxeiras e fomenten a súa motivación para a impartición da docencia en linguas diferentes do galego ou castelán, contando co apoio formativo e administrativo necesario.

Ademais de dificultades e retos, a oferta académica proporciona oportunidades favorables para facilitar a captación de estudantado estranxeiro e a internacionalización a través do establecemento de titulacións conxuntas e dobres titulacións, onde a USC posúe acreditada experiencia, nomeadamente nos estudos de máster e doutoramento. As titulacións conxuntas e dobres titulacións constitúen esquemas de cooperación académica institucional cada vez máis habituais e consolidados no ámbito internacional, con gran potencial de aproveitamento para a USC, considerando a súa bagaxe previa e o apoio co que conta esta modalidade de colaboración no marco das liñas de financiamento na contorna europea.

Os procesos de internacionalización encontran nos estudos de doutoramento, que ocupan un lugar central na formación investigadora, un marco de desenvolvemento propicio para a ampliación de horizontes colaborativos. As teses de doutoramento en cotutela e as teses con Mención de Doutoramento Internacional proporcionan as canles idóneas para a internacionalización destes estudos. Se ben nos últimos anos se mantivo unha traxectoria regular nas cifras relativas



ás teses defendidas en ambas as dúas modalidades, a potenciación delas vai intrinsecamente ligada á promoción e apoio ás estadías de mobilidade, estimándose oportuno o establecemento de criterios de prioridade para a mobilidade de doutoramento no marco dos programas e axudas de intercambio xestionados pola USC.

### Os proxectos de investigación, innovación educativa e cooperación territorial

A longa e consolidada experiencia da USC no desenvolvemento da internacionalización a través da realización de proxectos nos ámbitos da investigación, a innovación educativa e a cooperación territorial sitúaa nunha posición favorable na senda evolutiva da internacionalización por esta vía. A transición dos principais programas de financiamento europeo do período de programación 2014-2020 ao 2021-2027 amplía o abano de posibilidades de internacionalización ligado a unha maior dotación orzamentaria, a novas oportunidades de cooperación nos ámbitos da investigación, a innovación, a ciencia aberta, a racionalización de consorcios e alianzas, a diversidade, a inclusividade, a mobilidade, a transición dixital e ecolóxica e a cooperación reforzada entre países e rexións.

Neste escenario, a USC atópase ante o reto de incrementar a súa presenza en consorcios de cooperación internacional, potenciando os vínculos xa consolidados na contorna internacional e apostando por novas colaboracións en áreas e liñas académicas e de investigación innovadoras, atendendo tanto a criterios estratéxicos internos como externos. No ámbito interno procede valorar, entre outros, a continuidade de relacións institucionais de éxito, a viabilidade das iniciativas e a pertinencia e complementariedade dos consorcios que se conformen, o impacto dos resultados no fortalecemento institucional e na propia internacionalización da institución, a repercusión na ampliación da dimensión internacional da docencia e da investigación ou as posibilidades de sostibilidade e transferencia dos resultados. No que atinxe a condicionantes externos, os criterios de oportunidade virán marcados polas directrices e polas prioridades das liñas de financiamento que emanan das autoridades

educativas autonómicas, estatais e europeas.

O fomento da colaboración no marco de proxectos internacionais require, para maior efectividade, do acompañamento institucional mediante accións de apoio específico formalizadas a través da sinatura de convenios e da integración ou activación da participación en asociacións e redes de carácter internacional.

A posta en valor dos propios recursos, capacidades e experiencia institucional é imprescindible para o seu aproveitamento no fomento da colaboración a través de proxectos internacionais. Do mesmo xeito, resulta esencial garantir a capacitación e actualización de coñecementos de todos os axentes con papel relevante na promoción internacional a través de proxectos, a fin de asegurar o correcto devir e progresión desta canle da internacionalización.

### O desenvolvemento do modelo de internacionalización na casa

A actividade de internacionalización na casa, na actualidade vencellada fundamentalmente á organización de accións que fomenten a interacción entre a comunidade universitaria estranxeira e a local, precisa dun enfoque máis ambicioso que transcenda a organización de accións puntuais e avogue por tinxir de xeito transversal todas as súas actuacións. O obxectivo a acadar é o de conseguir que a comunidade universitaria se sinta parte activa na estratexia de proxección exterior da institución á que pertence e perciba os beneficios da internacionalización tanto no seu desenvolvemento persoal e profesional como na consolidación da identidade institucional.

A diagnose plasmada neste capítulo permite identificar nos logros do proceso de internacionalización da USC durante os últimos anos os fundamentos necesarios para manter e impulsar o seu posicionamento no escenario internacional. Aproveitar as oportunidades emerxentes e dar resposta ás necesidades detectadas coa planificación e recursos adecuados constitúe o obxectivo do Plan de Internacionalización 2024-2026, que identifica como prioridade a articulación da internacionalización e os seus mecanismos de xestión ao redor da misión institucional. As accións deseña-

das como resultado da diagnose realizada aspiran a afondar na senda da internacionalización en liña coas principais políticas, normativas e recomendacións que emanan das autoridades de educación superior no ámbito autonómico, estatal e europeo. Este Plan someterase á pertinente revisión e actualización derivada, de ser o caso, da publicación da Estratexia de Internacionalización do Sistema Universitario, pendente de elaboración polo Goberno en colaboración coas comunidades autónomas e coas universidades, segundo se recolle no artigo 24 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Cómpre pór de relevo que a actividade de internacionalización da USC, enmarcada no horizonte temporal do presente Plan, nutrirase de importantes sinerxías e oportunidades derivadas da integración da Universidade, no marco da iniciativa *Universidades Europeas*, no consorcio EUniWell (*European University for Well-Being*), vencelladas a unha abordaxe conxunta e multidisciplinar do concepto de benestar desde os ámbitos da investigación, da docencia, da mobilidade e da xestión institucional. ■



## 4

# Obxectivos xerais do Plan de Internacionalización 2024-2026

Partindo da análise presentada no Capítulo 3, así como do compromiso e vontade da USC de avanzar na integración da dimensión internacional na súa actividade e na misión global da institución, elabórase o Plan de Internacionalización 2024-2026 cos seguintes obxectivos xerais:

- Reforzar a reputación da USC e aumentar a súa visibilidade e recoñecemento no ámbito internacional, consolidándoa como institución de referencia para a captación de estudiantado e para a atracción de talento académico e investigador.
- Incrementar a competitividade global da USC promovendo a súa participación no marco de alianzas, foros e asociacións, así como a colaboración con organismos e institucións de educación superior e investigación internacionais como elemento facilitador do seu posicionamento, liderado e potencial de captación de talento e recursos no escenario mundial.
- Identificar, poñer en valor e favorecer o aproveitamento dos recursos, capacidades e potencialidades da USC no marco dunha estratexia de internacionalización estruturada e integradora, inserida na súa misión institucional, facilitando en consonancia a sensibilización de toda a comunidade universitaria en relación aos retos e beneficios que reporta este proceso.
- Fomentar a internacionalización do currículo do estudiantado e a excelencia académica e investigadora a través do impulso á aprendizaxe de linguas estranxeiras e da proxección da actividade docente, así como da presenza e liderado do persoal investigador en redes e consorcios internacionais.
- Mellorar a calidade da docencia e da investigación aproveitando as oportunidades que ofrece a colaboración internacional para a promoción do intercambio de coñecemento, do traballo interdisciplinar, da introdución de metodoloxías docentes e investigadoras innovadoras e do desenvolvemento de ideas e solucións aos retos globais aos que a USC debe dar resposta no seu propósito de contribuír á mellora da sociedade.
- Reforzar a mobilidade física do estudiantado, do PDI e do PTXAS e incentivar a mobilidade combinada e a mobilidade virtual como ferramentas de fortalecemento intercultural que contribúan á mellora do seu perfil académico e profesional.
- Promover as competencias internacionais e as habilidades interculturais do estudiantado, do PDI e do PTXAS, impulsando así a conformación dunha comunidade universitaria diversa e integradora.
- Proporcionar aos membros da comunidade universitaria experiencias baseadas nun enfoque intercultural e multilingüístico, que teña en conta valores como o fomento da igualdade e da diversidade e propicie a adquisición e mellora de competencias para afrontar o seu traballo e relacionarse nun escenario académico e profesional cada vez máis globalizado.
- Favorecer a adhesión de toda a comunidade universitaria á estratexia de promoción e visibilización internacional da USC, consolidando a internacionalización como eixo transversal da xestión institucional e elemento consubstancial á súa identidade, así como estandarte do seu compromiso co desenvolvemento global da sociedade. ■





## 5

# Liñas estratéxicas do Plan de Internacionalización



Coa finalidade de acadar os obxectivos xerais descritos no Capítulo 4, o Plan de Internacionalización 2024-2026 artículase ao redor de cinco liñas estratéxicas que inclúen, cada unha delas, unha serie de obxectivos específicos. No seo destas liñas propóñense un abano de accións que implican intervencións a distintos niveis, incluíndo: o fomento da coordinación e relacións entre autoridades, unidades e estruturas de xestión institucional; a xestión do coñecemento, das capacidades e dos re-

ursos institucionais; a potenciación da visibilidade e o reforzo da imaxe internacional da Universidade; a promoción da docencia e da investigación como ferramentas de expansión no escenario internacional; e o fomento da interculturalidade e da mobilidade como instrumentos ao servizo da adhesión do persoal e estudiantado da USC á visión de institución con vocación internacional.

As liñas estratéxicas que se formulan no Plan son:

## LIÑA ESTRATÉXICA 1

Impulso á coordinación e consolidación de estruturas, recursos e procesos de xestión eficiente da internacionalización

## LIÑA ESTRATÉXICA 2

Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

Fomento da internacionalización da docencia e da investigación

## LIÑA ESTRATÉXICA 4

Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual

## LIÑA ESTRATÉXICA 5


Reforzo da internacionalización na casa

O esquema de configuración así como as accións contidas nas anteditas liñas caracterízanse polo seu enfoque transversal e aglutinador do interese, obxectivos e funcións de toda a comunidade universitaria. A primeira das liñas aspira a sentar as bases funcionais e estruturais e a establecer os mecanismos de coordinación necesarios para garantir o aproveitamento interno dos recursos clave no marco da estratexia institucional de internacionalización. As catro liñas restantes poñen o foco en campos de referencia da internacionalización co propósito de garantir o impacto da presente estratexia no ámbito interno e externo.

A implementación dun Plan de Internacionalización como o formulado neste documento require da adhesión e do compromiso explícito da comunidade universitaria no seu conxunto, así como da dotación económica necesaria para executar as distintas accións que se asocian ás cinco liñas estratéxicas propostas. Na descrición que se ofrece a continuación para cada unha das liñas figura o orzamento previsto para o seu desenvolvemento ao longo dos tres anos de vixencia do Plan, que ascende a un total de 2.100.000€ (660.000€ para 2024, 700.000€ para 2025 e 740.000€ para 2026). Neste montante inclúese a dotación outorgada á USC pola Comisión Europea no marco do proxecto EUniWell para o trienio de execución do Plan. A finais do ano 2025 a Comisión

de Seguimento descrita no Capítulo 6 *infra* levará a cabo unha avaliación do cumprimento das distintas accións asociadas a cada unha das liñas estratéxicas, así como da consecución dos indicadores relacionados no Anexo III como condición para a obtención dun financiamento adicional de 210.000€, que se engadiría ao orzamento do Plan previsto para o ano 2026. Con esa finalidade avaliaranse os resultados acadados nos cursos 2023-2024 e 2024-2025 (nos ítems definidos por curso académico), así como nos anos 2024 e 2025 (naqueles ítems definidos por anualidade), en relación ao resultados constatados (reflected no Capítulo 3 de diagnose do presente Plan) para o curso académico 2022-2023 e para o ano 2023 no caso de rexistros anuais. A obtención (total ou parcial) deste financiamento adicional para a anualidade 2026 estará condicionada ao cumprimento dos indicadores recollidos no Anexo III, segundo os seguintes criterios:

- ▶ Consecución de 5 indicadores: 70.000€ (33% do total do financiamento adicional).
- ▶ Consecución de 10 indicadores: 140.000€ (66% do total do financiamento adicional).
- ▶ Consecución de 14 indicadores: 210.000€ (100% do total do financiamento adicional).



## LIÑA ESTRATÉXICA 1

### Impulso á coordinación e consolidación de estruturas, recursos e procesos de xestión eficiente da internacionalización

ORZAMENTO

128.000 €



A internacionalización das universidades, entendida como unha misión orientada a favorecer o seu desenvolvemento a curto e medio prazo, ten que canalizarse a través dunha estratexia e duns procedementos que asenten as súas bases nunha xestión interna efectiva, eficiente e transparente, na que o conxunto dos órganos de goberno e as súas estruturas dependentes participen de xeito coordinado no deseño e execución das accións orientadas a favorecer a internacionalización, así como no uso optimizado dos recursos destinados a ese fin.

A efectividade da estratexia de internacionalización depende inicialmente e en boa medida dos recursos, capacidades e medios dispoñibles e, nomeadamente, do aproveitamento óptimo e coordinado que se faga deles. Emerxe, en consecuencia, a necesidade de realizar unha identificación e posta en valor destes factores determinantes da internacionalización, poñendo o foco naqueles elementos susceptibles de incrementar a proxección exterior da Universidade e fomentar o impacto do proceso de internacionalización dentro e fóra da institución. O establecemento de canles e estruturas de coordinación no campo da internacionalización constitúe, así mesmo, un elemento básico para garantir a execución dunha estratexia de internacionalización sólida e consensuada. A definición de fluxos estables de colaboración permitirá garantir o adecuado aproveitamento das capacidades e recursos de internacionalización dos que dispón a Universidade. Coa mesma finalidade, resulta preciso acometer unha actualización e revisión dos procedementos, protocolos, recursos e ferramentas de canalización da internacionalización, superando obstáculos como o inmovilismo ou a rixidez e respondendo ás esixencias dunha xestión máis áxil e cohesiónada no ámbito institucional e aos requirimentos e tendencias que emanan das autoridades educativas no que atinxe á internacionalización das institucións de educación superior.



#### Obxectivos

- Promover a identificación, visibilidade e posta en valor dos recursos e accións de internacionalización da Universidade.
- Asentar e proxectar as estruturas de soporte á internacionalización na USC e promover a súa coordinación.
- Facilitar o intercambio e actualización de información vencellada ao eido da internacionalización en aras dun mellor aproveitamento interno e externo.
- Apoiar a xestión da internacionalización a través do establecemento de guías e protocolos.
- Revisar e actualizar a estratexia de colaboración internacional a través de convenios na procura de partenariados estratéxicos.
- Mellorar e automatizar os procesos de xestión da internacionalización.



#### Accións

- 1.1 Elaboración dun catálogo de capacidades, recursos, boas prácticas e indicadores de internacionalización na USC.
- 1.2 Creación e visibilización interna e externa dunha rede de axentes de internacionalización na USC.
- 1.3 Establecemento dun protocolo de comunicación de accións de internacionalización na USC.
- 1.4 Elaboración de protocolos e guías de apoio á xestión da internacionalización.
- 1.5 Revisión, actualización e promoción de novos convenios con foco na docencia e no desenvolvemento de proxectos conxuntos.
- 1.6 Optimización do uso de ferramentas dixitais multifuncionais na xestión da internacionalización.

## LIÑA ESTRATÉXICA 1

### Impulso á coordinación e consolidación de estruturas, recursos e procesos de xestión eficiente da internacionalización



#### Acción 1.1

#### Elaboración dun catálogo de capacidades, recursos, boas prácticas e indicadores de internacionalización na USC

##### Descrición da acción

A sólida traxectoria da USC no ámbito da internacionalización é garante da existencia dunha ampla bagaxe de accións e de recursos susceptibles de seren postos en valor en aras dunha maior visibilidade e dun mellor rendemento en termos de proxección exterior e de aproveitamento interno. Se ben a información relativa a estes recursos e accións se atopa a disposición das unidades, servizos ou persoas concretas que actúan como impulsores ou partícipes deles, non está sistematizada dun xeito eficiente que permita o seu aproveitamento por parte de calquera membro da comunidade universitaria. É preciso, polo tanto, arbitrar un procedemento que facilite a centralización de toda a información e a súa posta a disposición a través dun catálogo de capacidades, recursos, boas prácticas e indicadores da internacionalización. Este catálogo, de uso e carácter público, contribuirá a:

- ▶ Favorecer a coordinación interna das accións de internacionalización na USC, propiciando a posta en marcha de iniciativas propias e conxuntas no seo da institución.
- ▶ Fomentar a súa difusión en foros externos coa conseguinte potenciación e mellora da imaxe internacional da Universidade.

A execución da acción 1.1 require da implementación das seguintes fases:

- ▶ Deseño da estrutura do catálogo e identificación da tipoloxía de capacidades, recursos, boas prácticas e indicadores específicos que incluírá.
- ▶ Definición dos procedementos e, de ser o caso, das ferramentas de recollida de información.
- ▶ Procesamento e estruturación da información recompilada no soporte e formato que se determine como máis adecuado para a súa consulta e difusión.
- ▶ Publicación do catálogo a través da páxina web da USC e difusión interna.
- ▶ Integración da información do catálogo que resulte pertinente nos diversos materiais e ferramentas de difusión das que dispón a Universidade para o desenvolvemento do seu labor de proxección exterior.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
xuño 2024

##### Unidades / Áreas / Servizos Responsables:

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Oficina de Proxección Internacional, Oficina de Mobilidade e Oficina de Captación Internacional.

##### Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:

Todas as vicerreitorías a través das súas unidades e servizos correspondentes, o Gabinete do reitor, o Centro de Datos e Procesos, así como o PDI e PTXAS involucrado nas accións de internacionalización, arbitrando a posibilidade dunha canalización centralizada da información a través de representantes ou responsables de facultades, escolas e centros de investigación.

##### Indicadores:

- ▶ Catálogo de capacidades, recursos, boas prácticas e indicadores da internacionalización na USC.

## LIÑA ESTRATÉXICA 1

### Impulso á coordinación e consolidación de estruturas, recursos e procesos de xestión eficiente da internacionalización



#### Acción 1.2

#### Creación e visibilización interna e externa dunha rede de axentes de internacionalización na USC

##### Descrición da acción

A implicación dunha parte dos axentes que interveñen nas actividades de internacionalización da Universidade atópase definida no [Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela](#), aprobado no Consello de Goberno do 26 de outubro de 2012 (DOG do 28 de novembro de 2012), no que se alude a axentes e unidades cun papel relevante na organización da mobilidade estudantil (responsables académicos/as de mobilidade, coordinadores/as académicos/as de mobilidade, unidades de apoio á xestión de centros e departamentos). Non obstante, a internacionalización da Universidade transcende o ámbito da mobilidade, polo que cómpre dar un paso máis na conceptualización da internacionalización, identificando, visibilizando e poñendo en valor o papel doutra serie de axentes clave no proceso de promoción e proxección exterior da USC. Entre eles, pódense incluír: o persoal técnico a cargo da xestión da internacionalización no seo das estruturas dependentes da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, os técnicos superiores de xestión da Área de Proxectos da Vicerreitoría de Política Científica, así como os técnicos superiores de xestión dos centros de investigación. A estes súmanse, entre outros, as persoas responsables da toma de decisións e o persoal técnico ou administrativo que realizan un labor activo na acollida e integración académica do estudantado e do PDI estranxeiro, pertencentes a distintos ámbitos da Universidade (facultades, departamentos, EDIUS, CLM etc.). A identificación de todos estes axentes conducirá ao establecemento dunha rede de axentes de internacionalización da USC. Coa finalidade de dotar a esta rede da funcionalidade e operatividade que se persegue, designarase unha unidade de coordinación dependente da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, que asumirá funcións organizativas e dinamizadoras. Os integrantes desta rede actuarán como

provedores de información a dous niveis: responsabilizándose de fornecer información, cando así se determine, no marco do protocolo de comunicación establecido na **acción 1.1** e actuando, ao mesmo tempo, como transmisores de información procedente da unidade de coordinación na súa contorna de traballo.

O desenvolvemento desta acción inclúe as seguintes actuacións:

- ▶ Identificación de axentes susceptibles de formar parte da rede.
- ▶ Contacto cos axentes identificados a fin de validar a súa inclusión como membros da rede.
- ▶ Establecemento dos criterios de coordinación e designación da unidade responsable de garantir o seu bo funcionamento.
- ▶ Definición das responsabilidades e funcións xerais dos membros da rede.
- ▶ Creación e difusión pública da rede, tanto no ámbito interno na USC como no externo a través da páxina web institucional.
- ▶ Revisión e actualización do *Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC*, redefinindo as funcións e responsabilidades de figuras clave da internacionalización, en particular as dos/as responsables académicos/as de mobilidade con vistas a súa transformación en responsables de internacionalización dos centros.
- ▶ Organización de accións específicas de formación dirixidas aos membros da rede.

**Inicio:**  
maio 2024

**Fin:**  
setembro 2024

##### Unidades / Áreas / Servizos Responsables:

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Gabinete do reitor, Oficina de Proxección Internacional, Oficina de Mobilidade e Oficina de Captación Internacional.

##### Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:

Aqueles órganos, estruturas, unidades e servizos nos que se identifique a existencia de axentes relevantes no proceso de internacionalización da Universidade.

##### Indicadores:

- ▶ Rede de axentes de internacionalización da USC.
- ▶ Modificación do *Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC*.
- ▶ Accións formativas.

## LIÑA ESTRATÉXICA 1

### Impulso á coordinación e consolidación de estruturas, recursos e procesos de xestión eficiente da internacionalización

#### **Acción 1.3**

#### Establecemento dun protocolo de comunicación de accións de internacionalización na USC

##### Descrición da acción

A USC posúe unha base sólida en materia de internacionalización coa existencia de capacidades, recursos e iniciativas a miúdo dispersas e desprovistas do impacto adecuado pola súa escasa posta en valor. A coordinación e intercambio deste tipo de información no seo da Universidade para o seu posterior aproveitamento e capitalización a prol da súa proxección exterior precisa da elaboración dun protocolo de comunicación que lle permita á Oficina de Proxección Internacional actuar como unidade de centralización, canalización e difusión dela. Dito protocolo definirá:

- ▶ O tipo de información que se trasladará á Oficina de Proxección Internacional.
- ▶ As persoas responsables de fornecer esa información.
- ▶ A periodicidade coa que se proveerá dita información.
- ▶ Os formatos/modelos que se empregarán para a achega da información.

A información recollida permitirá a actualización do *Catálogo de capacidades, recursos, boas prácticas e indicadores da internacionalización* descrito na [acción 1.1](#), así como o intercambio desta coas unidades ou persoal da USC que a precisen para a mellora e optimización das súas funcións.

**Inicio:**  
setembro 2024

**Fin:**  
decembro 2024

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Gabinete do reitor, Oficina de Proxección Internacional, Oficina de Mobilidade e Oficina de Captación Internacional.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Persoas responsables das estruturas, unidades ou servizos que se identifiquen como axentes necesarios da internacionalización.

**Indicadores:**

- ▶ Protocolo de comunicación de accións de internacionalización.

## LIÑA ESTRATÉXICA 1

### Impulso á coordinación e consolidación de estruturas, recursos e procesos de xestión eficiente da internacionalización



#### Acción 1.4

#### Elaboración de protocolos e guías de apoio á xestión da internacionalización

##### Descrición da acción

O funcionamento das estruturas de apoio á internacionalización nas universidades e o éxito das medidas que se arbitren, en particular, no eido da mobilidade e da captación de estudiantado e PDI, dependen en boa medida da existencia de orientación normativa, guías e protocolos que fundamenten de xeito inequívoco a actuación da institución, e, en concreto, da rede interna de axentes da internacionalización. A claridade e uniformidade nos procedementos facilita a xestión interna da internacionalización, mellora a percepción da comunidade universitaria da actuación institucional e garante, no caso da xestión de programas de mobilidade, unha experiencia positiva por parte do estudiantado, do PTXAS e do PDI propio e estranxeiro, que se traduce directamente nun incremento da reputación da institución no ámbito global.

A consecución destes obxectivos abordarase no presente Plan a través da elaboración de guías de apoio e protocolos específicos para os distintos colectivos da comunidade universitaria. Entre os documentos de elaboración propostos están os seguintes:

- ▶ Guías para a xestión da mobilidade entrante e saínte para estudiantado, PDI e PTXAS. Estas guías abordarán cuestións de procedemento, así como instrucións e recomendacións orientadas a favorecer a seguridade, o benestar e o aproveitamento académico das estadias de mobilidade entrante e saínte e a adaptación a novas contornas culturais, académicas e sociais.
- ▶ Guías para a tramitación e xestión da mobilidade no marco do programa Erasmus+ prácticas. No caso da mobilidade entrante, a guía posibilitará a supervisión das estadias e a emisión dunha constancia da súa realización por parte da Oficina de Mobilidade.

- ▶ Guías para a acollida e integración de estudiantado estranxeiro de grao, máster e doutoramento (cfr. **acción 4.8**). Estas guías incluírán información relativa ao apoio proporcionado pola USC en materia de tramitación administrativa, loxística, aloxamento, así como unha axenda de eventos de tipo cultural, social e académico.
- ▶ Guía para o apoio ao persoal investigador estranxeiro (cfr. **acción 3.8 infra**). Esta guía aspira a servir de instrumento de axuda non só ao persoal investigador estranxeiro que prepara a súa chegada e incorporación á USC como persoal contratado, senón tamén aos centros e grupos de investigación ou unidades de acollida deste persoal investigador.
- ▶ Guía para a acollida do persoal investigador visitante. Este protocolo establecerá as bases e criterios orientativos para a recepción de PDI estranxeiro visitante, en particular no caso de candidaturas espontáneas, facilitando así a toma de decisións por parte do PDI da USC que o recibe. Este documento virá a reforzar as pautas normativas recollidas na Resolución reitoral do 8 de maio de 2017, pola que se modifica a [Resolución reitoral do 8 de xuño do 2015 pola que se establece a normativa pola que se regula o proceso para ordenar as estadias temporais de investigadores/as visitantes na Universidade de Santiago de Compostela](#).
- ▶ Guías para a proposta de titulacións conxuntas e dobres titulacións internacionais (esquemas de tramitación, relación de documentación necesaria, modelos de convenio etc.) (cfr. **acción 3.2**).
- ▶ Guía de apoio para a planificación e xestión de proxectos internacionais por parte do PDI e PTXAS (**acción 3.9**).

<p><b>Inicio:</b> xaneiro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Responsables:</b> Oficina de Mobilidade, Oficina de Captación Internacional, Vicerreitoría de Política Científica e persoal dos servizos e unidades da USC (incluíndo o pertencente a facultades, escolas e centros de investigación) con competencias en áreas vencelladas á xestión da acollida, rexistro e seguimento da mobilidade de estudiantado, PDI e PTXAS, así como da recepción e/ou contratación de persoal docente e investigador.</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Guías para a xestión da mobilidade entrante e saínte para estudiantado, PDI e PTXAS.</li> <li>▶ Guías para a tramitación e xestión da mobilidade no marco do programa Erasmus+ prácticas.</li> <li>▶ Guía para a acollida e integración de estudiantado estranxeiro de grao, máster e doutoramento.</li> <li>▶ Guía para o apoio ao persoal investigador estranxeiro.</li> <li>▶ Guía para o apoio ao persoal investigador visitante.</li> <li>▶ Guías para a proposta de titulacións conxuntas e de dobres titulacións internacionais.</li> <li>▶ Guía de apoio para a planificación e xestión de proxectos internacionais.</li> </ul>
<p><b>Fin:</b> outubro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:</b> Persoas responsables das estruturas, unidades ou servizos que se identifiquen como axentes necesarios da internacionalización.</p>	

## LIÑA ESTRATÉXICA 1

### Impulso á coordinación e consolidación de estruturas, recursos e procesos de xestión eficiente da internacionalización

#### **Acción 1.5**

#### Revisión, actualización e promoción de novos convenios con foco na docencia e no desenvolvemento de proxectos conxuntos

##### Descrición da acción

A USC ten asinados arredor de 600 convenios bilaterais con máis de 400 institucións de educación superior pertencentes a máis de 70 países extracomunitarios. O *Regulamento para a xestión de convenios e protocolos xerais de actuación*, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 30 de abril de 2021, constitúe a normativa básica pola que se rexe a tramitación e xestión dos convenios internacionais na USC. Neste Regulamento alúdese tanto aos convenios propiamente ditos como aos protocolos xerais de actuación. No ámbito da colaboración con entidades de educación superior estranxeiras empréganse ambas figuras, tanto os convenios específicos como os protocolos, que actúan como declaracións de intencións ou vontade de colaborar sen implicar a formalización de compromisos xurídicos. Os convenios asinados con institucións estranxeiras de educación superior sentan o marco xurídico no cal se prevé a posibilidade de realización de accións diversas, entre as que se inclúen mobilidade de estudantado, PDI e PTXAS, actividades conxuntas nos ámbitos da investigación e da docencia, organización de seminarios, simposios, conferencias, cotutelas de teses ou a posta en marcha de dobres titulacións. A práctica pon de manifesto unha activación de convenios fundamentalmente relacionados coa mobilidade de estudantado e persoal, desaproveitándose o abano de posibilidades colaborativas consignadas en moitos dos acordos asinados e renunciando, así mesmo, á proposta de accións innovadoras. Non obstante, ás accións tradicionalmente recollidas nos convenios sumaríanse, froito da xeneralización do uso de ferramentas virtuais a raíz da pandemia, posibilidades de colaboración innovadoras en contornas virtuais. Ademais, e como resultado da experiencia que a Universidade ten como institución coordinadora ou socia en programas Horizonte 2020, Horizonte Europa e Erasmus+, entre outros, preséntanse numerosas oportunidades de estreitar lazos de colaboración con outras institucións no marco das citadas iniciativas. A preparación de proxectos conxuntos ao abeiro dos devanditos programas é susceptible de acollerse tamén ao paraugas de convenios específicos.

Tendo en conta estas premisas, prevese a realización dunha tarefa continuada de revisión que fundamentalmente a toma de decisións sobre a continuidade dos convenios existentes, así como un labor de identificación de novas iniciativas de colaboración susceptibles de promoverse vía convenio. A través desta revisión valorarase en cada caso a pertinencia da renovación dos convenios en vigor e, en particular, daqueles próximos ao seu vencemento, así como a sinatura de convenios novos, priorizando (sen excluír calquera outra actividade colaborativa) aqueles que manifesten entre o seus obxectivos:

- ▶ O desenvolvemento dunha oferta docente conxunta materializada na posta en marcha de titulacións oficiais e no impulso de accións formativas complementarias nas que se teñan en conta, entre outras, másteres de formación permanente, diplomas de especialización, diplomas de experto/a ou experiencias de aprendizaxe certificadas a través de microcredenciais.
- ▶ O interese no desenvolvemento de actividades de colaboración na preparación de proxectos conxuntos de investigación ou de innovación educativa no seo de programas financiados pola UE.
- ▶ A vontade de colaboración a través de intercambios virtuais. Cómpre sinalar aquí que unha das accións prioritarias no ámbito do presente Plan de Internacionalización (desenvolvida na **Liña Estratéxica 4**) é o desenvolvemento de accións COIL (*Collaborative Online International Learning*), experiencias virtuais de aprendizaxe no contexto dunha colaboración internacional entre institucións e docentes. Apoiarase o impulso deste tipo de colaboracións a través da sinatura de novos convenios sempre e cando estean avalados por un compromiso mutuo previo entre persoal docente das institucións implicadas.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

##### **Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Vicerreitoría de Política Científica e Oficina de Proxección Internacional.

##### **Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Unidade de Convenios e PDI que actúe como promotor da sinatura de novos convenios.

##### **Indicadores:**

- ▶ Convenios asinados.
- ▶ Convenios renovados.



## LIÑA ESTRATÉXICA 1

### Impulso á coordinación e consolidación de estruturas, recursos e procesos de xestión eficiente da internacionalización

#### **Acción 1.6**

#### Optimización do uso de ferramentas dixitais multifuncionais na xestión da internacionalización

##### Descrición da acción

Da mesma maneira que o resto de procesos operativos e administrativos que rexen o funcionamento das institucións de educación superior, a xestión da internacionalización require adaptarse á transformación dixital, aproveitando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a mellora, simplificación e automatización de tarefas e procedementos. Neste contexto, o uso de ferramentas e plataformas dixitais resulta imprescindible para lograr un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles e unha maior eficacia na consecución de resultados, así como para propiciar o seguimento e verificación do impacto das accións de internacionalización desenvolvidas. Con esta finalidade a **acción 1.6** pretende optimizar e sistematizar o uso de ferramentas de xestión, vencelladas especificamente aos eidos da promoción e da mobilidade. Prevese así:

- ▶ Dar continuidade ao uso de ferramentas web de posicionamento SEO, que teñen como función optimizar a presenza dixital das institucións de educación, chegando a estudantado de todo o mundo a través dunha promoción en liña multilingüe e permitindo, así mesmo, o contacto directo co alumnado potencial a través de formularios predeseñados.

- ▶ Continuar co uso do software de creación de campañas de márketing integradas a través do correo electrónico para crear *newsletters* e promocións personalizadas, ademais de administrar suscritores/as e monitorizar o rendemento das campañas de promoción que se poñan en marcha.
- ▶ Identificar, co obxecto de activar unha subscrición, aquela ou aquelas plataformas que garantan unha maior funcionalidade e efectividade para a organización de webinaros promocionais da oferta académica da USC.
- ▶ Xestionar a adquisición ou subscrición ao servizo dunha ferramenta de xestión da mobilidade internacional para efectuar un seguimento máis eficiente de todos os trámites que afectan ao estudantado e institucións implicadas na organización de intercambios.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Oficina de Mobilidade e Oficina de Captación Internacional.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**  
Área de Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

**Indicadores:**

- ▶ Ferramenta de posicionamento SEO.
- ▶ Ferramenta de xestión da mobilidade internacional.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2

### Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade



A potenciación da visibilidade internacional das institucións de educación superior constitúe unha acción esencial para incrementar o seu prestixio e posicionamento no ámbito global. Isto trae consigo non só o incremento do seu potencial para a atracción de estudiantado e de talento docente e investigador, senón tamén un impacto positivo xeral no seu papel como axente clave no desenvolvemento da sociedade. Ser visible contribúe, así mesmo, a converterse en colaborador destacado co que outras institucións aspiran a vincularse, xerando sinerxías e consorcios que levan finalmente aparelladas a participación conxunta en proxectos e a consecuente captación de recursos.

Tradicionalmente véñense tomando como referencia para medir a visibilidade e a reputación dunha institución de educación superior os indicadores bibliométricos baseados nas publicacións en revistas de recoñecido prestixio ou impacto, así como o número de citas recibidas. Os principais ránkings internacionais demostraron ser unha ferramenta eficaz coa que potenciar a visibilidade internacional das universidades, poñendo en valor outros parámetros comparativos como a calidade da investigación, a ratio docente/estudiante, a ratio de estudiantado e profesorado internacional, as taxas de graduación e empregabilidade, a satisfacción do estudiantado ou o gasto por estudante, entre outros. A información publicada anualmente nestes ránkings representa un estímulo para a procura de resultados cada vez mellores por parte das universidades, contribuíndo a incrementar a competitividade entre institucións e optimizando o deseño de políticas académicas e científicas de maior concreción e impacto.

Porén, o posicionamento da Universidade no escenario internacional non está unicamente condicionado polos indicadores reputacionais, senón que responde a un esforzo de promoción, difusión e posta en valor da USC tanto no ámbito interno como externo, apoiado no uso de ferramentas comunicativas e promocionais, na participación en feiras e foros internacionais que permiten a difusión da oferta educativa, na integración en redes de colaboración académica e investigadora ou no fomento de accións de coopera-

ción que sustenten o vínculo da Universidade coa realidade social no ámbito global.

A USC asume así o seu compromiso coa mellora continua do servizo que presta á sociedade, admitindo ao mesmo tempo a necesidade de poñer en valor as súas fortalezas e capacidades de cara a incrementar o seu peso e atractivo no escenario internacional. Esta é a finalidade coa que se presenta a liña estratéxica 2 deste Plan, que se concreta nos obxectivos específicos que se detallan a continuación.

#### Obxectivos

- Incrementar a reputación e o grao de recoñecemento público da Universidade no ámbito internacional.
- Potenciar o atractivo internacional da USC de cara a favorecer a captación de alumnado e de talento docente e investigador estranxeiro.
- Incrementar a visibilidade da actividade académica e científica da USC e os seus resultados no ámbito internacional.
- Facilitar o alíñamento da estratexia de internacionalización da USC cos criterios de valoración e recoñecemento dos principais ránkings internacionais.
- Reforzar a adhesión da comunidade universitaria á estratexia de internacionalización.

#### ORZAMENTO

541.000 €

#### Accións

- 2.1 Actualización continua e optimización do portal web internacional da USC para adaptalo aos estándares comunicativos de cada momento.
- 2.2 Elaboración dun boletín periódico con información e novas relevantes no eido da internacionalización.
- 2.3 Participación en feiras internacionais de captación e *networking*, presenciais e virtuais.
- 2.4 Desenvolvemento de campañas de mercadotecnia dixital.
- 2.5 Creación dun repositorio de materiais promocionais en diversos soportes para o seu uso na difusión internacional da Universidade.
- 2.6 Reforzo da figura de embaixador/a dixital da USC.
- 2.7 Reforzo e visibilización das accións de cooperación internacional.
- 2.8 Fomento da participación activa da USC en redes, consorcios e asociacións internacionais de interese estratéxico.
- 2.9 Difusión e visibilización dos logros académicos e científicos da USC.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2

### Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade

#### **Acción 2.1**

#### Actualización continua e optimización do portal web internacional da USC para adaptalo aos estándares comunicativos de cada momento

##### Descrición da acción

As institucións de educación superior constatan dun xeito cada vez máis evidente que a xestión da comunicación internacional inflúe notablemente na atracción de estudiantado estranxeiro, así como no éxito xeral das súas estratexias de internacionalización. No marco deste proceso de comunicación, o portal web constitúe un dos principais instrumentos e fontes de información e chegada aos distintos públicos potenciais.

A oferta do contido da páxina web en inglés, como lingua franca na comunidade internacional, convértese nunha variable determinante para lograr a eficacia na comunicación. Non obstante, a efectividade da comunicación non está vencellada unicamente á dispoñibilidade da información en lingua inglesa nin ao volume do contido publicado, senón que depende en gran medida de que as persoas destinatarias dela sexan capaces de identificar os contidos que buscan e acceder a eles con facilidade. Os factores que inflúen na elección dunha universidade de destino entre o estudiantado internacional son múltiples e se ben a aparencia e disposición da información na páxina web institucional non é o elemento decisivo determinante, si é un incentivo na medida en que a persoa usuaria sexa capaz de obter con facilidade a información que lle permita construír unha imaxe das institucións nas que está considerando estudar.

A USC realizou nos últimos anos un labor de renovación da súa páxina web que, no que atinxe á internacionalización, contará cun impulso maior en termos de adecuación dos contidos e formatos ás diferentes casuísticas de consumo de contido e segmentación do público internacional. Tendo en conta a necesaria transversalidade que debe rexer o campo da internacionalización, no portal web internacional deberá confluír toda aquela información susceptible de xerar interese para o estudiantado, PDI e PTXAS tanto internacional como propio, superando

a concepción tradicional que asocia a internacionalización coa información referida case exclusivamente a programas e accións de mobilidade e captación internacional. A actualización constante e optimización permanente do portal web internacional terá, así mesmo, un especial impacto na atracción do interese da comunidade universitaria propia cara aquela información que propicie a súa adhesión á estratexia de internacionalización, tendo en conta que proporcionará visibilidade a medios como o catálogo de capacidades, recursos, boas prácticas e indicadores da internacionalización (**acción 1.1**) ou a rede de axentes de internacionalización na USC (**acción 1.2**), ademais doutros contidos relevantes para coñecemento, uso e aproveitamento internos.

Coa finalidade de garantir a funcionalidade da web da universidade como un activo na estratexia de internacionalización, acometeranse as seguintes actuacións:

- ▶ Análise e identificación de toda a información susceptible de xerar interese na comunidade internacional para a súa posta a disposición (directamente ou a través da correspondente ligazón) no portal web internacional da USC. Incluirase, así mesmo, a difusión daquela información que referencia o posicionamento da USC no escenario internacional, tal como a presenza en ránkings ou a participación en redes, alianzas, asociacións ou consorcios de carácter internacional.
- ▶ Determinación dos compromisos de actualización adquiridos por parte de cada unha das unidades ou servizos que xeran a información da que se nutre o portal web internacional.
- ▶ Reforzo da presenza das estratexias de internacionalización nas redes sociais onde a USC conta con perfís oficiais a través de contidos elaborados *ad hoc*.
- ▶ Reforzo da oferta de contidos en lingua inglesa.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

##### **Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Gabinete do reitor, Oficina de Captación Internacional, Oficina de Mobilidade, Oficina de Proxección Internacional e Oficina Web.

##### **Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Órganos, estruturas, unidades e servizos susceptibles de xerar información de interese de ámbito internacional.

##### **Indicadores:**

- ▶ Portal web internacional.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2

### Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade



#### Acción 2.2

#### Elaboración dun boletín periódico con información e novas relevantes no eido da internacionalización

##### Descrición da acción

Un elemento clave na estratexia de internacionalización da Universidade e, en especial, no proceso de internacionalización na casa (cfr. [liña estratéxica 5 infra](#)), é o acceso a toda aquela información que propicie, por unha banda, o coñecemento por parte da comunidade universitaria de todas as accións de internacionalización que acomete a institución e incentive, por outra, a participación e a implicación de persoal e estudantado nas devanditas accións. A dispersión da información e a consecuente limitación de acceso á mesma constitúe un obstáculo evidente na estratexia de internacionalización, así como no aproveitamento das posibilidades e recursos vencellados á mesma. Aínda que existen na USC listas específicas de distribución por grupos de destinatarios, empregadas para a difusión de información de carácter internacional, é necesario mellorar o proceso de comunicación interno na institución mediante a elaboración, cunha periodicidade a determinar, dun boletín internacional que conteña información relevante para todos os colectivos da institución. Ademais da súa difusión no portal web internacional, o boletín distribuirase a través dunha subscripción libre a aquelas persoas que o soliciten, o que constitúe unha garantía do impacto da información transmitida, evitando a dispersión derivada dunha estratexia de difusión menos personalizada.

A configuración deste boletín requirirá dun fluxo regular de comunicación entre as unidades de internacionalización a cargo da elaboración e difusión da información e as distintas unidades ou centros da USC dos que emane esa información, que responderá no seu funcionamento ao establecido no protocolo de comunicación definido na [acción 1.3](#) deste Plan.

O boletín reunirá información relativa a:

- ▶ Convocatorias de financiamento de carácter internacional procedentes de institucións europeas así como de redes e asociacións das que a USC forma parte. A información susceptible de difusión incluirá, entre outras, a relativa a financiamento para a elaboración de proxectos, a participación en convocatorias de mobilidade (de estudantado, persoal docente, persoal investigador e PTXAS), a contratación de persoal investigador, así como calquera outra proposta ou convocatoria que invite á presentación de manifestacións de interese e á promoción de iniciativas de colaboración conxunta.
- ▶ Organización de actividades de enfoque internacional por parte de unidades e centros da USC (congresos, conferencias, seminarios etc.).
- ▶ Participación da comunidade universitaria en cursos, congresos, conferencias e outros eventos e foros de alcance internacional organizados por institucións alleas.
- ▶ Accións de cooperación e solidariedade coa comunidade internacional organizadas pola USC ou que contén coa colaboración da Universidade.
- ▶ Calquera outra información que se considere de relevancia para incentivar a implicación e adquisición de coñecemento por parte da comunidade universitaria do proceso de internacionalización da USC.

**Inicio:**  
marzo 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Vicerreitoría de Política Científica, Gabinete do reitor, Oficina de Captación Internacional, Oficina de Mobilidade e Oficina de Proxección Internacional.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Gabinete de Comunicación e responsables de unidades e centros da USC emisores de información de interese para a súa difusión.

**Indicadores:**

- ▶ Boletín de novas no eido da internacionalización.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2

### Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade

#### **Acción 2.3**

#### Participación en feiras internacionais de captación e *networking*, presenciais e virtuais

##### Descrición da acción

As feiras de educación superior constitúen un dos principais instrumentos de promoción internacional das universidades. Estes eventos permiten dar a coñecer e difundir internacionalmente a oferta académica das institucións de educación superior, actuando como reclamo para a captación de estudantado e de persoal investigador estranxeiro. A través de mostradores expositivos, complementados con conferencias e mesas de diálogo, entre outros instrumentos, as feiras contribúen a promocionar as institucións forxando, ademais, unha imaxe de marca, tanto no ámbito internacional como dentro dos respectivos sistemas universitarios nacionais. Así mesmo, as feiras, nomeadamente as de *networking*, como as organizadas anualmente pola Asociación Europea para a Educación Internacional (EAIE) ou pola Asociación Internacional de Educadores (NAFSA), desempeñan a función de servir de plataformas de encontro e foros de negociación de acordos e convenios, así como de promotores de iniciativas de colaboración entre institucións de educación superior de todo o mundo.

A pandemia causada polo coronavirus impactou de xeito significativo no sistema educativo mundial. No caso das feiras, os eventos presenciais foron substituídos por outros de carácter virtual, que se converteron en ferramenta esencial para dar continuidade ás accións de internacionalización nun período no que a presencialidade e os desprazamentos se tornaron imposibles. A experiencia adquirida polas universidades a este nivel sentou as bases para o desenvolvemento e consolidación das accións de carácter virtual como complemento á recuperada presencialidade nas feiras internacionais. Na actualidade son moitas as universidades, a USC entre elas, que combinan a súa participación en feiras presenciais coa organización ou participación en eventos virtuais, tanto na modalidade síncrona como na asíncrona.

A USC, cunha consolidada tradición de participación en eventos de promoción internacional, aposta no marco do seu Plan de Internacionalización 2024-2026 por reforzar a súa presenza en feiras internacionais cun interese estratéxico para a institución, aproveitando as potencialidades das ferramentas virtuais. Coa finalidade de optimizar recursos e garantir un impacto acorde cos obxectivos que se perseguen, acometeranse as seguintes accións:

- ▶ Planificación anual da participación da USC en feiras presenciais e en eventos virtuais, aliñada cos intereses estratéxicos de internacionalización da institución definidos no presente Plan. Na confección do plan anual de asistencia a feiras presenciais terase ademais en conta a análise derivada das consultas recibidas a través das plataformas dixitais de posicionamento e captación internacional das que a USC fai uso e a axenda anual de eventos publicada polo SEPIE. Valorarase, así mesmo, a posibilidade de participación en colaboración coas outras dúas universidades públicas galegas, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, ou con outras universidades españolas naqueles eventos de carácter internacional nos que se xustifique a viabilidade e beneficio da concorrencia conxunta.
- ▶ Definición dos contidos e formatos que se empregarán na estratexia de difusión de feiras presenciais e virtuais.
- ▶ Identificación dos recursos e materiais dispoñibles así como dos necesarios para o seu uso promocional e elaboración, nos casos nos que sexa preciso, de materiais enfocados a accións de difusión específica. Esta acción enlaza directamente coa presentada como **acción 2.5 infra**.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Oficina de Captación Internacional e Oficina de Proxección Internacional.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**  
Oficina de Mobilidade, Oficina de Información Universitaria e Gabinete de Comunicación.

**Fin:**  
decembro 2026

**Indicadores:**

- ▶ Participación en feiras presenciais.
- ▶ Participación en feiras e webinarios de captación virtuais.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2

### Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade

#### **Acción 2.4**

#### Desenvolvemento de campañas de mercadotecnia dixital

##### Descrición da acción

A mellora da xestión universitaria, incluídos os procesos de internacionalización, esíxelle ás universidades avanzar en paralelo ao desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á promoción e á difusión. Xorde así a mercadotecnia dixital como canle que combina os principios do márketing convencional coas posibilidades que derivan do uso de Internet e da gama de aplicacións e ferramentas virtuais que esta rede pon ao servizo da internacionalización das institucións de educación superior. O márketing dixital permítelle ás universidades adaptarse a un escenario en continua evolución, no que a dixitalización e a virtualidade ocupan un espazo cada vez máis destacado, desprazando prácticas de promoción convencionais que non proporcionan o mesmo alcance e impacto. O período de pandemia actuou como revulsivo no que atinxe á articulación de novas accións e estratexias promocionais, entre elas a organización e participación en webinaros, así como a elaboración de material promocional dixital. A USC propónse aproveitar a experiencia adquirida a este nivel, mellorando os seus recursos e ferramentas de uso promocional de carácter dixital e ordenando e sistematizando a organización e participación en eventos virtuais en base a metas e persoas destinatarias predefinidas. Non podemos esquecer o papel relevante que xogan as redes sociais no ámbito da mercadotecnia dixital, propiciando unha comunicación dinámica e amena, fomentando a interactividade coa comunidade destinataria e obtendo así un efecto multiplicador inmediato na difusión da información.

Os obxectivos que se perseguen co impulso da mercadotecnia dixital son:

- ▶ Dotar de maior visibilidade e alcance toda a información e recursos que se difunden.
- ▶ Propiciar a adecuación e personalización da información en función das características do público ao que vai dirixida.
- ▶ Facilitar a inmediatez na actualización de contidos, así como a interacción e a comunicación bidireccional coas persoas destinatarias.
- ▶ Incrementar as posibilidades de seguimento da efectividade das accións puntuais e campañas, así como a medición de seu impacto.
- ▶ Favorecer a optimización de recursos e a redución de custos económicos.

As accións que se van ter en conta para acadar estes obxectivos son:

- ▶ Organización de webinaros a demanda doutras institucións ou por iniciativa propia co propósito de achegar a USC tanto a socios potenciais como a institucións coas que a Universidade xa ten establecidos convenios ou vínculos de cooperación específicos.
- ▶ Coordinación e potenciación do uso de redes sociais da Universidade a fin de garantir unha maior visibilidade e impacto en termos de internacionalización, fomentando o uso de recursos videográficos de curta duración que sirvan de testemuña de experiencias de internacionalización do estudiantado, do PDI e do PTXAS da Universidade.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

##### **Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Gabinete do reitor, Oficina de Captación Internacional e Oficina de Proxección Internacional.

##### **Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Oficina de Mobilidade e Gabinete de Comunicación.

##### **Indicadores:**

- ▶ Organización de webinaros.
- ▶ Publicacións en redes.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2

### Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade



#### Acción 2.5

#### Creación dun repositorio de materiais promocionais en diversos soportes para o seu uso na difusión internacional da Universidade

##### Descrición da acción

As accións de difusión da imaxe da Universidade no exterior apoiaranse, para a súa correcta efectividade, na existencia de material promocional actualizado. Constátase a necesidade, tanto para as accións promovidas polas unidades de internacionalización da USC como para aqueles eventos de carácter internacional e accións de mobilidade nas que participan PDI e PTXAS, da dispoñibilidade dun catálogo de material promocional estándar, homoxéneo e actualizado que contribúa a proxectar a Universidade na contorna internacional.

Coa finalidade de garantir a optimización e o aproveitamento conxunto dos instrumentos de difusión e planificar así a súa adecuada elaboración, é preciso identificar inicialmente os usos, enfoques e obxectivos das accións ou eventos internacionais nos que a USC, a través do seu persoal, vaia estar representada. A planificación e deseño do material efectuarase segundo o seguinte procedemento:

- ▶ Revisión e actualización de material documental dispoñible para o seu emprego en feiras internacionais.
- ▶ Identificación de necesidades de material documental de carácter promocional.
- ▶ Deseño de materiais documentais e videográficos que respondan ás necesidades identificadas.
- ▶ Creación dun repositorio virtual no que se recompilen todos os recursos de difusión elaborados, debidamente organizado por categorías de contidos, formatos e finalidade de uso, accesible á comunidade docente, investigadora e administrativa da USC.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Gabinete do reitor, Oficina de Captación Internacional, Oficina de Proxección Internacional e Oficina de Mobilidade.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Oficina Web, Gabinete de Comunicación e Oficina de Información Universitaria.

**Indicadores:**

- ▶ Repositorio de materiais promocionais.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2

### Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade

#### **Acción 2.6**

#### Reforzo da figura de embaixador/a dixital da USC

##### Descrición da acción

No ano 2018 nace na USC a figura do embaixador/a dixital (*Digital Ambassador*), unha tendencia moi implantada nos perfís sociais das universidades europeas e no ámbito mundial. A través desta figura outórgaselle importancia e voz ás experiencias do estudiantado internacional mediante a súa proxección nas redes sociais das institucións educativas. Este estudiantado, convertido en embaixador dixital, logra transmitir un contido ligado ao ámbito universitario de carácter máis fresco e informal, centrado en impresións de carácter persoal coas que garanten a chegada e proximidade ao público estudiantil.

Cada mes un/nha embaixador/a achega contido ás redes do perfil internacional da USC (desde a conta de Instagram #usc.internacional e Facebook @usc.internacional, entre outras) a través de fotos, historias (*stories*) ou vídeos do seu día a día durante a súa estadía nos campus da Universidade e nas cidades que os acollen. A través das súas publicacións reflicten a experiencia na súas facultades, as súas primeiras impresións, a súa forma de percibir a vida universitaria en xeral, os aspectos que máis lle sorprenderon no ámbito académico, cultural ou social, os seus recunchos favoritos etc. Este tipo de publicacións constitúen un estímulo idóneo para captarmos estudiantado alleo e propician o boca a boca como estratexia de difusión da USC e dos

seus campus de Santiago de Compostela e Lugo no ámbito académico, así como da propia contorna xeográfica e cultural que os rodea. De feito, a realización dunha enquisa entre o estudiantado internacional que chega á USC constatou que preto da metade dese alumnado coñecía a USC grazas á referencia de anteriores alumnos/as. Por outra banda, a cobertura nos medios de comunicación da figura de embaixador/a dixital da USC serve para visibilizar a vertente internacional da Universidade cara á propia comunidade universitaria e, de xeito máis relevante, cara á sociedade en xeral.

En vista da importancia que reviste a figura de embaixador/a dixital na estratexia de promoción da USC, continuarase a reforzar este programa, na procura dun contido que resulte atractivo e versátil, que permita dar a coñecer a institución entre as novas xeracións de estudantes dun xeito innovador e explotar as especificidades que fan atractivas as cidades de Santiago de Compostela e Lugo como destinos educativos, culturais e mesmo turísticos, por parte do estudiantado local e estranxeiro. Testarase a eficacia das campañas de promoción da USC, entre elas a desenvolvida polos/as embaixadores/as dixitais a través de enquisas remitidas ao alumnado estranxeiro e da organización de grupos focais (*focus groups*).

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Gabinete do reitor, Oficina de Captación Internacional e Oficina de Proxección Internacional.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Oficina de Mobilidade e Gabinete de Comunicación.

**Indicadores:**

- ▶ Embaixadores/as dixitais.
- ▶ Publicacións en redes e medios de comunicación.



## LIÑA ESTRATÉXICA 2

### Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade

#### **Acción 2.7**

#### Reforzo e visibilización das accións de cooperación internacional

##### Descrición da acción

Nas últimas décadas a USC asumiu un compromiso efectivo coa cooperación no ámbito internacional actuando en consonancia coas estratexias emanadas de autoridades nacionais e internacionais. Programas de cooperación internacional financiados pola Comisión Europea, tales como *Tempus* e, posteriormente, *Erasmus Mundus*, permitiron o establecemento de lazos de cooperación con países en desenvolvemento, así como a promoción e acollida de fluxos de mobilidade de estudantado procedente de países en desenvolvemento ou en situación de vulnerabilidade. O ano 2015 supuxo un impulso ao compromiso da Universidade en materia de cooperación e solidariedade. A partir deste ano, e atendendo ao chamamento da Asemblea Xeral da CRUE no que se instaba ás universidades a daren resposta á crise humanitaria derivada do conflito en Siria, a USC puxo en marcha instrumentos de cooperación propios. Destaca o *Programa de Axudas a Persoas Refuxiadas* lanzado no curso académico 2016-2017 e vixente na actualidade cunha formulación máis ampla.

Así mesmo, no campo da cooperación, a USC e a Fundación Carolina asinaron un convenio no ano 2007 para facilitar a recepción de estudantado de máster e doutoramento procedente dalgún país membro da Comunidade Iberoamericana de Nacións e Portugal. Na mesma liña de fomento da cooperación internacional e de compromiso da USC coa igualdade, asinouse en 2017 un convenio de colaboración coa *Fundación Mujeres por África*, que promove, a través do seu programa *Learn Africa*, a capacitación de estudantes africanas a través da súa incorporación a estudos de mestrado.

Os programas anteriormente descritos son unha mostra do afianzado compromiso da USC coas políticas de cooperación universitaria e de fomento da solidariedade e a xustiza social. Este compromiso constitúe un activo importante e necesario dentro da súa estratexia de in-

ternacionalización da institución. Require pois dunha adecuada posta en valor e visibilización que lle permita consolidar e expandir os seus logros, así como compartir e sumar esforzos na contorna internacional, estimulando novas vías de cooperación para facer fronte aos retos formulados pola Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible.

As actividades promovidas no marco da presente liña de acción terán como obxecto o reforzo da imaxe da USC como universidade comprometida e solidaria, así como a posta en valor de iniciativas de referencia no eido da cooperación internacional. Teranse en conta neste senso as seguintes actuacións:

- ▶ Reforzamento do *Programa de Axudas a Persoas Refuxiadas*, canalizando a ampliación de soporte financeiro a través do fondo de micromecenado *Sumo Valor*, que permite tanto á comunidade universitaria como ás empresas, aos particulares e ás institucións contribuíren ao mantemento do programa.
- ▶ Incorporación da USC ao grupo de traballo de apoio/servizo para persoas refuxiadas académicas no marco da alianza EUniWell.
- ▶ Prórroga e, de ser o caso, ampliación dos convenios de colaboración coa *Fundación Mujeres por África* e coa Fundación Carolina.
- ▶ Visibilización e proxección das iniciativas de cooperación no ámbito internacional no portal web internacional da USC.
- ▶ Promoción da actividade de cooperación da USC en eventos organizados polas redes e asociacións das que forma parte a institución, así como a través de accións puntuais de difusión organizadas pola propia Universidade.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Gabinete do reitor, Oficina de Proxección Internacional e Oficina de Captación Internacional.

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Consello Social, Oficina de Mobilidade, Servizo Universitario de Residencias, Centro de Formación de Persoal e Servizo de Participación e Inclusión Universitaria.

**Indicadores:**

- ▶ Programa de Axudas a Persoas Refuxiadas ou con Estatuto de Protección Temporal.
- ▶ Axudas para bolseiros/as da Fundación Carolina.
- ▶ Axudas para bolseiras da *Fundación Mujeres por África*.
- ▶ Eventos/iniciativas para persoas refuxiadas no marco da alianza europea EUniWell.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2

### Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade

#### **Acción 2.8**

#### Fomento da participación activa da USC en redes, consorcios e asociacións internacionais de interese estratéxico

##### Descrición da acción

O incremento do grao de visibilidade e prestixio da Universidade depende dun gran número de condicionantes, entre os que xoga un papel relevante a súa presenza en redes e asociacións de alcance internacional en resposta ás necesidades de:

- ▶ Garantir a participación das universidades nas transformacións e tendencias que se están a producir na xestión do coñecemento e a investigación.
- ▶ Contribuír ao proceso de formulación de políticas públicas e orientar a toma de decisións en educación superior no ámbito internacional.
- ▶ Abrirse ao exterior, potenciando vínculos culturais, académicos e interrexionais en favor da excelencia universitaria, sen esquecer a relevancia da cooperación exterior no reforzo da misión social das universidades.
- ▶ Estimular a colaboración para o desenvolvemento de actividades educativas e proxectos de investigación e promover o intercambio de fluxos de coñecemento entre docentes, persoal investigador e estudantado mediante actividades de mobilidade física e virtual.

O desenvolvemento tecnolóxico das últimas décadas e, máis recentemente, a revolución dixital provocada pola pandemia da Covid-19, deron un impulso á participación das institucións de educación superior en redes de colaboración para a produción de coñecemento e para o fomento da investigación e de proxectos conxuntos, apostando pola virtualidade como ferramenta de traballo e de potenciación da interacción no seo destas redes. As tecnoloxías proporcionaron as condicións favorables para a formalización de colaboracións

estruturadas e sistematizadas, contribuíndo a consolidar esquemas de traballo preexistentes de carácter máis informal.

A USC forma parte dun número importante de redes de educación superior internacionais, entre as que destacan a Asociación de Universidades Europea (EUA), a Asociación Europea para a Educación Internacional (EAIE), a Conferencia de Reitores das Universidades e Institutos Politécnicos do Suroeste Europeo (Rede CRUSOE), a Asociación Universitaria Iberoamericana de Posgrao (AUIP), o Consorcio de Universidades Euromediterráneas (Rede Téthys) ou o Grupo Compostela de Universidades (GCU). Estas redes propician a presenza da USC en foros de decisión e participación de alcance internacional, con especial énfase no ámbito xeográfico europeo e latinoamericano. A dinamización da participación da USC nas redes das que forma parte e a identificación de oportunidades de posicionamento estratéxico a través da integración en novas redes e asociacións será un dos obxectivos prioritarios desta acción.

Cómpre destacar aquí o papel relevante que desempeña a USC no GCU, unha rede que reúne máis de 60 universidades europeas e latinoamericanas que aspira a contribuír á calidade e á innovación e á difusión dos valores europeos na educación superior. Con este propósito, e unidas ao redor dos valores de cooperación e integración do Camiño de Santiago e en defensa do multiculturalidade, a inclusión, a diversidade e o desenvolvemento sustentable, o GCU organiza anualmente unha serie de actividades coas que afonda na súa misión conxunta. A USC, xerme dela, e consciente da especial importancia do seu cometido no marco desta rede, prevé reforzar a súa participación nas actividades promovidas polo GCU, así como implicarse na súa dinamización a través da proposta e posta en marcha de novas iniciativas durante o período de vixencia do Plan de Internacionalización 2024-2026.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Oficina de Proxección Internacional.

##### **Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Estruturas de goberno da USC (cando o proceso de decisión institucional así o requira) e responsables e interlocutores nas correspondentes redes e asociacións.

##### **Indicadores:**

- ▶ Participación en redes de educación superior internacionais.
- ▶ Participación en accións promovidas polo Grupo Compostela de Universidades.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2

### Potenciación da visibilidade e posicionamento internacional da Universidade

#### **Acción 2.9**

#### Difusión e visibilización dos logros académicos e científicos da USC

##### Descrición da acción

Os procesos de internacionalización das universidades adquiren especial relevancia nos últimos anos con motivo da aparición de ránkings, cuxos parámetros de avaliación constitúen un marco de referencia e de recoñecemento da reputación internacional das institucións de educación superior. A información que emana dos ránkings é resultado dunha análise que abrangue os diferentes ámbitos de actividade das universidades, incluíndo o seu desempeño no eido académico e investigador, que se determina en base a criterios de valoración cuantitativos e cualitativos que se erixen en indicadores internacionais de excelencia. Considerando o impacto positivo que pode brindar á USC o seu posicionamento en ránkings, cómpre adaptar os esforzos da internacionalización para poñer en valor aqueles fitos e logros académicos e científicos que favorezan a presenza e posición preeminente da Universidade nos ránkings. Os esforzos nesta dirección contribuirán non só ao propósito de incrementar o prestixio e reputación da USC máis alá das nosas fronteiras, senón que se aliñarán co compromiso que asume a Universidade coa transferencia do coñecemento e da ciencia á sociedade.

A difusión e visibilización dos logros académicos e científicos non se concibe como unha acción independente, senón que é preciso ligala ás distintas áreas de actuación que se teñen en conta neste Plan, avanzando en paralelo ao desenvolvemento de actividades e á identi-

ficación de recursos que se mencionan nas distintas liñas estratéxicas. A mellora de ferramentas e procesos internos e o reforzo das accións de difusión xeral servirán de soporte á visibilización dos resultados académicos e científicos da institución, que se canalizará a través das seguintes actuacións:

- ▶ Visibilización da información relativa á produción científica e aos resultados das colaboracións internacionais do persoal investigador da Universidade desde o portal web internacional, a través dun enlace á sección correspondente do Portal de Investigación.
- ▶ Difusión das accións de divulgación e comunicación científica á sociedade a través do portal web internacional e dos recursos e ferramentas que se xeren como resultado da **acción 2.5** da presente liña estratéxica, a prol de garantir a posta en valor daquela información susceptible de acadar un maior impacto no ámbito internacional.



**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Gabinete do reitor e Oficina de Proxección Internacional.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Vicerreitoría de Política Científica (Área de Promoción e Estratexia Científica) e Oficina Web.

**Indicadores:**

- ▶ Portal web internacional.
- ▶ Boletín de novas no ámbito da internacionalización.
- ▶ Repositorio de materiais promocionais.

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación

ORZAMENTO

846.000 €



O recoñecemento das universidades no ámbito internacional está intrinsecamente ligado a unha mellora da súa competitividade nos ámbitos da docencia e da investigación, buscando posicionarse fronte a outras institucións de educación superior ou estender globalmente os horizontes de colaboración e cooperación. Na procura destes obxectivos, a propia institución debe poñer as bases para a configuración dun marco internacional, intercultural e multilingüe que permita crear as condicións favorables para unha maior internacionalización da súa oferta académica, así como para o desenvolvemento e a proxección exterior da súa actividade de investigación.

A internacionalización é tamén unha condición necesaria para a mellora da actividade científica e investigadora e garda unha relación directa co fortalecemento de capacidades e a consecución de maiores sinerxías no marco dunha estratexia internacional de colaboración. A calidade da investigación nítrese do efecto positivo da colaboración internacional en termos de adquisición de coñecementos e impacto dos resultados, contribuíndo de xeito significativo á visibilidade internacional da Universidade. O estímulo da actividade investigadora nun marco de colaboración internacional convértese, así, en necesidade e, ao mesmo tempo, en oportunidade, tanto para o reforzo das capacidades propias como para a atracción e captación externa de talento.

#### Obxectivos

- Potenciar a dimensión internacional, intercultural e multilingüe da USC a través da súa oferta académica e da súa actividade de investigación.
- Crear as condicións favorables para unha maior internacionalización da oferta académica.
- Reforzar o compromiso coa internacionalización, expandindo as oportunidades de colaboración e o establecemento de partenariados nos ámbitos da docencia e da investigación.
- Mellorar a competitividade na captación de recursos e talento internacional.
- Reforzar a proxección internacional das actividades de investigación.

#### Accións

- 3.1 Potenciación da internacionalización da oferta docente.
- 3.2 Fomento de titulacións conxuntas e dobres titulacións impulsadas a través da colaboración internacional.
- 3.3 Impulso ás cotutelas internacionais de teses e ás teses con Mención de Doutoramento Internacional.
- 3.4 Internacionalización da oferta formativa non oficial.
- 3.5 Potenciación da participación de profesorado estranxeiro nas actividades docentes da USC.
- 3.6 Fomento da participación en consorcios e redes internacionais.
- 3.7 Promoción e coordinación da colaboración internacional no seo da alianza de *Universidades Europeas* EUniWell.
- 3.8 Impulso ao Centro Galego Euraxess na USC no marco da Estratexia de Recursos Humanos para Persoal Investigador (HRS4R).
- 3.9 Capacitación en formulación e xestión de proxectos internacionais.

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación

#### Acción 3.1

#### Potenciación da internacionalización da oferta docente

##### Descrición da acción

Na actualidade a USC conta cunha oferta limitada de docencia en linguas estranxeiras, condición esencial na aposta das institucións de educación superior para a súa proxección exterior e para o incremento do seu potencial de captación de alumnado internacional.

A ampliación da oferta docente en lingua estranxeira constitúe unha acción necesaria para unha efectiva estratexia de internacionalización, contribuíndo, así mesmo, a unha mellora do perfil profesional do alumnado propio e á súa futura empregabilidade nun mercado laboral globalizado. Dita ampliación require o fomento do uso de linguas estranxeiras en títulos, itinerarios ou materias de grao e máster, así como nas actividades formativas dentro dos estudos de doutoramento, tendo en conta intervencións específicas aos seguintes niveis:

- ▶ Titulacións completas en lingua estranxeira.
- ▶ Titulacións con itinerarios bilingües, que permitan ao estudiantado realizar en lingua estranxeira unha parte importante das materias da titulación, completando un mínimo de créditos ECTS.
- ▶ Materias individuais impartidas en lingua estranxeira.
- ▶ *English-friendly courses*, que constitúen prácticas de apoio ao seguimento da docencia por parte do estudiantado internacional.
- ▶ Actividades formativas nos estudos de doutoramento.

Na consecución destes propósitos, a USC deu un paso relevante coa aprobación, en Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2018, do [Regulamento para a Docencia da Calidade en Lin-](#)

[guas Estranxeiras \(LEDUS\)](#). Esta normativa establece un marco para a regulación dos programas a impartir en lingua estranxeira na USC, así como para a acreditación, formación e incentivación tanto do persoal docente como do estudiantado que participe neles. O LEDUS constitúe un instrumento de impulso á introdución das linguas estranxeiras na oferta docente. Tras un período suficientemente longo de implantación do LEDUS, procederase, no marco desta acción, á análise e revisión da súa implantación, a fin de identificar as melloras necesarias para garantir a consecución dos obxectivos que xustificaron a súa posta en marcha e promover así a incorporación de linguas estranxeiras á oferta educativa no seo de titulacións completas, de itinerarios bilingües ou na impartición de materias específicas dentro dunha titulación.

Á marxe do establecido no Regulamento LEDUS, e como boa práctica de internacionalización da oferta docente nas universidades, cómpre destacar a existencia de iniciativas específicas de apoio por parte do profesorado a aquel alumnado internacional que ten dificultades para seguir a docencia en lingua galega ou en castelán e que se desenvolve mellor en inglés. Este apoio préstase facilitándolle a este estudiantado o acceso a contidos das materias a través de documentación complementaria en lingua inglesa, proporcionándolle a posibilidade de ter un apoio titorial e/ou de realizar exames nesta lingua. Recoñecendo o valor desta práctica, coñecida no ámbito universitario como *English-friendly courses*, é preciso aproveitar as posibilidades que ofrece como soporte á internacionalización da oferta académica, promovendo o seu uso entre a comunidade docente. Procederase así á identificación e posta en valor das iniciativas de *English-friendly courses* existentes na USC e á súa incorporación ao catálogo de capacidades, recursos, boas prácticas e indicadores da internacionalización na USC (ver [acción 1.1](#) do presente Plan) para a súa posterior difusión.

<p><b>Inicio:</b> xaneiro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Responsables:</b> Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo, Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA) e EDIUS.</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Titulacións completas en lingua estranxeira.</li> <li>▶ Titulacións con itinerarios bilingües.</li> <li>▶ Materias individuais impartidas en lingua estranxeira.</li> <li>▶ <i>English-friendly courses</i>.</li> <li>▶ Actividades formativas nos estudos de doutoramento impartidas en lingua estranxeira.</li> <li>▶ Revisión do LEDUS.</li> </ul>
<p><b>Fin:</b> decembro 2026</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:</b> Oficina de Proxección Internacional, Centro de Formación do Persoal e centros docentes.</p>	

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación

#### **Acción 3.2**

#### Fomento de titulacións conxuntas e dobres titulacións impulsadas a través da colaboración internacional

##### Descrición da acción

A USC atesoura unha relevante experiencia na xestión de programas enfocados ao desenvolvemento de titulacións conxuntas e oferta, así mesmo, dobres titulacións nalgúns dos seus programas de máster (cfr. Capítulo 3). A experiencia adquirida en titulacións conxuntas enmárcase fundamentalmente no financiamento proporcionado polo programa Erasmus+, en particular a través da acción Erasmus Mundus (que deu lugar a dous mestrados e un programa de doutoramento), polo programa Interreg de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) (proxecto UNISF; coa implementación de dous mestrados e dous programas de doutoramento), así como ao abeiro do financiamento emanado do programa Horizonte 2020, en concreto no marco das accións Marie Skłodowska-Curie (MSCA) (coa posta en marcha dun doutoramento europeo conxunto).

A conxuntura proporcionada polo programa Erasmus+ no seo da súa acción Erasmus Mundus e os seus beneficios en termos académicos serven de incentivo para que a USC aposte por dar continuidade á senda iniciada a través da súa participación, ben como institución coordinadora, ben como socia ou como asociada, en novos proxectos de titulacións conxuntas. A este respecto cómpre resaltar que a Comisión Europea reforzou o seu apoio ao desenvolvemento de titulacións conxuntas para o período de programación 2021-2027, engadindo ao financiamento Erasmus+ destinado á posta en marcha de másteres conxuntos, unha nova liña financeira nomeada 'Medidas de Deseño' (*Design Measures*). Esta liña está orientada a proporcionar apoio preparatorio durante 15 meses a consorcios que teñan previsto poñer en marcha un máster conxunto. No marco desta iniciativa a USC obtivo no 2022 o seu primeiro proxecto denominado *Cretcheu*, orientado á preparación dun máster conxunto centrado na violencia contra as mulleres nas áreas rurais.

Ademais das titulacións conxuntas desenvolvidas ao abeiro do financiamento outorgado por programas europeos, a USC promoveu, mediante convenio, plans de estudo conxuntos conducentes a títulos interuniversitarios nun programa de máster e en tres programas de

doutoramento con universidades estranxeiras. Así mesmo, e mediante a sinatura de convenios específicos, propiciouse a implantación de dobres titulacións en dous másteres (cfr. Capítulo 3).

As oportunidades xeradas polo programa Erasmus Mundus, a bagaxe e experiencia da USC na implantación de titulacións conxuntas a través dos programas Interreg e Horizonte 2020 e a fortaleza dos vínculos que a Universidade ten desenvolvidos en materia de cooperación no eido da educación universitaria, avalados pola sinatura dos correspondentes convenios, sentan unha base sólida para a promoción de titulacións conxuntas e dobres titulacións. Con esta finalidade, acometeranse as seguintes accións:

- ▶ Prestación de asesoramento, desde as estruturas de apoio á promoción de proxectos internacionais, ao PDI da USC na posta en marcha ou participación en consorcios internacionais coa finalidade de establecer titulacións conxuntas ou dobres titulacións.
- ▶ Identificación, no marco das redes, contactos e colaboracións que ten establecidas a USC, de socios e institucións preferentes para o establecemento de relacións de cooperación no contexto da presente acción ao abeiro dos programas de financiamento europeo.
- ▶ Participación nos programas conxuntos deseñados no seo da alianza EUniWell.
- ▶ Elaboración de modelos para a proposta de titulacións conxuntas e dobres titulacións internacionais (cfr. [acción 1.4 supra](#)) e a súa posterior difusión a través do portal web internacional (cfr. [acción 2.1](#)).

**Inicio:**

xaneiro 2024

**Fin:**

decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Vicerreitoría de Política Científica, EDIUS e centros docentes.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

SXOPRA, Oficina de Proxección Internacional e Subárea de Proxectos da Área de Promoción e Estratexia Científica.

**Indicadores:**

- ▶ Titulacións conxuntas.
- ▶ Dobres titulacións.

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación

#### **Acción 3.3**

#### Impulso ás cotutelas internacionais de teses e ás teses con Mención de Doutoramento Internacional

##### Descrición da acción

O posicionamento da USC como referente internacional na formación de persoal investigador a través dos seus programas de doutoramento debe ir necesariamente asociado a unha maior interacción con outras institucións, programas e centros de investigación. Esta colaboración institucional, materializada a través do estudantado predoutoral, pode canalizarse mediante dúas vías: as teses en cotutela e as teses con Mención de Doutoramento Internacional.

O enfoque internacional da modalidade de cotutela (cfr. Capítulo 3) convértea nunha ferramenta imprescindible dentro da estratexia de internacionalización da USC, coa finalidade particular de impulsar e promover vías de cooperación internacional sostibles no ámbito da investigación. Cómpre resaltar a importancia dos programas e axudas á mobilidade (ver **Liña Estratéxica 4** do Plan) como mecanismo propicio para o impulso das cotutelas internacionais, ben proporcionando ao estudantado en etapa predoutoral o incentivo e contactos necesarios para emprender un doutoramento en réxime de cotutela, ben facilitando durante a etapa de doutoramento a materialización da mesma. A mobilidade, na medida en que implica unha relación con ámbitos xeográficos e grupos de investigación estranxeiros, actúa como propulsora das teses cotuteladas, contribuíndo favorablemente ao incremento dos indicadores de internacionalización dunha universidade.

Pola súa parte, a modalidade de tese con Mención de Doutoramento Internacional (cfr. Capítulo 3) constitúe, así mesmo, un instrumento de estímulo á internacionalización na medida en que favorece a mobilidade do estudantado en etapa predoutoral, a investigación interdisciplinar, a transferencia de coñecemento e a cooperación académica no ámbito internacio-

nal, repercutindo directamente na calidade da investigación e no enriquecemento da diversidade cultural e académica da universidade.

Considerando a relevancia das teses en cotutela e das teses con Mención de Doutoramento Internacional no marco da estratexia universitaria de internacionalización, inclúense aquí as seguintes medidas de incentivo ás mesmas:

- ▶ Valoración dunha acción planificada de sinatura de convenios con institucións de interese, que facilite o incremento da porcentaxe de teses defendidas en réxime de cotutela.
- ▶ Potenciación da mobilidade do estudantado que realice as súas teses doutorais na modalidade de cotutela ou con mención de Doutoramento Internacional, priorizando a súa participación naqueles programas de mobilidade promovidos pola USC ou polas redes e asociacións das que a Universidade forma parte.
- ▶ Na liña da proposta anterior, priorización das solicitudes do PDI que actúa como supervisor de teses en cotutela para a participación nas convocatorias de mobilidade abertas a este colectivo, tanto no marco de programas xestionados pola USC como das posibilidades ofertadas polas redes e asociacións nas que se integra a Universidade.
- ▶ Potenciación da mobilidade do estudantado de doutoramento a través da convocatoria Erasmus+, mobilidade de estudos, investigación e prácticas.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e EDIUS.

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**  
Oficina de Proxección Internacional e Oficina de Mobilidade.

**Indicadores:**

- ▶ Teses en cotutela.
- ▶ Teses con Mención de Doutoramento Internacional.

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación



#### Acción 3.4

#### Internacionalización da oferta formativa non oficial

##### Descrición da acción

A USC, na súa aposta pola internacionalización, non pode obviar as oportunidades de proxección que emerxen á marxe da formación oficial ou da investigación. Neste senso, a oferta formativa non oficial preséntase como unha ferramenta óptima para reforzar o perfil internacional da nosa institución, contribuíndo, por extensión, á captación de estudantado de fóra das nosas fronteiras. Na USC o CEP é o centro encargado de coordinar e promover a oferta propia de formación especializada dirixida á actualización profesional a través de másteres de formación permanente, diplomas de especialización, diplomas de experto/a, cursos de formación continua e cursos de formación específica e a demanda, combinando na súa impartición os formatos presencial, híbrido e virtual. Unha pequena parte dos cursos que ofrece o CEP conta xa cun deseño de contidos con enfoque internacional, sentando as bases para o desenvolvemento dunha oferta máis ampla e estruturada de acordo con criterios conceptuais e de formato que incentiven a participación de estudantado estranxeiro.

Os programas formativos do CEP constitúen así unha vía de internacionalización da USC, abrindo, así mesmo, o camiño a novas formas de acreditación e flexibilización da aprendizaxe ao longo da vida en auxe en todo o mundo, como é o caso das microcredenciais, portadoras de notables vantaxes para a promoción exterior da oferta formativa da USC. As microcredenciais certifican os resultados obtidos en experiencias de aprendizaxe de curta duración, proporcionando unha modalidade flexible e personalizada para a adquisición de coñecementos, capacidades e competencias que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Entre o abano de posibilidades que xorden no seo da oferta formativa non oficial, a internacionalización da Universidade atopa outro aliado na formación a distancia, intensificada a partir

da pandemia da Covid-19, ben mediante o incremento da virtualización de oferta formativa non oficial xa existente en modalidade presencial, ben a través de formatos como os MOOC (*Massive Online Open Courses*, cursos online masivos e abertos) e os SPOC (*Small Private Online Courses*, cursos en liña específicos para grupos pequenos). Estas modalidades formativas permítenlles ás universidades incrementar o seu prestixio internacional, despregando unha oferta personalizada de cursos, con potencial para reforzar a súa actividade de divulgación académica e científica. Os MOOC permiten chegar a un gran número de estudantado fóra das nosas fronteiras, ofertar contidos diversos, promover a figura de estudantado autónomo e do/a docente como mediador/a ou facilitador/a, combinar contidos escritos co uso de material audiovisual, efectuar exames en liña, programar e estruturar o estudo por períodos e optar a un certificado. Pola súa parte, os SPOC empregan as mesmas metodoloxías e plataformas que os MOOC, pero establecen un control de acceso e configúranse como instrumento idóneo para complementar as materias presenciais. Ambas as dúas metodoloxías constitúen, así mesmo, unha oportunidade para fomentar a relación entre universidades a través da interacción *peer-to-peer* (de igual a igual) do seu PDI no seu deseño.

Ademais das modalidades formativas descritas, a oferta de cursos de verán da USC proporciona tamén interesantes posibilidades no eido da internacionalización. Estes cursos constitúen unha excelente oportunidade para atraer en período estival estudantado estranxeiro con potencial para converterse no futuro en estudantes de titulacións oficiais. Preséntanse ademais como unha modalidade formativa máis accesible en termos de duración e custo económico, promovendo a diversidade cultural e propiciando o intercambio de coñecementos entre o estudantado local e o estranxeiro. Os cursos de verán representan, así mesmo, unha oportunidade para o establecemento de colaboracións académicas con outras universidades e institucións de investigación, para promover a posterior realización de proxectos conxuntos. A disposición dunha oferta formativa de verán,



## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación



#### Acción 3.4

#### Internacionalización da oferta formativa non oficial

planificada desde a perspectiva da internacionalización, convértese en indicador relevante da reputación da USC no ámbito internacional, co consecuente impacto na atracción de estudantes e persoal académico de todo o mundo.

En relación co conxunto da oferta formativa non oficial e co propósito de apoiar a internacionalización da institución, promoveranse as seguintes iniciativas:

- ▶ Potenciación do enfoque internacional na oferta formativa do CEP, explorando a posibilidade de implantación de microcredenciais como modelo formativo adecuado para as experiencias de especialización e actualización de coñecementos no contexto da internacionalización.
- ▶ Fomento da virtualización de oferta formativa non oficial existente en modalidade presencial.
- ▶ Impulso á colaboración internacional para a preparación de MOOC a través da sinatura de novos convenios con esta finalidade ou da actualización dos existentes. Efectuarase, así mesmo, unha identificación dos MOOC creados pola USC a través da colaboración internacional no marco de proxectos, para a súa posta en valor e difusión a través do portal web internacional, enmarcándoos no catálogo de capacidades, recursos, boas prácticas e indicadores da internacionalización na USC (cfr. [acción 1.1](#)).

- ▶ Promoción dos SPOC como fórmula virtual para o deseño de cursos complementarios á oferta formativa dos programas de máster, cun enfoque orientado a reforzar o seu atractivo para o estudiantado internacional.
- ▶ Fomento da oferta formativa estival en modalidade virtual ou en modalidade híbrida (presencial e virtual), mediante o deseño de cursos cun enfoque multicultural orientados a estimular a participación conxunta de profesorado e estudiantado local e estranxeiro.

No que atinxe á organización da oferta formativa non oficial, garantirase a articulación desta acción coas actividades previstas no marco da alianza de *Universidades Europeas* EUniWell na que se integra a USC (ver [acción 3.7](#) do Plan).



<p><b>Inicio:</b> xaneiro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Responsables:</b> Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, CEP e Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación.</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Oferta formativa do CEP con enfoque internacional, incluídas microcredenciais.</li> <li>▶ Oferta formativa en modalidade virtual, incluídos MOOC e SPOC.</li> <li>▶ Cursos de verán.</li> </ul>
<p><b>Fin:</b> decembro 2026</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:</b> PDI que promova ou participe nas accións descritas, Unidade de Convenios, Centro de Formación do Persoal e Cursos Internacionais USC.</p>	

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación



#### Acción 3.5

#### Potenciación da participación de profesorado estranxeiro nas actividades docentes da USC

##### Descrición da acción

A presenza de profesorado estranxeiro na actividade docente das universidades constitúe unha estratexia fundamental nas súas políticas de internacionalización, posto que contribúe a mellorar a calidade educativa e investigadora, achegando ideas e técnicas pedagóxicas e metodolóxicas innovadoras, fomentando a diversidade cultural e lingüística e aumentando a visibilidade e reputación das institucións de educación superior no ámbito mundial.

Non obstante, a captación de profesorado estranxeiro esíxelle á Universidade dispoñer dunha estratexia de internacionalización de carácter integral que estimule, directa e indirectamente, o atractivo da nosa institución. En resposta a esta necesidade, e coa finalidade de captar o interese e favorecer a participación de profesorado estranxeiro na actividade formativa oficial e non oficial da USC, promoveranse as seguintes actuacións:

- ▶ Potenciación do contacto da comunidade docente e investigadora universitaria con profesorado estranxeiro a través do apoio institucional a convenios específicos e á formulación de proxectos internacionais, a fin de propiciar a súa integración en programas

académicos oficiais e non oficiais mediante seminarios presenciais ou virtuais. O reforzo de lazos de cooperación neste ámbito converterase, así mesmo, nun estímulo para a atracción de PDI ao abeiro das figuras de Profesor/a Visitante e Profesor/a Distinguido/a recollidos, respectivamente, nos artigos 83 e 84 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

- ▶ Apoio á mobilidade entrante de profesorado estranxeiro por medio do reforzo da difusión dos programas de mobilidade xestionados pola USC.
- ▶ Impulso das accións COIL (ver acción 4.5 do Plan) como instrumento de canalización da participación de profesorado estranxeiro en actividades docentes na USC.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Oficina de Mobilidade e Oficina de Proxección Internacional.

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**  
Vicerreitoría de Política Científica, Vicerreitoría de Profesorado, Servizo de Xestión de Oferta e Programación Académica e PDI involucrado nas actuacións propostas nesta acción.

**Indicadores:**

- ▶ Convenios para a acollida de PDI estranxeiro.
- ▶ PDI visitante.
- ▶ Accións COIL.

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación

#### **Acción 3.6** Fomento da participación en consorcios e redes internacionais

##### Descrición da acción

O establecemento de consorcios e redes internacionais constitúe un instrumento clave no desenvolvemento de calquera estratexia de internacionalización da educación superior. O papel dos consorcios e redes no contexto universitario é relevante tanto no ámbito da investigación, como canle para a transferencia de coñecementos e resultados, como na docencia, como instrumento para afondar na innovación educativa. A mellora e fortalecemento da colaboración no marco de consorcios e redes contribúe a incrementar notablemente a visibilidade, a proxección exterior e o posicionamento da Universidade no contexto internacional, ofrecendo ademais vías de optimización de esforzos e asignación conxunta de recursos en aras dun obxectivo común.

Ao longo da última década, a USC formou parte de arredor de 300 consorcios no marco de programas competitivos financiados pola Comisión Europea (*Erasmus Mundus External Cooperation Windows*, Erasmus+, FP7, Interreg, Horizonte 2020, Life, CIP, entre outros), propiciando así o establecemento dunha rede de socios e colaboradores no ámbito internacional, potencial facilitador dunha maior expansión. Do mesmo xeito, a USC forma parte de redes de colaboración de ámbito académico e investigador que favorecen a presenza e influencia da Universidade nun contexto xeográfico de amplo alcance, dentro e fóra do EEES. A colaboración consolidada no contexto de consorcios e redes constitúe, sen dúbida, un marco favorable para continuar e potenciar a senda da internacionalización iniciada hai anos. Os logros alcanzados outórganlle á USC a experiencia necesaria para seguir ampliando os lazos da internacionalización, capacitándoa ademais para optar con maior probabilidade de éxito ao financiamento proporcionado polos distintos fondos e programas da Comisión Europea para o período 2021-2027. Neste contexto, resulta prioritario para a USC seguir impulsando a colaboración internacional, apoiándose na existencia de posibilidades de financiamento acordos cos obxectivos de internacionalización da docencia e da investigación desta institución, para o cal se emprenderán as seguintes actuacións:

- ▶ Promoción da participación en programas de referencia nos eidos da investigación, da cooperación transfronteiriza e da innovación educativa, tales como Horizonte Europa, Interreg ou Erasmus+, a través de convocatorias de difusión xeral ou focalizadas cara a centros ou grupos de investigación específicos.
- ▶ Fortalecemento da colaboración con grupos e asociacións internacionais que favorezan a xeración de consorcios con capacidade de presentar propostas conxuntas e acceder a financiamento a través de programas europeos competitivos, estimulando especialmente as colaboracións internacionais nas áreas de Humanidades e Ciencias Sociais, tradicionalmente con menor representación no campo dos proxectos de investigación.
- ▶ Exploración e fomento da participación da Universidade en redes de excelencia e asociacións internacionais que faciliten o establecemento de relacións de cooperación multilaterais de interese estratéxico.

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a través da súa Oficina de Proxección Internacional, velará pola promoción e establecemento de acordos e convenios, priorizando a sinatura e renovación daqueles que recollan estas actuacións entre os seus obxectivos. Pola súa banda, a Área de Promoción e Estratexia Científica da Vicerreitoría de Política Científica velará pola adecuada implementación desta acción, realizando un labor de promoción e prestando asesoramento na elaboración e xestión de proxectos de investigación, cooperación e innovación educativa promovidos polo PDI da USC. Así mesmo, o persoal da Subárea de Proxectos proporcionará orientación sobre o contido e requirimentos das distintas convocatorias de financiamento competitivo da Comisión Europea e ofrecerá soporte e guía na elaboración das propostas desde o punto de vista técnico e apoio na súa planificación orzamentaria.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Vicerreitoría de Política Científica.

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Unidade de Convenios, Subárea de Proxectos da Área de Promoción e Estratexia Científica, Oficina de Proxección Internacional e PDI involucrado nas actuacións propostas nesta acción.

**Indicadores:**

- ▶ Participación en consorcios internacionais.
- ▶ Participación en redes de excelencia e asociacións internacionais.

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación

#### Acción 3.7

#### Promoción e coordinación da colaboración internacional no seo da alianza de *Universidades Europeas EUniWell*

##### Descrición da acción

A Comisión Europea lanzou en 2018 o programa *European Universities*, concibido como unha ambiciosa iniciativa co obxectivo fundamental de transformar e elevar ao seu máximo nivel a cooperación entre as institucións europeas de educación superior, mobilizando para iso as catro misións que se lle asignan: educación, investigación, innovación e servizo á sociedade. A creación e financiamento de alianzas institucionais converteuse no instrumento elixido para aplicar e acadar unha cooperación sistémica, estrutural e sustentable coa que lograr a curto prazo un espazo de educación superior innovador, competitivo e atractivo no ámbito mundial. Na actualidade, como resultado das convocatorias lanzadas en 2019, 2020, 2022 e 2023 existen 50 alianzas de *Universidades Europeas*, que aglutinan 430 institucións pertencentes a 35 países, exemplificando unha cooperación institucionalizada sen precedentes no EEES.

A iniciativa *Universidades Europeas* confirmouse como o buque insignia da Estratexia Europea para as Universidades, presentada pola Comisión Europea o 18 de xaneiro de 2022, que se marca como obxectivo ampliar a 60 o número de alianzas e involucrar nelas máis de 500 institucións de educación superior, destinando a esa finalidade un orzamento de 1.100 millóns de euros para o período 2021-2027.

A USC, na consolidación da súa senda de internacionalización, afrontou no ano 2023 un novo reto sumándose á alianza *European University for Well-Being – EUniWell*, a Universidade Europea para o Benestar. A adhesión da USC ao consorcio foi aprobada institucionalmente en Consello de Goberno de 30 de marzo de 2023 e posteriormente referendada coa sinatura oficial do acordo de consorcio na 5ª Asemblea de Reitores das institucións que forman parte da alianza, celebrada en Växjö (Suecia) o día 4 de abril de 2023. O consorcio EUniWell está conformado por once institucións de educación superior europeas, no que se integran, ademais da USC, as alemás Universität zu Köln (institución coordinadora) e a Universität Kons-

tanz, as francesas Université de Nantes e Institut National des Langues et Civilisations Orientales, a Linnéuniversitetet (Suecia), a Università degli Studi di Firenze (Italia) e a Universidad de Murcia, ademais da University of Birmingham (Reino Unido), a Semmelweis Egyetem (Hungría) e a Taras Shevchenko National University of Kyiv (Ucráina) en calidade de membros asociados. O día 3 de xullo de 2023, a Comisión Europea publicou os resultados da convocatoria 2023 da iniciativa Erasmus+ *Universidades Europeas*, confirmando un financiamento a catro anos de 14,4 millóns de euros para o proxecto *EUniWell – Well-Being for our Futures* (EUniWellWeFF).

A través da súa participación en EUniWell, a USC asume o desafío de contribuír ao desenvolvemento dunha axenda común de investigación e docencia sobre o benestar, coa misión de mellorar e reequilibrar o benestar das persoas a escala local, europea e global. A participación da Universidade en EUniWell enmárcase na misión xeral desta alianza de reforzar o papel da educación e da investigación na súa resposta ás necesidades presentes e futuras da sociedade na que se insiren. Por outra banda, constitúe un fito e unha tarefa de especial relevancia no período de implantación do presente Plan de Internacionalización, de xeito que algunhas das accións que se inclúen no Plan son susceptibles de integrarse na estratexia global de EUniWell. O papel da USC no marco do proxecto EUniWellWeFF está intensamente vencellado á internacionalización da investigación, co liderado do paquete de traballo 8 (Investigación responsable, innovación e emprendemento). A USC contribuirá en paralelo ao desenvolvemento de once paquetes de traballo máis que, asentados no concepto de promoción do benestar, abordarán actuacións diversas vencelladas á ámbitos como saúde, equidade social, medioambiente, multilingüismo e multiculturalidade, educación, dixitalización, participación cidadá, transferencia de coñecemento e mobilidade. A realización das tarefas e funcións asignadas á USC no marco desta alianza implicará o desenvolvemento das seguintes actuacións:

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación



#### Acción 3.7

#### Promoción e coordinación da colaboración internacional no seo da alianza de *Universidades Europeas EUniWell*

- ▶ Definición das estruturas de xestión e designación de representantes nos distintos grupos de traballo que conforman a proposta Erasmus+ e seguimento do seu progreso.
- ▶ Coordinación e execución das diversas accións nas que a USC participa, ben como colaboradora, ben en calidade de institución líder.
- ▶ Xestión técnica e administrativa de todos os procesos vencellados ao desenvolvemento do proxecto Erasmus+, tanto no ámbito interno dentro da USC como en resposta aos requirimentos da entidade coordinadora do consorcio ou da propia autoridade financiadora, a Comisión Europea.
- ▶ Xustificación técnica e económica do traballo efectuado no marco da proposta.

O proxecto EUniWellWeFF está concibido para un horizonte temporal de catro anos, durante os cales se porán en marcha actuacións específicas en todos os ámbitos de traballo que afectan a unha institución de educación superior, procurando unha adecuada engrenaxe e complementariedade entre as actividades propias da USC e as que se leven a cabo no seo da alianza, en particular con algunhas das accións descritas na **liña estratéxica 3** (Fomento da internacionalización da docencia e da investigación) e na **liña estratéxica 4** (Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual), orientando o seu deseño cara a unha estratexia conxunta ou cara a unha colaboración reforzada coas entidades que forman parte deste consorcio.

<p><b>Inicio:</b> xaneiro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Responsables:</b> Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Vicerreitoría de Política Científica e Oficina EUniWell – USC (persoal contratado pola USC con fondos europeos para o desenvolvemento do proxecto).</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Equipo de coordinación.</li> <li>▶ Equipo técnico de xestión.</li> <li>▶ Grupos de traballo.</li> <li>▶ PDI, PTXAS e estudantado participante nas actividades de EUniWell.</li> <li>▶ Eventos organizados no marco de EUniWell.</li> </ul>
<p><b>Fin:</b> decembro 2026</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:</b> Oficina de Proxección Internacional e membros da comunidade universitaria que representen á USC nos distintos grupos de traballo de EUniWell, así como outros responsables e persoal das estruturas, unidades ou servizos que se identifiquen como axentes necesarios para o desenvolvemento da acción.</p>	

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación

#### **Acción 3.8**

#### Impulso ao Centro Galego Euraxess na USC no marco da Estratexia de Recursos Humanos para Persoal Investigador (HRS4R)

##### Descrición da acción

A Estratexia de Recursos Humanos para Persoal Investigador (HRS4R) é unha ferramenta posta en marcha pola Comisión Europea para apoiar ás universidades e organismos de investigación e financiamento na aplicación da [Carta Europea do Investigador e do Código de Conduta para a Contratación de Investigadores](#). Estes documentos teñen por obxecto contribuír ao desenvolvemento dun mercado laboral atractivo para o persoal investigador, establecendo unhas liñas xerais de actuación en materia de xestión de recursos humanos da investigación. O selo de Excelencia en Recursos Humanos de Investigación (*HR Excellence in Research*) outorga un recoñecemento público ás institucións e centros de investigación que progresan nas súas políticas de recursos humanos en concordancia cos principios definidos na Carta e no Código.

A USC adheriuse aos principios da Carta e do Código en xullo de 2016, desenvolvendo a continuación un Plan de Acción que lle permitiu obter en febreiro de 2017 o recoñecemento *HR Excellence in Research*. En 2022 a Universidade elaborou un Plan de Acción revisado no marco do proceso de avaliación externa que se efectúa aos cinco anos da obtención do selo de Excelencia, acadando en xullo de 2023 a súa renovación por un período adicional de tres anos.

Coa finalidade de dar soporte ás políticas de captación e de xestión da contratación de persoal investigador acordos co selo de Excelencia en Recursos Humanos de Investigación, a USC é a sede do Centro Galego Euraxess, localizado na Oficina de Captación Internacional e dependente da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. Trátase dun punto de atención a persoal investigador estranxeiro que se encadra na rede Euraxess, creada por iniciativa da Comisión Europea e na que se integran 650 centros de servizos e 51 puntos de contacto local pertencentes a 40 países europeos. En España existen centros de atención Euraxess en

cada Comunidade Autónoma, coordinados de forma centralizada pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT). A función destes centros é a de prestar soporte, asesorar e coordinar a acción de apoio loxístico á mobilidade de persoal investigador, tanto comunitario como extracomunitario. Con máis de 15 anos de experiencia acumulada, o Centro Galego Euraxess na USC constitúe un instrumento necesario de apoio á captación de talento investigador na nosa Universidade. Con todo, a súa visibilización e valorización precisan un impulso, a fin de garantir o adecuado aproveitamento dos seus servizos por parte da comunidade investigadora estranxeira e do PDI da USC que promove a contratación de persoal investigador internacional.

Coa finalidade de impulsar a posta en valor e a funcionalidade do Centro Euraxess xestionado pola USC, propóñense as seguintes actuacións no marco do presente Plan:

- ▶ Actualización e mellora da estrutura e contidos dispoñibles na sección web do Centro, enmarcada no portal web internacional, reforzando a información relativa aos procedementos de mobilidade e acollida de persoal investigador estranxeiro. Establecerase, así mesmo, un vínculo específico ao portal de emprego da Rede Euraxess España, co propósito de reforzar a difusión das ofertas de contratación de persoal investigador estranxeiro por parte da USC.
- ▶ Elaboración da guía de apoio ao persoal investigador estranxeiro contratado pola USC (cfr. [acción 1.4 supra](#)).
- ▶ Organización de xornadas formativas dirixidas a persoal técnico dos centros de investigación da USC, das facultades e das escolas, centradas nos trámites legais e cuestións prácticas relativas á chegada e acollida de persoal investigador estranxeiro na Universidade.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Centro Galego Euraxess na USC (Oficina de Captación Internacional).

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**  
Vicerreitoría de Política Científica, Área de Xestión da Investigación, Centro de Formación de Persoal, Gabinete do reitor, Oficina Web e PDI da USC que solicite os servizos do Centro Galego Euraxess na USC.

##### Indicadores:

- ▶ Sección web do Centro Galego Euraxess na USC.
- ▶ Consultas recibidas e expedientes tramitados no Centro.
- ▶ Guía de apoio ao persoal investigador estranxeiro.
- ▶ Xornadas formativas.

## LIÑA ESTRATÉXICA 3

### Fomento da internacionalización da docencia e da investigación

#### **Acción 3.9** Capacitación en formulación e xestión de proxectos internacionais

##### Descrición da acción

A participación en proxectos internacionais considérase unha peza fundamental na estratexia de internacionalización da USC. A súa efectiva realización pode canalizarse a través da formulación de propostas por parte do PDI ou mediante a participación como institución socia en propostas presentadas e coordinadas por outras entidades ou institucións de educación superior. En ambos os dous casos, o persoal propoñente ou integrante destas propostas dentro da USC debe contar cos coñecementos técnicos e de planificación necesarios para asegurar unha correcta xestión dos proxectos na súa fase de execución. A existencia de persoal técnico de apoio á elaboración e xestión de proxectos internacionais resulta esencial no cumprimento deste obxectivo. Este apoio é asumido polo persoal da Subárea de Proxectos da Área de Promoción e Estratexia Científica, dependente da Vicerreitoría de Política Científica, que centra o seu labor en tarefas de asesoramento na planificación técnica e orzamentaria das propostas. Aínda que a toma de decisións no día a día do proxecto depende directamente do PDI a seu cargo, na súa preparación e execución asume un papel destacado o persoal técnico dos centros de investigación e o persoal de apoio aos grupos de investigación.

A formación e actualización de coñecementos por parte de todo o persoal implicado na planificación e execución de proxectos internacionais resulta imprescindible para:

- ▶ Mellorar as posibilidades de participación e de éxito nas convocatorias de programas competitivos con financiamento europeo.
- ▶ Asegurar a efectiva execución dos proxectos xestionados ou participados pola USC, optimizando o aproveitamento dos recursos humanos e técnicos investidos na consecución dos obxectivos fixados nas propostas e na xustificación das mesmas.
- ▶ Garantir a coordinación interna entre áreas, unidades e servizos responsables da execución das accións propostas e da súa xestión no ámbito institucional, académico e administrativo.

En resposta á necesidade de adquisición, reforzo e actualización de coñecementos e competencias para o desenvolvemento de proxectos internacionais, o presente Plan de Internacionalización 2024-2026 comprende a posta en marcha de actuacións de carácter formativo a dous niveis:

- ▶ 1º nivel: actualización de coñecementos e reforzo das competencias do persoal técnico (tanto aquel dependente directamente da Vicerreitoría de Política Científica e de Xerencia como o integrado en unidades dos diversos centros, institutos e grupos de investigación) encargado de prestar apoio ao PDI na elaboración e xestión de proxectos.
- ▶ 2º nivel: formación do PDI en planificación e xestión de proxectos.

A este respecto, cómpre mencionar que o día 8 de marzo de 2023 a Mesa Xeral de Negociación aprobou a Estratexia de Formación da USC 2023-2026, na que se establece a conformación de itinerarios formativos específicos nas áreas da planificación e xestión da investigación e da internacionalización. En coherencia coas liñas de actuación da antedita Estratexia, e baixo a coordinación do Centro de Formación de Persoal, intégranse no Plan de Internacionalización 2024-2026 da USC accións de formación e capacitación dirixidas ao persoal incluído nos dous niveis anteriormente descritos nas que se abordarán, entre outras, e dependendo do colectivo específico ao que se dirixan, cuestións como: identificación xeral das principais liñas de financiamento europeo dirixidas a institucións de educación superior dentro do período de programación 2021-2027; obxectivos, prioridades temáticas, requisitos de participación e elixibilidade, criterios de avaliación, normas de financiamento e demais características que determinen a participación da USC en proxectos de ámbito internacional e estimulen a formulación de iniciativas como institución coordinadora; principios básicos de xestión e execución técnica e económica dos proxectos, en prol de garantir o efectivo cumprimento de obxectivos e fitos, así como a consecución dos resultados e impactos esperados, respectando tanto a normativa comunitaria como a propia da USC en materia financeira; formación relativa a ámbitos de coñecemento específico, necesario para a planificación de determinados tipos de proxectos, incluíndose aquí, entre outras temáticas, a formación en materia de organización académica e implantación de titulacións conxuntas (cfr. acción 3.2 *supra*), obxecto de financiamento a través de diversos programas de ámbito internacional.

Estas accións formativas organizaranse con carácter anual, en forma de sesións individualizadas para cada un dos dous niveis de destinatarios identificados, facilitando ás persoas participantes guías de apoio (cfr. [acción 1.4](#)).

<p><b>Inicio:</b> xaneiro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Responsables:</b> Centro de Formación de Persoal.</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Accións formativas para persoal técnico.</li> <li>▶ Accións formativas para PDI.</li> <li>▶ Guías de apoio.</li> </ul>
<p><b>Fin:</b> decembro 2026</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:</b> Xerencia, Vicerreitoría de Política Científica, Área de Promoción e Estratexia Científica, Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica e PDI e persoal técnico de apoio aos centros e grupos de investigación.</p>	

## LIÑA ESTRATÉXICA 4

## Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual

ORZAMENTO

521.000 €

**R**esulta innegable a importancia da mobilidade como un dos elementos clave para a internacionalización das universidades. As declaracións da Sorbona e de Boloña, subscritas nos anos 1998 e 1999, respectivamente, estableceron as bases para a converxencia dos sistemas europeos de educación superior. Este proceso de integración vertebrouse ao redor de elementos como a compatibilidade e comparabilidade dos sistemas de educación superior, a igualdade no acceso á educación, a aprendizaxe permanente, a empregabilidade e a accesibilidade a través da internacionalización das actividades das universidades. Neste último punto adquiriu especial relevancia a promoción da mobilidade como ferramenta facilitadora das competencias necesarias para desenvolverse nun mercado laboral dinámico e global. Neste contexto xurdiron programas hoxe en día amplamente recoñecidos en Europa, como o Erasmus+. A mobilidade mantívose, así, ao longo dos anos como elemento esencial nas políticas de internacionalización das universidades, experimentando, non obstante, unha evolución acorde coas adaptacións que derivan dunha realidade e unha contorna global cambiante. Na actualidade, a crecente dimensión da internacionalización nas universidades e o uso incrementado das TIC, impulsado notablemente desde a pandemia da Covid-19, amplían o concepto de mobilidade, outorgando un peso importante á mobilidade virtual como complemento da mobilidade física. A mobilidade virtual percíbese como un avance na medida en que flexibiliza o acceso ás experiencias internacionais de colectivos con menos posibilidades. Ademais, permite o establecemento de colaboracións estables entre equipos docentes e persoal investigador no eido internacional. Un paso adiante no impulso á mobilidade como instrumento de internacionalización prodúcese co recente auxe da mobilidade híbrida, que combina a mobilidade física cunha compoñente virtual, que facilita o intercambio educativo en liña e o traballo en equipo e que pode ser financiada a través do programa Erasmus+.

Recoñecida e avalada a importancia da mobilidade nas estratexias de internacionalización das institucións de educación superior, esta liña de acción aspira a acadar os obxectivos que se detallan a continuación.



## Obxectivos

- Poñer en valor a mobilidade física, híbrida e virtual, no ámbito académico e de desenvolvemento persoal.
- Recuperar e mellorar os niveis de mobilidade física pre-pandemia.
- Propiciar a adquisición de competencias globais (interculturais, lingüísticas e dixitais) por parte do PDI, PTXAS e estudiantado a través da mobilidade física, híbrida e virtual.
- Garantir unha internacionalización máis inclusiva, así como a aprendizaxe colectiva da comunidade universitaria mediante a posta en valor dos intercambios virtuais.



## Accións

- 4.1 Potenciación da visibilidade e valorización das experiencias de mobilidade.
- 4.2 Revisión dos convenios de intercambio no marco dos programas Erasmus+ e por convenio bilateral e valoración do establecemento de novos acordos.
- 4.3 Fomento da mobilidade saínte a través de programas de referencia e no marco de asociacións e redes das que forma parte a USC.
- 4.4 Promoción de experiencias de mobilidade combinada (física e virtual).
- 4.5 Desenvolvemento de intercambios virtuais COIL (*Collaborative Online International Learning*).
- 4.6 Estímulo ao programa Erasmus+ prácticas.
- 4.7 Reforzamento das axudas á mobilidade.
- 4.8 Impulso ás actividades e recursos de acollida para o estudiantado internacional.



## LIÑA ESTRATÉXICA 4

### Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual

#### **Acción 4.1**

#### Potenciación da visibilidade e valorización das experiencias de mobilidade

##### Descrición da acción

O aproveitamento interno das posibilidades e beneficios dos programas e oportunidades de mobilidade que se ofertan na USC depende con frecuencia e en boa medida do grao de coñecemento deles por parte da comunidade universitaria. De aí que dotar as experiencias de mobilidade da adecuada difusión e posta en valor constitúa unha prioridade nas políticas de promoción da mobilidade internacional. O impacto esperado desta promoción non se limita unicamente a aspirar a que o estudiantado, PDI e PTXAS da Universidade visite unha universidade estranxeira, senón que o faga consciente dos beneficios que lle pode reportar e que, ao seu regreso, as súas aprendizaxes sexan, ademais de vinculantes e validables, transferibles. A mobilidade é, sen dúbida, unha oportunidade para o desenvolvemento persoal, a aprendizaxe de idiomas, o coñecemento doutras realidades culturais e educativas, o fomento dun espírito independente e emprendedor e a consecuente apertura de perspectivas laborais e horizontes profesionais. Así mesmo, constitúe un factor determinante na construción de redes institucionais. Todo isto referenda a necesidade e importancia de fomentar a participación nas accións de mobilidade desde a consciencia do impacto positivo que xera.

Dar a coñecer, poñer en valor e visibilizar as vantaxes que reportan as experiencias de mobilidade no ámbito individual e institucional é un dos obxectivos do presente Plan, que se traducirá nas seguintes iniciativas:

- ▶ Programación anual dun calendario de accións de comunicación que dote de maior visibilidade as convocatorias de mobilidade promovidas no marco dos programas e convenios na que participa a USC no ámbito internacional. Ademais das canles de difusión masivas empregadas habitualmente, reforzase a difusión nas redes sociais xerais da

USC, así como nas específicas de internacionalización e no boletín de novas de internacionalización (ver **acción 2.2** do Plan). Así mesmo, continuarase coa difusión destes programas a través da organización de xornadas informativas nos distintos campus e centros.

- ▶ Posta en valor das experiencias de mobilidade do estudiantado, PDI e PTXAS e fomento do seu rol como axentes de promoción da internacionalización a través de accións interactivas e divulgativas no seo da comunidade universitaria. Anualmente, con carácter previo ao lanzamento de convocatorias dos principais programas de mobilidade, organizaranse xornadas nas que, ademais do persoal da Oficina de Mobilidade, participen activamente membros do estudiantado, PDI e PTXAS que xa se beneficiasen anteriormente dalgunha experiencia de mobilidade. Estas persoas, actuando como coñecedoras e “embaixadoras” dos programas nos que participaron, proporcionarán a futuros/as candidatos/as a información, orientacións e recomendacións que lles permitan sacar o maior proveito posible dunha potencial experiencia de mobilidade (achegando non só unha visión institucional, senón tamén unha aproximación a cuestións interculturais). Estimularase a participación deste estudiantado e persoal nas xornadas previstas, garantindo a mención destas accións no Diploma de Méritos Internacionais que se proporcionará ao estudiantado, tal e como se establece na **acción 5.3** do Plan, e acreditándoo como actividade formativa impartida ao PDI e ao PTXAS.
- ▶ Revisión das propostas emanadas dos informes de estadía realizados polo estudiantado e o persoal que participa en mobilidades e o seu traslado aos responsables das unidades que proceda para valorar a súa integración na práctica docente ou administrativa da USC.

<p><b>Inicio:</b> xaneiro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Responsables:</b> Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Oficina de Mobilidade.</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Calendario anual de accións de comunicación.</li> <li>▶ Xornadas informativas.</li> <li>▶ Estudiantado, PDI e PTXAS que participen como relatores nas xornadas informativas.</li> </ul>
<p><b>Fin:</b> decembro 2026</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:</b> Centro de Formación de Persoal, membros da rede de axentes de internacionalización, así como PDI e PTXAS que participen como relatores nas actividades informativas.</p>	

## LIÑA ESTRATÉXICA 4

### Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual

#### **Acción 4.2**

#### Revisión dos convenios de intercambio no marco dos programas Erasmus+ e por convenio bilateral e valoración do establecemento de novos acordos

##### Descrición da acción

Desde a súa aparición no ano 1987 como programa de intercambio de ensino superior, o programa Erasmus+ experimentou unha constante evolución, ofrecendo na actualidade un amplo abano de oportunidades nos ámbitos do ensino superior, a educación e formación de profesionais, a educación escolar, a educación de adultos, a xuventude e o deporte para estudantes, educadores e animadores socio-educativos. O impacto deste programa no ámbito europeo e, en concreto, na nosa institución (a USC conta na actualidade con arredor de 900 convenios Erasmus+), proporcionou o impulso doutros programas de intercambio como o programa por convenio bilateral, desenvolvido a través da sinatura de convenios recíprocos con países extracomunitarios. Se ben ambos os dous programas se viron notablemente minguados durante a crise provocada pola Covid-19, nos cursos académicos 2021-2022 e 2022-2023 produciuse unha notable recuperación da mobilidade, achegándose progresivamente ás cifras do período anterior á pandemia. Aínda que o Erasmus+ segue a ser o programa de mobilidade por excelencia, o fluxo de estudiantado recibido na USC a través de convenios bilaterais atópase en cifras próximas ás rexistradas para o programa Erasmus+ (cfr. Capítulo 3 do Plan).

No marco do escenario descrito, o establecemento de novos convenios ao abeiro de programas como o Erasmus+ (Acción Clave 1: KA131 e KA171) ou por convenio bilateral rexerese pola lóxica da demanda constatada nos últimos anos, mantendo aqueles xa establecidos con fluxo de mobilidade anual estable e aplicando unha dinámica de impulso de convenios e intercambios que atendan as necesidades dos novos plans de estudo e concorden co establecido

na Programación Plurianual da USC 2023-2026, que inclúe entre as súas prioridades a atracción de alumnado procedente de América Latina e de países da Lusofonía.

A decisión da adopción e sinatura de novos acordos nos programas referenciados responderá a dous obxectivos:

- ▶ Satisfacer a demanda do estudiantado.
- ▶ Priorizar o establecemento de fluxos de mobilidade para plans de estudo de recente creación.

A toma de decisións no establecemento de novos convenios partirá dunha análise conxunta na que participarán os centros docentes, a través dos/das responsables de internacionalización, así como a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a través das súas Oficinas de Mobilidade e de Proxección Internacional. Desenvolveranse especificamente as seguintes iniciativas:

- ▶ Revisión da evolución das cifras de mobilidade nos programas Erasmus+ (Acción clave 1: KA131 e KA171) e por convenio bilateral nos últimos cinco anos, coa finalidade de identificar os convenios máis activos e os menos activos, aqueles de especial interese estratéxico ou aqueles nos que se identifiquen desequilibrios importantes nos fluxos de mobilidade, de cara á xustificación da súa continuidade ou, de ser o caso, cancelación.
- ▶ Exploración de novas posibilidades de colaboración ao abeiro dos programas anteriormente mencionados.

<p><b>Inicio:</b> xaneiro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Responsables:</b> Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Oficina de Mobilidade e Oficina de Proxección Internacional.</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Convenios Erasmus+ KA131, Erasmus+ KA171 e bilaterais asinados.</li> <li>▶ Convenios Erasmus+ KA131, Erasmus+ KA171 e bilaterais revisados.</li> <li>▶ Convenios Erasmus+ KA131, Erasmus+ KA171 e bilaterais cancelados.</li> </ul>
<p><b>Fin:</b> decembro 2026</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:</b> Unidade de Convenios, responsables de internacionalización dos centros e EDIUS.</p>	

## LIÑA ESTRATÉXICA 4

### Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual

#### **Acción 4.3**

#### Fomento da mobilidade saínte a través de programas de referencia e no marco de asociacións e redes das que forma parte a USC

##### Descrición da acción

Para un óptimo impulso da internacionalización da universidade, a mobilidade da USC debe acoller e dirixirse a toda a comunidade universitaria, a pesar de que tradicionalmente se identifiquen os programas de mobilidade co colectivo estudantil. Neste ámbito, o programa Erasmus+ e a mobilidade por convenio bilateral constitúen unha ferramenta esencial de financiamento, tendo en conta, tal e como se detallou na acción anterior, a evolución das súas liñas de apoio á mobilidade nos últimos anos.

Se ben a mobilidade estudantil saínte goza, en termos xerais, de boa saúde na nosa Universidade, nomeadamente no marco do programa Erasmus+ KA131, a diagnose presentada no Capítulo 3 revela a existencia de áreas con marxe para a mellora. Entre as áreas susceptibles de melloramento e nas que cómpre incrementar a mobilidade do noso estudiantado, atópanse as estadias realizadas por convenio bilateral, que se viron lastradas pola ausencia ata o momento de axudas económicas para o alumnado saínte. Así mesmo, é recomendable fomentarmos a participación do estudiantado de posgrao en modalidades de mobilidade alternativas á tradicional (estadias semestrais ou anuais). No que atinxe ao nivel de máster, e tendo en conta a imposibilidade do estudiantado de mestrados de 60 ECTS de participar nas convocatorias Erasmus+ e por convenio bilateral (cfr. sección 2 do Capítulo 3), cómpre facilitar a súa participación en estadias de curta duración, incluídos os *Blended Intensive Programmes* (BIP; cfr. acción 4.4). Por outra banda, é preciso fomentar a mobilidade nos estudos de doutoramento a fin de favorecer o cumprimento dos requisitos para a obtención da Mención de Doutoramento Internacional ou para o desenvolvemento de teses en cotutela. Co obxectivo de impulsar a mobilidade nos ámbitos mencionados, propónse o establecemento dun programa de axudas propias no caso da mobilidade por convenio bilateral e a convocatoria de axudas á mobilidade para estadias de curta duración no caso do estudiantado de posgrao (cfr. acción 4.7 *infra*).

As modalidades Erasmus+ que dan soporte á mobilidade docente e de PTXAS son as accións Erasmus+ KA131 e Erasmus+ KA171. No caso do persoal docente, o obxectivo destas accións é o de facilitar o intercambio de profesorado con universidades coas que a USC ten establecidos convenios, coa finalidade de impartir docencia e familiarizarse con experiencias pedagóxicas innovadoras que se estean desenvolvendo na institución ou centro de acollida, ademais de facilitar o establecemento de colaboracións no eido da investigación. No que respecta á mobilidade do PTXAS, estas accións pretenden fomentar o intercambio de boas prácticas e a adquisición de competencias que contribúan a mellorar o seu labor diario de xestión e administración, incorporando novas formas de traballo e fortalecendo, ao mesmo tempo, as relacións con universidades socias.

En ambos os dous casos, PDI e PTXAS, continuarase a fomentar a mobilidade a través da concorrencia ás convocatorias de mobilidade de carácter anual do programa Erasmus+ Acción clave 1 (KA131 e KA171). Terase en conta no deseño das propostas a elección daquelas áreas xeográficas con maiores posibilidades de demanda de mobilidade, na procura do mellor aproveitamento posible destas experiencias. Incentivarase a participación do PDI e o PTXAS desde a promoción, difusión e posta en valor destes programas e, en particular, desde as experiencias individuais acumuladas por anteriores persoas beneficiarias, tal e como se establece na acción 4.1 do presente Plan.

Por outra banda, a USC forma parte dunha serie de redes e asociacións que posibilitan o intercambio de estudiantado, PDI e PTXAS, coas que se reforzará o fomento da mobilidade bilateral para estes colectivos, estendendo este compromiso ao marco de colaboración de novas redes nas que se poida integrar a Universidade. Na actualidade, ofértanse posibilidades de mobilidade a través de, entre outros, os seguintes programas promovidos por redes e asociacións de colaboración: IACOBUS, *Stella for Staff* (GCU), *Stella Junior* (GCU) e accións de mobilidade académica entre as institucións pertencentes á Asociación Universitaria Iberoamericana de Posgrao (AUIP) (para maior información sobre estes programas, véxase Capítulo 3 *supra*). Potenciarase a difusión das convocatorias específicas de mobilidade destas redes e asociacións a través do portal web internacional, así como do boletín de novas descrito na acción 2.2.

<p><b>Inicio:</b> xaneiro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Responsables:</b> Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Oficina de Mobilidade.</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Mobilidade de estudiantado, PDI e PTXAS no marco do programa Erasmus+ e por convenio bilateral.</li> <li>▶ Mobilidade de estudiantado, PDI e PTXAS no marco de redes e asociacións de ámbito internacional.</li> </ul>
<p><b>Fin:</b> decembro 2026</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:</b> Oficina de Proxección Internacional, EDIUS e centros docentes.</p>	

## LIÑA ESTRATÉXICA 4

### Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual



#### Acción 4.4

#### Promoción de experiencias de mobilidade combinada (física e virtual)

##### Descrición da acción

O termo 'mobilidade combinada' (*blended mobility*) fai referencia á posibilidade de completar períodos de mobilidade física noutro país combinados con actividades de aprendizaxe efectuadas a través dunha contorna virtual. Esta modalidade de mobilidade constitúe tamén unha das prioridades do programa Erasmus+, que aspira a promover a transformación dixital da educación e da formación, proporcionando medidas de apoio á mobilidade combinada no período de programación 2021-2027.

Tendo en conta o valor engadido da mobilidade combinada, a USC adoptará as medidas precisas para promover iniciativas ata agora non tidas en conta na oferta dos programas de mobilidade internacional. Con esta finalidade:

- ▶ Solicitará formalmente como institución coordinadora, en función da decisión que institucionalmente se adopte, o financiamento específico establecido polo programa Erasmus+ para o desenvolvemento de iniciativas de mobilidade combinada, *Blended Intensive Programmes* (BIP).
- ▶ Asinará, de ser o caso, os acordos de consorcio que garantan a participación da USC neste tipo de iniciativas de mobilidade combinada, priorizando aquelas que se desenvolvan no marco da alianza EUniWell.

- ▶ Planificará accións informativas dirixidas á comunidade universitaria para dar a coñecer estas iniciativas e promover así a súa participación nelas.
- ▶ Publicará anualmente convocatorias internas dirixidas á comunidade docente para a presentación de manifestacións de interese de coordinación de programas BIP.
- ▶ Lanzará anualmente convocatorias de selección dirixidas ao estudiantado que desexe obter algunha das prazas dos BIP nos que participe a USC, reservando fondos do programa Erasmus+ para este fin.
- ▶ Incorporará ao *Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes da USC* as modificacións oportunas para a posta en marcha e execución de iniciativas BIP, en consonancia coa actualización que se acometerá deste documento normativo no contexto da [acción 1.2 supra](#).



<p><b>Inicio:</b> xaneiro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Responsables:</b> Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Oficina de Mobilidade.</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ BIP coordinados pola USC.</li> <li>▶ BIP con participación da USC.</li> <li>▶ Accións informativas.</li> <li>▶ Estudiantado, PDI e PTXAS participante en accións de mobilidade combinada.</li> </ul>
<p><b>Fin:</b> decembro 2026</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:</b> PDI e PTXAS dos centros que participen na organización das actuacións descritas.</p>	

## LIÑA ESTRATÉXICA 4

### Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual

#### **Acción 4.5**

#### **Desenvolvemento de intercambios virtuais COIL (Collaborative Online International Learning)**

##### Descrición da acción

A aprendizaxe internacional colaborativa en liña, que responde ás siglas COIL (*Collaborative Online International Learning*), é unha modalidade de intercambio virtual que emprega a tecnoloxía en liña para facilitar a colaboración entre profesorado e estudantado de distintos países. O estudantado conflúe nas aulas en liña, que se nutren dun enfoque de ensino impartido en equipo, no que o profesorado traballa conxuntamente para desenvolver contido no marco dalgunha materia concreta, facendo especial fincapé na aprendizaxe experimental do alumnado. As clases poden organizarse totalmente en liña ou combinarse con sesións presenciais tradicionais en cada un dos centros educativos implicados nesta modalidade da aprendizaxe. Non obstante, o traballo colaborativo do estudantado lévase a cabo en liña e materialízase en forma de proxectos ou debates. O profesorado implicado no desenvolvemento deste tipo de accións traballa estreitamente con todo o estudantado, aínda que este só se matricula e obtén cualificacións na súa institución de orixe. As accións COIL non entrañan pois unha complexidade administrativa nin esixen a existencia de acordos de recoñecemento previos, posto que o estudantado será avaliado nas súas propias institucións de orixe. O profesorado convértese aquí en catalizador da internacionalización e o estudantado no seu motor de realización. Atopámonos, por tanto, fronte a unha modalidade de aprendizaxe que contribúe a enriquecer o concepto de internacionalización na casa (ver **Liña Estratéxica 5** do Plan), permitindo o fomento das competencias interculturais e o desenvolvemento de habilidades lingüísticas, así como a cooperación entre docentes, estudantado e, por extensión, entre universidades, mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

As accións COIL experimentaron un claro impulso tras a pandemia da Covid-19, xerando así novas oportunidades e un interese crecente, con ánimo de consolidarse no campo da co-

laboración internacional a distancia. Esta colaboración non ten por que cingirse aos obxectivos puramente académicos e formais das materias, senón ao propósito de fomentar a internacionalización desde a propia realidade local, empregando a virtualidade como canal de expansión da cooperación académica individual e da aprendizaxe intercultural.

A USC é consciente da relevancia adquirida pola aprendizaxe colaborativa en liña, así como da súa contribución ao proceso de internacionalización, polo que fomentará a incorporación de experiencias COIL en cooperación con universidades estranxeiras. Esta participación realizarase a iniciativa propia do PDI da USC ou en resposta a invitacións de institucións e profesorado alleo. Aínda que non de forma limitada, outorgaráselle prioridade á promoción de iniciativas COIL no marco da rede de colaboración *Universities for Virtual Exchange*, creada polo GCU do que forma parte a USC, así como as propiciadas pola alianza EUniWell, da que a USC é institución socia. Adicionalmente, adoptaranse as seguintes medidas:

- ▶ Organización de accións informativas e formativas dirixidas á comunidade docente orientadas a dar a coñecer a metodoloxía da aprendizaxe colaborativa en liña, tanto no que atinxe aos seus requirimentos como no que se refire aos seus beneficios.
- ▶ Difusión entre a comunidade docente da USC das invitacións recibidas de universidades estranxeiras para participar en experiencias COIL.
- ▶ Recoñecemento da actividade de formación COIL realizada polo PDI da USC no marco do Programa de Formación e Innovación Docente da USC.
- ▶ Recoñecemento da participación do estudantado en actividades COIL a través do Diploma de Méritos Internacionais (ver **acción 5.3**).

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Oficina de Proxección Internacional e Centro de Formación de Persoal.

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

PDI dos centros que participen na organización das actividades descritas.

**Indicadores:**

- ▶ Intercambios virtuais COIL.
- ▶ Accións formativas.
- ▶ Estudantado e PDI participante en intercambios virtuais COIL.

## LIÑA ESTRATÉXICA 4

### Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual

#### **Acción 4.6** Estímulo ao programa Erasmus+ prácticas

##### Descrición da acción

No marco do programa Erasmus+ KA131, a USC apoia a realización de períodos de prácticas nos países do programa para os estudos de grao, máster e doutoramento co obxecto de promover a empregabilidade do estudiantado mediante o desenvolvemento das súas capacidades interpersoais, interculturais, lingüísticas, emprendedoras e innovadoras. Do mesmo xeito, a USC actúa como institución de acollida de estadias entrantes para as mesmas modalidades de estudo.

Mentres a mobilidade saínte se canaliza a través de convocatorias anuais, a mobilidade entrante carece dun procedemento regulado de acollida que proporcione unhas garantías de seguimento centralizado e de recoñecemento académico adecuadas para o estudiantado que realiza as prácticas. A ausencia dun procedemento regulado de acollida dificulta, así mesmo, o procesamento dos datos deste tipo de mobilidade por parte da Oficina de Mobilidade, que centraliza a xestión das restantes modalidades de intercambio efectuadas no marco do programa Erasmus+ KA131.

No que respecta á mobilidade saínte, ofértase a posibilidade de realización de prácticas curriculares, extracurriculares e aquelas dirixidas a estudiantado egresado. Porén, mentres que a realización de prácticas curriculares se traduce nun recoñecemento en créditos ECTS no expediente académico do/a estudante e no Suplemento Europeo ao Título (SET) e as extracurriculares se recoñecen a través da mención no SET, a USC non ten habilitado ata o de agora ningún sistema de recoñecemento do período de prácticas realizadas por parte do estudiantado egresado.

No marco do Plan de Internacionalización 2024-2026, a optimización da xestión do programa de prácticas Erasmus+ KA131 e a súa dinamización abordaranse a través das seguintes actividades, clasificadas por fluxo de mobilidade:

##### Mobilidade saínte:

- ▶ Impulso á difusión das convocatorias e á participación nas mesmas mediante (i) accións de difusión a través das redes sociais da USC e de listas de difusión a estudiantado, prevendo a intensificación da difusión cara a aquelas titulacións, incluídos programas de doutoramento, nos que polo seu enfoque práctico, estas mobilidades puidesen ter un maior impacto. Cómpre destacar, por exemplo, que este tipo de mobilidade facilita o cumprimento dos requisitos para a obtención da Mención de Doutoramento Internacional; (ii) a publicación no portal web internacional da USC dun documento actualizado de ofertas de prácticas e de recursos web que faciliten a procura de empresas de acollida por parte do alumnado; (iii) en liña coa actividade recollida na **acción 4.1** deste Plan, posta en valor das experiencias de mobilidade en prácticas mediante a participación de estudiantado que xa tomou parte no programa Erasmus+ prácticas nas xornadas que se organicen a tal efecto, así como acreditación desta actividade no Diploma de Méritos Internacionais (cfr. **acción 5.3**).
- ▶ Oferta de mobilidade combinada (*blended mobility*), presencial e en liña, para a modalidade de Erasmus+ prácticas.
- ▶ Tramitación do recoñecemento da mobilidade saínte do estudiantado egresado a través do Documento de Mobilidade *Europass*.

##### Mobilidade entrante:

- ▶ Elaboración dunha guía específica de tramitación e xestión da mobilidade entrante no marco do programa Erasmus+ prácticas (cfr. **acción 1.4**).
- ▶ Potenciación da difusión da USC como institución de acollida no seo do programa Erasmus+ prácticas a través de portais web habilitados para ese fin.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Oficina de Mobilidade.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**  
Persoal das unidades e estruturas dos centros responsables da xestión e tramitación das mobilidades, así como PDI responsable da titorización de mobilidades entrantes.

**Indicadores:**

- ▶ Mobilidade saínte Erasmus+ prácticas.
- ▶ Mobilidade entrante Erasmus+ prácticas.

## LIÑA ESTRATÉXICA 4

### Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual

#### **Acción 4.7** Reforzamento das axudas á mobilidade

##### Descrición da acción

A USC asume o seu compromiso coa internacionalización apostando por potenciar a mobilidade e o intercambio e dedicando fondos da institución ao financiamento de programas de mobilidade propios. A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización convoca anualmente as axudas para estadias na USC de PDI estranxeiro pertencente a universidades coas que existen convenios bilaterais vixentes (antigo Programa xeral de mobilidade con países de fóra do EEES; dende o curso 2023-2024 Convocatoria de axudas para estadias na USC de PDI visitante de fóra do EEES). A finalidade destas axudas é posibilitar que PDI estranxeiro realice estadias de entre dúas e catro semanas de duración que lle permitan impartir docencia na USC, preparar proxectos conxuntos de investigación e/ou cooperación, realizar actividades de cooperación ou investigación conxunta ou efectuar outras actividades académicas de relevancia. As axudas cobren, de xeito complementario ao financiamento propio do PDI visitante, o seu aloxamento no Sistema Universitario de Residencias e unha asignación para a súa manutención.

Á parte deste programa, a USC, promove, tal e como se menciona nas **accións 4.2** e na **acción 4.3**, a mobilidade de estudantes por convenio bilateral, convocando prazas de mobilidade para grao e máster de máis de 60 ECTS cara a países extracomunitarios. A finalidade destas mobilidades é a de ofrecer ao estudiantado a posibilidade de realizar estudos durante un ou dous semestres nalgunha das universidades coas que a USC ten suscrito un convenio bilateral.

A prol de favorecer a solicitude e aproveitamento destas prazas por parte do estudiantado e así paliar o desequilibrio entre os fluxos de estudantes entrantes e saíntes na mobilidade por convenio bilateral (cfr. Capítulo 3), a USC lanzou na convocatoria de 2023 un total de 40 axudas financiadas con fondos de política interior (KA131-HED). No período de implementación do presente Plan de Internacionalización, o obxectivo da USC é o de reforzar estas axudas con fondos propios.

Como se sinala na **acción 4.3**, outra área que precisa un impulso decidido por parte da institución é a mobilidade de estudantes de mestrado e doutoramento saíntes. Neste contexto, propónse o lanzamento dunha convocatoria financiada con fondos do programa Erasmus+ KA131 para estadias de curta duración (entre 5 e 30 días), que faciliten o acceso ás experiencias de mobilidade internacional para o estudiantado de mestrados de 60 ECTS e o cumprimento dos requisitos para a obtención da Mención de Doutoramento Internacional ou para o desenvolvemento de teses en cotutela no caso do alumnado en etapa predoutoral.

<p><b>Inicio:</b> xaneiro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Responsables:</b> Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Oficina de Mobilidade.</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Convocatorias de axudas para estadias na USC de PDI visitante de fóra do EEES.</li> <li>▶ Convocatorias de axudas para estudiantado saínte por convenio bilateral.</li> <li>▶ Convocatorias de axudas para estadias de curta duración de estudiantado saínte de mestrado e doutoramento.</li> </ul>
<p><b>Fin:</b> decembro 2026</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:</b> Persoal docente da USC que acolle a PDI estranxeiro e persoal das unidades e estruturas dos centros responsables da xestión e tramitación das mobilidades.</p>	

## LIÑA ESTRATÉXICA 4

### Impulso á mobilidade física, híbrida e virtual

#### **Acción 4.8**

#### Impulso ás actividades e recursos de acollida para o estudantado internacional

##### Descrición da acción

O incremento da capacidade de atracción de alumnado estranxeiro é un dos principais retos que afrontan as universidades nas súas estratexias de internacionalización. Resulta evidente que a dispoñibilidade de suficiente oferta académica en lingua inglesa e unha boa accesibilidade da información cara ao exterior favorecen a atracción deste alumnado. Non obstante, existen outros moitos factores que estimulan ou determinan a decisión final do estudantado estranxeiro á hora de decantarse por unha universidade de destino, ben no marco de programas de intercambio, ben como destino para *free movers* ou como institución para a realización dun ciclo de estudos completo. Ademais das accións específicas de promoción e difusión, comprendidas na **liña estratéxica 2** deste Plan, o boca a boca constitúe, así mesmo, un canal de difusión efectivo e influente na comunidade universitaria. Para que esta estratexia de comunicación verbal sexa positiva e útil, a Universidade ten que garantir ao estudantado procedente doutros países unha experiencia academicamente satisfactoria e acollidora no ámbito persoal, que lle permita sacar o máximo beneficio da súa estada na USC a todos os niveis. A efectiva integración do estudantado estranxeiro convértese así nun obxectivo que se acadará mediante a posta a disposición de servizos e a organización de actividades de apoio orientadas especificamente a lograr esa integración. No marco do presente Plan, impulsaranse en concreto as seguintes iniciativas:

- ▶ Elaboración de protocolos de acollida e integración de estudantado estranxeiro de grao, máster e doutoramento (cfr. **acción 1.4** *supra*), coordinando a participación dos distintos servizos e unidades da USC implicados na súa execución.
- ▶ Promoción da oferta formativa das dúas linguas oficiais da USC para o estudantado internacional, aproveitando deste xeito unha das fortalezas da nosa Universidade para a atracción de alumnado estranxeiro.

- ▶ Visibilización da oferta de aloxamento para estudantado estranxeiro.
- ▶ Reforzo do *Buddy Programme*, programa de apoio ao estudantado internacional mediante o cal se asigna un/nha compañeiro/a local que axuda ao estudantado estranxeiro no seu proceso de integración e adaptación antes e despois da súa chegada á USC.
- ▶ Potenciación dos *English-friendly courses*, propiciando o intercambio de experiencias e boas prácticas entre os centros docentes que actualmente os están aplicando cara a aqueles nos que esta práctica non está aínda implantada (ver **acción 3.1** do Plan).
- ▶ Organización de eventos culturais, deportivos e científicos durante o curso académico que poñan o foco no intercambio cultural entre estudantado local e internacional, procurando a implicación de ambas as dúas comunidades no seu desenvolvemento, incluíndo o recoñecemento desta actividade para o estudantado propio no Diploma de Méritos Internacionais descrito na **acción 5.3** do Plan.
- ▶ Organización anual das xornadas de benvida (*International Welcome Day*) e doutras actividades asociadas a datas de especial significación para o estudantado internacional (por exemplo, o *International Students' Day*, que se celebra o día 17 de novembro).
- ▶ Creación dun Observatorio de mobilidade do estudantado internacional que recibe a USC no marco de programas de intercambio ou de captación. O Observatorio servirá como ferramenta para manter unha comunicación periódica co estudantado estranxeiro a través de enquisas que permitan coñecer o seu grao de integración e identificar as principais trabas coas que se atopan no ámbito académico e persoal, propiciando deste xeito unha vía de acompañamento e unha adecuación e mellora dos servizos e apoio que se lles prestan.

<p><b>Inicio:</b> xaneiro 2024</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Responsables:</b> Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, Oficina de Mobilidade, Oficina de Captación Internacional e Oficina de Proxección Internacional.</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▶ Protocolo de acollida e integración de estudantado estranxeiro.</li> <li>▶ Eventos/accións de acollida.</li> <li>▶ Xornadas de benvida.</li> <li>▶ Enquisas realizadas dende o Observatorio de mobilidade do estudantado internacional.</li> </ul>
<p><b>Fin:</b> decembro 2026</p>	<p><b>Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:</b> Consello do Estudantado e persoal dos centros, unidades, áreas ou estruturas universitarias involucradas nas actuacións previstas.</p>	



## LIÑA ESTRATÉXICA 5

### Reforzo da internacionalización na casa

ORZAMENTO

64.000 €



A través do concepto de 'Internacionalización na Casa' (*Internationalization at Home*; IaH) preténdese poñer de relevo a necesidade de estender os beneficios da internacionalización a toda a comunidade universitaria, en base a un enfoque que transcenda a mobilidade física, considerada tradicionalmente o referente da internacionalización das universidades. A internacionalización na casa ten por obxecto favorecer a integración das dimensións internacionais e interculturais no currículo formal e informal do estudiantado, así como nas competencias profesionais do PDI e do PTXAS. Constitúe, por tanto, unha estratexia institucional con implicacións diversas permeables a través dos plans de estudo, da práctica docente e investigadora, da actividade de servizo institucional, incorporando na súa conceptualización elementos como a aprendizaxe de linguas estranxeiras e o desenvolvemento de vínculos con actores internacionais.

A situación de emerxencia creada pola pandemia da Covid-19 impactou notablemente nas universidades, que tiveron que enfrontarse a novos retos, como o de dar continuidade á actividade docente a distancia. O período de illamento por mor da pandemia traducíuse, así mesmo, nunha significativa redución da mobilidade estudantil, obrigando ás universidades a reconsiderar as súas estratexias de internacionalización e a apostar pola virtualidade no ámbito académico. Neste contexto sobrevido xorden novas oportunidades de repensar as estratexias de internacionalización, reforzando as actividades de internacionalización na casa como vía para dotar ao conxunto da comunidade universitaria de habilidades e competencias globais e interculturais sen ter que efectuar necesariamente unha mobilidade física. Factores como o reforzo das capacidades lingüísticas, a aprendizaxe intercultural e a aproximación a outros contextos mediante a interacción en liña preséntanse como instrumentos de reforzo da internacionalización cun impacto directo no incremento da poboación universitaria con competencias internacionais. As accións propostas para esta liña estratéxica contribuirán a potenciar unha internacionalización máis inclusiva, que beneficie a un maior número de membros da comunidade universitaria.



#### Obxectivos

- Potenciar o enfoque integrador e transversal da internacionalización no seo da comunidade universitaria.
- Favorecer a integración de competencias internacionais e interculturais nos procesos que afectan a toda comunidade universitaria (PDI, PTXAS, estudiantado).
- Promover a formación da comunidade universitaria en ámbitos vencellados á internacionalización.
- Fortalecer o perfil internacional da Universidade.



#### Accións

- 5.1 Promoción da aprendizaxe de linguas estranxeiras polos distintos colectivos da comunidade universitaria.
- 5.2 Fomento das competencias interculturais do PDI e do PTXAS.
- 5.3 Acreditación de competencias internacionais do estudiantado mediante a creación do Diploma de Méritos Internacionais (DiMI).
- 5.4 Reforzo e posta en marcha de actividades comúns fóra da aula para o estudiantado propio e o estudiantado estranxeiro.
- 5.5 Desenvolvemento de proxectos de telecolaboración entre estudiantado e profesorado propio e estranxeiro.

## LIÑA ESTRATÉXICA 5

### Reforzo da internacionalización na casa

#### **Acción 5.1**

#### Promoción da aprendizaxe de linguas estranxeiras polos distintos colectivos da comunidade universitaria

##### Descrición da acción

O coñecemento de linguas estranxeiras por parte da comunidade universitaria é un factor clave no proceso de internacionalización, na medida en que se pode traducir nunha maior oferta académica e de servizos en lingua estranxeira, afectando fundamentalmente á atracción de estudantado foráneo. Non obstante, constitúe tamén un factor condicionante da motivación ou reticencia dunha parte da comunidade estudantil, de PDI e de PTXAS a participar nas convocatorias de programas de mobilidade e outras accións de fomento da internacionalización que se organizan na Universidade. Cómpre, xa que logo, proporcionar apoio e incentivar a adquisición e mellora das competencias lingüísticas de toda a comunidade universitaria e a súa certificación segundo os niveis do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

Este obxectivo traducirase nas seguintes actuacións específicas:

- ▶ Impulso aos programas de capacitación lingüística dirixidos a PDI, estudantado e PTXAS desde o Centro de Formación de Persoal (a través do CLM), na procura non só dunha maior capacitación, senón tamén dun incremento da participación destes colectivos nos programas de mobilidade que xestiona a Universidade. No caso do PDI, esta formación canalízase a través do itinerario formativo orientado a promover as súas habilidades lingüísticas e comunicativas, recollido na Estratexia de Formación da USC 2023-2026.
- ▶ Deseño e posta en marcha de medidas orientadas a estimular a participación do PDI na promoción da oferta docente en lingua estranxeira. O deseño destas medidas responderá ás necesidades de mellora identificadas a partir da análise do LEDUS, mencionada na **acción 3.1** do presente Plan.



**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Centro de Formación de Persoal.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Vicerreitoría de Profesorado, Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo e centros docentes.

**Indicadores:**

- ▶ Cursos de capacitación lingüística dirixidos a PDI, PTXAS e estudantado.

## LIÑA ESTRATÉXICA 5

### Reforzo da internacionalización na casa

#### **Acción 5.2**

#### **Fomento das competencias interculturais do PDI e do PTXAS**

##### **Descrición da acción**

A internacionalización na casa reflectirase, entre outros aspectos, na capacidade da Universidade de introducir a dimensión internacional na práctica docente e de xestión, dotando os actores involucrados das competencias interculturais necesarias. Entre os actores referidos, o PDI desempeña un papel central, posto que é o responsable do desenvolvemento curricular e o que, por proximidade e interacción directa co estudiantado, ten unha implicación maior na integración da internacionalización no proceso formativo. Noutro ámbito, o PTXAS, en particular aquel que desenvolve as súas tarefas nos eidos da xestión dos programas de mobilidade e da promoción da visibilidade internacional da Universidade, é quen actúa de vínculo entre os actores internos e os actores da escena internacional. Docentes e persoal técnico e administrativo situaranse, así, no foco dunha serie de actuacións formativas, que adoptarán a modalidade de charlas ou talleres prácticos, nas que se fomentará a comprensión e inclusión de competencias interculturais na práctica profesional, ben docente, ben xestora, das persoas participantes. No caso das accións dirixidas ao profesorado, a formación centrarase no desenvolvemento de estratexias pedagóxicas relevantes e necesarias para a práctica docente nun contexto universitario internacional.

Estas charlas e talleres impartiranse baixo un enfoque metodolóxico que combinará debates, dinámicas de grupo, técnicas de *role-playing* e a presentación e resolución de conflitos relacionados coa realidade do contexto internacional que caracteriza as universidades.

O fin último desta acción é o de capacitar ao persoal da Universidade e mellorar cualitativamente o desenvolvemento das súas funcións mediante:

- ▶ A adquisición de coñecementos que derive nunha mellor comprensión das diferenzas culturais.
- ▶ A eliminación de prexuízos que eventualmente conduzan á discriminación por razón de xénero, orientación sexual ou identidade de xénero, raza, relixión ou condicións socioeconómicas.
- ▶ A integración da perspectiva intercultural na práctica docente, nos recursos didácticos e, en xeral, no desenvolvemento curricular, como elemento de reforzo da calidade académica da institución.

O desenvolvemento das accións formativas aquí previstas nutrirase da experiencia dos obradoiros de xestión do multilingüismo nas aulas, realizados no marco do Programa de Formación e Innovación Docente.

**Inicio:**  
xaneiro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Centro de Formación de Persoal.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**  
Oficina de Proxección Internacional, Oficina de Mobilidade e Oficina de Captación Internacional.

**Indicadores:**  
▶ Accións formativas en competencias interculturais para PDI e PTXAS.

## LIÑA ESTRATÉXICA 5

### Reforzo da internacionalización na casa



#### Acción 5.3

#### Accreditación de competencias internacionais do estudantado mediante a creación do Diploma de Méritos Internacionais (DiMI)

##### Descrición da acción

Nun mercado laboral cada vez máis globalizado, as aptitudes e competencias internacionais están a adquirir un maior valor no currículo do estudantado universitario, constituíndose como un reflexo das súas capacidades para adaptarse a contextos multiculturais dinámicos, das súas competencias lingüísticas e da súa disposición para afrontar novos retos e ampliar os horizontes das súas expectativas profesionais. Entre as actividades de dimensión internacional nas que participa o estudantado, tanto dentro como fóra do seu país, inclúense experiencias de curta ou de longa duración como as estadias de estudo ou de prácticas no estranxeiro, a participación en cursos, conferencias, seminarios e talleres presenciais ou virtuais que incorporen a dimensión internacional, ben na súa formulación, ben no seu contido, o intercambio cultural fóra das aulas (ver iniciativas recollidas na [acción 5.4](#)), a mentorización de estudantado estranxeiro e a participación en asociacións internacionais ou con foco na promoción da interculturalidade, entre outras.

Conscientes do valor que pode reportar a acreditación destes méritos ao estudantado da nosa Universidade, contémpanse no presente Plan o deseño dun documento acreditativo de competencias internacionais denominado Diploma de Méritos Internacionais, identifica-

do coas siglas DiMI. Explorárase a posibilidade de incorporar o DiMI no SET, xunto coa restante información personalizada susceptible de ser incluída neste documento complementario do título superior. A este respecto, estarase ao disposto no artigo 10.9 do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. No que atinxe ao procedemento de recoñecemento e transferencia de créditos académicos nos títulos universitarios oficiais, establécese que “serán obxecto destes procedementos os créditos con relación á participación do estudantado en actividades universitarias de cooperación, solidarias, culturais, deportivas e de representación estudantil que, conxuntamente, equivalerán a, como mínimo, seis créditos”.

No proceso de deseño deste Diploma definirase o seu procedemento de trámite e determinaranse aqueles aspectos necesarios para dotar a este documento da oficialidade e garantía de calidade que o avale como acreditación efectiva de todas as actividades de enfoque internacional que o/a estudante teña desenvolvido ou nas que teña participado durante a súa etapa universitaria. Así mesmo, identificarase previamente o catálogo de accións susceptibles de acreditarse a través deste documento e os requisitos mínimos que estas deben cumprir.

**Inicio:**  
xuño 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Oficina de Proxección Internacional.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Oficina de Mobilidade e demais servizos ou unidades responsables da organización de actividades susceptibles de ser acreditadas a través do DiMI.

**Indicadores:**

► Diploma de Méritos Internacionais (DiMI).

## LIÑA ESTRATÉXICA 5

### Reforzo da internacionalización na casa

#### **Acción 5.4**

#### Reforzo e posta en marcha de actividades comúns fóra da aula para o estudantado propio e o estudantado estranxeiro

##### Descrición da acción

O fomento da internacionalización na casa require de accións específicas que favorezan a integración da dimensión internacional máis alá das aulas. Xorde así a necesidade de sumar ás tradicionais experiencias de aprendizaxe, canalizadas a través dun currículo de estudos, a organización doutras actividades orientadas a reforzar a interculturalidade, ao mesmo tempo que se propicia a integración do estudantado internacional. Estas accións suporán, así mesmo, unha oportunidade para o aproveitamento por parte do estudantado propio das vantaxes de crecemento persoal e académico que se desprenden da inmersión en escenarios caracterizados pola diversidade lingüística e cultural.

As actividades a realizar ao abeiro desta liña de actuación requirirán para o seu correcto desenvolvemento a participación conxunta de estudantado propio e estranxeiro. Ademais de reforzar a realización de actividades como os cafés de linguas, os tándems de intercambio lingüístico ou as andainas lingüísticas postas en marcha polo Centro de Formación de Persoal a través do CLM (cfr. sección 6 do Capítulo 3), prevese de xeito coordinado entre a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, o Centro de Formación de Persoal e a Área de Deportes, a organización de, entre outras, as seguintes actividades:

- ▶ Xornadas internacionais da interculturalidade.
- ▶ Clubs de debate.
- ▶ Ligas deportivas.

Ao comezo de cada semestre elaborárase e difundirase un calendario de actividades de promoción da interculturalidade a través da interacción entre estudantado propio e foráneo, con vocación de fomentar a adhesión do colectivo estudantil á estratexia de internacionalización na casa articulada a través das iniciativas anteriormente descritas. Este calendario configurarase en coherencia coa axenda de eventos de acollida á comunidade estudantil estranxeira incluída na **acción 4.8** do presente Plan.

**Inicio:**  
setembro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Vicerreitoría de Estudantes e Cultura.

**Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:**

Centro de Formación de Persoal, Área de Deportes da USC, Oficina de Proxección Internacional, Oficina de Mobilidade e Oficina de Captación Internacional.

**Indicadores:**

- ▶ Actividades de reforzo da interculturalidade para o estudantado.

## LIÑA ESTRATÉXICA 5

### Reforzo da internacionalización na casa



#### Acción 5.5

#### Desenvolvemento de proxectos de telecolaboración entre estudantado e profesorado propio e estranxeiro

##### Descrición da acción

As imposicións derivadas dunha sociedade cada vez máis globalizada, cun especial impacto no ámbito educativo, unido aos progresivos avances nas tecnoloxías dixitais, abren a porta a novos retos e posibilidades nas universidades. O fomento da cooperación en liña ao servizo do intercambio de coñecemento e da excelencia na aprendizaxe é unha das oportunidades que as institucións de educación superior non poden deixar pasar se optan a manterse como actores relevantes no escenario internacional. A formalización de colaboracións a través de programas financiados con cargo a fondos internacionais representa a principal vía para o establecemento de lazos entre as institucións de educación superior. Non obstante, a colaboración entre estudantado e profesorado local e estranxeiro non debe limitarse á existencia de programas con financiamento específico, senón que debe nutrirse da iniciativa propia

como incentivo para establecer lazos transnacionais e interculturais. Por iso, é imprescindible fomentar a iniciativa do PDI para a posta en marcha de proxectos de telecolaboración que inicien ou dean continuidade a unha relación académica previa e contribúan a enriquecer os coñecementos e habilidades interculturais e lingüísticas de ambos os dous colectivos, persoal docente e estudantado. Para este fin, fomentárase a realización de accións de telecolaboración nas que participen conxuntamente profesorado e estudantado propio e estranxeiro, inicialmente a partir do apoio ás accións COIL (*Collaborative Online International Learning*) desenvolvidas na **acción 4.5** do presente Plan. Como acción complementaria, prevese a creación dun premio para aquelas iniciativas de telecolaboración promovidas durante cada curso académico que acrediten un maior impacto. ■

**Inicio:**  
setembro 2024

**Fin:**  
decembro 2026

**Unidades / Áreas / Servizos Responsables:**  
Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e Centro de Formación de Persoal.

##### Unidades / Áreas / Servizos Colaboradores:

Oficina de Proxección Internacional, centros docentes e PDI que promova ou participe nas accións descritas.

##### Indicadores:

- ▶ Iniciativas de telecolaboración.
- ▶ Premio a iniciativas de telecolaboración.

## 6

# Coordinación e seguimento do Plan de Internacionalización 2024-2026



O Plan de Internacionalización que aquí se presenta actuará non só como folla de ruta da actividade de internacionalización que a USC desenvolverá durante o período 2024-2026, senón tamén como elemento aglutinador dos esforzos que toda a comunidade universitaria investirá na súa execución. Esta confluencia de esforzos pon de relevo a necesidade de asegurar unha adecuada coordinación e seguimento da execución do Plan, mediante un proceso colaborativo e de supervisión que se canalizará a través das seguintes estruturas:

### Comisión Executiva

Estará presidida pola vicerreitora de Titulacións e Internacionalización e integrada por representantes do persoal responsable ou vencellado á execución das accións propostas no Plan. A Comisión Executiva reunirse cunha periodicidade mensual coa finalidade de exercer unha supervisión continuada da realización das distintas accións contidas no Plan, garantindo que a súa execución se adecúe ao calendario previsto e propoñendo, de non ser así, os axustes e medidas correctoras pertinentes que aseguren a consecución dos obxectivos establecidos coas mínimas marxes de alteración posibles. A organización das reunións preverase por consenso dos seus membros, establecéndose un calendario provisional delas a partir da data de inicio da primeira das accións contidas no Plan.

### Comisión de Seguimento

Estará presidida pola vicerreitora de Titulacións e Internacionalización e integrada por representantes das oficinas da área de internacionalización da USC e da Comisión de Internacionalización delegada do Claustro, así como responsables doutras áreas, unidades e servizos involucrados no desenvolvemento das accións. A Comisión de Seguimento reunirse con periodicidade semestral, previa convocatoria por parte da vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, quen dará conta, en coordinación coa Oficina de Proxección Internacional, das actuacións realizadas ata a data da reunión e daquelas incidencias detectadas, no caso de que se producisen. A acta da reunión recollerá as achegas, comentarios e recomendacións dos membros da Comisión, como contribucións para a mellora do proceso de execución do Plan e das accións que nel se describen. A Comisión de Seguimento será tamén a encargada de avaliar a consecución dos indicadores recollidos no Anexo III a finais do ano 2025, así como o cumprimento das accións asociadas ás cinco liñas estratéxicas unha vez concluído o período de implementación do Plan.

Cómpre mencionar aquí que a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario establece no seu artigo 24 que o goberno, en colaboración coas comunidades autónomas e as universidades, aprobará a Estratexia de Internacionalización do Sistema Universitario, instando ás universidades a elaboraren as súas propias estratexias ou plans de internacionalización, tomando en consideración os obxectivos establecidos na Estratexia. A implantación destes plans e o seu nivel de cumprimento constituirán criterios para o financiamento por obxectivos definido no artigo 56 da propia Lei. Coa finalidade de garantir a adecuación do Plan de Internacionalización 2024-2026 da USC ás directrices que se establezan no momento en que se aprobe a Estratexia de Internacionalización do Sistema Universitario, a Comisión de Seguimento activará un mecanismo de revisión do texto do presente Plan, efectuando as propostas de modificación e mellora que se consideren pertinentes. ■

## 7

# Anexo I: Composición do grupo de traballo para a elaboración do borrador do Plan de Internacionalización 2024-2026



María José López Couso	Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización
Belén Méndez Naya	Adxunta á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para Internacionalización
Antonio González Mosquera	Adxunto á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para Calidade
María Pilar Martínez García	Vicexerenta Xeral Técnica
Carlos Toural Bran	Director do Gabinete do Reitor
Emilio Martínez Rivas	Director da Área de Promoción e Estratexia Científica
Marta Otero Crespo	Directora da Área Académica
María Isabel Vaquero Quintela	Directora do Centro de Formación de Persoal
Juan Jesús Lamas Alvariño	Xefe do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica
Sonia Cordido Méndez	Xefa da Oficina de Proxección Internacional
Enrique José López Veloso	Xefe da Oficina de Mobilidade
Soledad Rey Rodríguez	Xefa de Sección de Oferta e Programas de Estudo
Marina Buján Prevot	Técnica da Oficina de Captación Internacional



## 8

# Anexo II: Composición da Comisión de Internacionalización delegada do Claustro Universitario



SECTOR AO QUE REPRESENTA <sup>13</sup>	NOME E APELIDOS
Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización	María José López Couso
Sector I. Profesorado Doutor con vinculación permanente	Roberto Bande Ramudo
	Ramón Ángel Bouzas Lorenzo
	Rosa Marta Gómez Pato
	Massimo Lazzari
	Adolfo Paz Silva
	M <sup>a</sup> José Sampedro Vizcaya
	M <sup>a</sup> del Carmen Sánchez Carreira
Sector III. Estudiantes	Julio Nóvoa Fernández
Sector IV. Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos	Alba Cachafeiro Requeijo
	Martín Cacheiro Martínez
	Juan Jesús Lamas Alvariño

<sup>13</sup> Ademais dos membros consignados na táboa, a Comisión de Internacionalización delegada do Claustro inclúe tres postos para o Sector II (Restantes categorías do PDI) e dous postos adicionais para o Sector III (Estudiantes), que están vacantes no momento de elaborar o Plan.

## 9

# Anexo III: Indicadores para a obtención de financiamento adicional condicionado



INDICADOR 1	Definición	Mobilidade entrante de estudantado en titulacións de grao
	Cálculo	Número de estudantes entrantes de grao procedentes de todos os programas de mobilidade internacional por curso académico
	Meta	Incrementar un 10% con relación ao curso 2022-2023

INDICADOR 2	Definición	Mobilidade saínte de estudantado de grao por convenio bilateral
	Cálculo	Número de estudantes de grao saíntes por convenio bilateral por curso académico
	Meta	Incrementar un 15% con relación ao curso 2022-2023

INDICADOR 3	Definición	Mobilidade entrante e saínte de estudantado en titulacións de máster
	Cálculo	Número de estudantes de máster entrantes e saíntes por curso académico
	Meta	Incrementar un 15% con relación ao curso 2022-2023

INDICADOR 4	Definición	Mobilidade entrante e saínte de estudantado en programas de doutoramento
	Cálculo	Número de estudantes de máster entrantes e saíntes por curso académico
	Meta	Incrementar un 15% con relación ao curso 2022-2023

INDICADOR 5	Definición	Mobilidade de PDI entrante e saínte
	Cálculo	Número de PDI entrante e saínte por curso académico
	Meta	Incrementar un 15% con relación ao curso 2022-2023

INDICADOR 6	Definición	Mobilidade de PTXAS entrante e saínte
	Cálculo	Número de PTXAS entrante e saínte por curso académico
	Meta	Incrementar un 15% con relación ao curso 2022-2023

<b>INDICADOR 7</b>	<b>Definición</b>	Organización de <i>Blended Intensive Programmes</i> (BIP)
	<b>Cálculo</b>	Número de BIP organizados por curso académico
	<b>Meta</b>	2 BIP nos cursos académicos 2023-2024 e 2024-2025

<b>INDICADOR 8</b>	<b>Definición</b>	Participación en <i>Blended Intensive Programmes</i> (BIP)
	<b>Cálculo</b>	Número de BIP coa USC como participante por curso académico
	<b>Meta</b>	4 BIP nos cursos académicos 2023-2024 e 2024-2025

<b>INDICADOR 9</b>	<b>Definición</b>	Estudiantado internacional con matrícula ordinaria
	<b>Cálculo</b>	Número de estudantes internacionais matriculados/as por curso académico
	<b>Meta</b>	Alcanzar un 7% sobre o total de estudiantado matriculado no curso 2024-2025

<b>INDICADOR 10</b>	<b>Definición</b>	Investigadores/as estranxeiros/as visitantes
	<b>Cálculo</b>	Número de investigadores/as visitantes nos anos 2024 e 2025
	<b>Meta</b>	Incrementar un 10% con relación ao ano 2023

<b>INDICADOR 11</b>	<b>Definición</b>	Oferta docente en linguas estranxeiras
	<b>Cálculo</b>	Número de materias ofertadas en linguas estranxeiras
	<b>Meta</b>	Alcanzar un 6% sobre o total de materias impartidas por curso académico

<b>INDICADOR 12</b>	<b>Definición</b>	Titulacións conxuntas e dobres titulacións internacionais
	<b>Cálculo</b>	Número de titulacións conxuntas e dobres titulacións internacionais tramitadas nos anos 2024 e 2025
	<b>Meta</b>	Iniciar os trámites para a implementación de 1 titulación conxunta ou dobre titulación internacional nos anos 2024 e 2025

<b>INDICADOR 13</b>	<b>Definición</b>	Acordos para teses en cotutela
	<b>Cálculo</b>	Número de acordos asinados para a realización de teses en cotutela nos anos 2024 e 2025
	<b>Meta</b>	Incrementar un 20% con relación ao ano 2023

<b>INDICADOR 14</b>	<b>Definición</b>	Teses con Mención de Doutoramento Internacional
	<b>Cálculo</b>	Número de teses con Mención de Doutoramento Internacional nos anos 2024 e 2025
	<b>Meta</b>	Alcanzar o 40% das teses de doutoramento defendidas nos anos 2024 e 2025

<b>INDICADOR 15</b>	<b>Definición</b>	Proxectos internacionais nos ámbitos da investigación, a innovación educativa e a cooperación territorial
	<b>Cálculo</b>	Número de proxectos captados pola USC con data de inicio nos anos 2024 e 2025
	<b>Meta</b>	Incrementar un 15% con relación ao ano 2023

<b>INDICADOR 16</b>	<b>Definición</b>	Proxectos promovidos no marco do consorcio EUniWell
	<b>Cálculo</b>	Número de proxectos promovidos nos anos 2024 e 2025
	<b>Meta</b>	4 proxectos nos anos 2024 e 2025

<b>INDICADOR 17</b>	<b>Definición</b>	Actividades institucionais e/ou académicas do consorcio EUniWell celebradas na USC
	<b>Cálculo</b>	Número de actividades celebradas nos anos 2024 e 2025
	<b>Meta</b>	5 actividades nos anos 2024 e 2025

<b>INDICADOR 18</b>	<b>Definición</b>	Actividades COIL e de telecolaboración
	<b>Cálculo</b>	Número de actividades nos anos 2024 e 2025
	<b>Meta</b>	4 actividades nos anos 2024 e 2025

# 10

## Anexo IV: Índice de táboas e gráficas

### Índice de táboas

<b>Táboa 1.</b> Participación da USC en feiras e eventos internacionais no período 2018-2023.	17
<b>Táboa 2.</b> Organización da mobilidade na USC por programa e colectivo destinatario.	21
<b>Táboa 3.</b> Estrutura da mobilidade na USC por fluxo e colectivo destinatario.	22
<b>Táboa 4.</b> Mobilidade Erasmus+ KA131 para estudos de grao, máster e doutoramento no período 2018-2023.	22
<b>Táboa 5.</b> Mobilidade saínte Erasmus+ KA131 de prácticas, PDI e PTXAS no período 2018-2023.	23
<b>Táboa 6.</b> Mobilidade Erasmus+ KA171 no período 2018-2023.	24
<b>Táboa 7.</b> Mobilidade do programa IACOBUS no período 2018-2023.	28
<b>Táboa 8.</b> Estudantado estranxeiro matriculado na USC no período 2018-2023.	33
<b>Táboa 9.</b> Estudantado estranxeiro matriculado na USC por nivel académico no período 2018-2023.	34
<b>Táboa 10.</b> Porcentaxe de docencia en lingua inglesa nas titulacións de grao (curso 2022-2023). Datos extraídos dos Plans de Ordenación Docente. Fonte: Servizo de Normalización Lingüística da USC.	39
<b>Táboa 11.</b> Porcentaxe de docencia en lingua inglesa nas titulacións de máster (curso 2022-2023). Datos extraídos dos Plans de Ordenación Docente. Fonte: Servizo de Normalización Lingüística da USC.	40
<b>Táboa 12.</b> Proxectos Horizonte 2020 e Horizonte Europa correspondentes aos períodos de programación 2014-2020 e 2021-2027 iniciados a partir do ano 2018.	46
<b>Táboa 13.</b> Proxectos Erasmus+ correspondentes aos períodos de programación 2014-2020 e 2021-2027 iniciados a partir do ano 2018.	47
<b>Táboa 14.</b> Proxectos Interreg correspondentes ao período de programación 2014-2020 e 2021-2027 iniciados a partir do ano 2018.	48
<b>Táboa 15.</b> Análise DAFO.	52

### Índice de gráficas

<b>Gráfica 1.</b> Mobilidade de estudantado por convenio bilateral no período 2018-2023.	26
<b>Gráfica 2.</b> Mobilidade de PDI entrante do Programa xeral de mobilidade da USC no período 2018-2023.	27
<b>Gráfica 3.</b> Estadías de estudantado internacional de doutoramento entrante na USC no período 2018-2023. Fonte: EDIUS.	29
<b>Gráfica 4.</b> Estadías de estudantado internacional de doutoramento saínte na USC no período 2018-2023. Fonte: EDIUS.	29
<b>Gráfica 5.</b> PDI estranxeiro incorporado á USC no período 2018-2023.	35
<b>Gráfica 6.</b> Principais países de procedencia de PDI estranxeiro na USC no período 2018-2023.	36
<b>Gráfica 7.</b> Persoal investigador estranxeiro visitante no período 2018-2023. Fonte: Rexistro de Investigadores/as Visitantes da USC.	36
<b>Gráfica 8.</b> Consultas atendidas e expedientes tramitados no Centro Galego Euraxess no período 2018-2023.	37
<b>Gráfica 9.</b> Usos lingüísticos na docencia da USC (curso 2022-2023). Datos extraídos dos Plans de Ordenación Docente. Fonte: Servizo de Normalización Lingüística da USC.	38
<b>Gráfica 10.</b> Acordos de teses en cotutela asinados no período 2018-2023.	42
<b>Gráfica 11.</b> Teses con Mención de Doutoramento Internacional defendidas no período 2018-2023.	43

